



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 42

Sesión Plenaria
4 de outubro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 16667, 10/DEBA-000001)

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica que don Luis Manuel Álvarez Martínez (S) xustificou a súa inasistencia. (Páx. 4.)

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 4.)

Suspéndese a sesión ás once e corenta e dous minutos da mañá e retómase ás catro e seis minutos da tarde.

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 31.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 42.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 52.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 65.)

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 76.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 90.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 94.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 96.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 100.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 104.)

Antes de suspender a sesión, o señor presidente informa sobre os procedementos relativos á presentación das propostas de resolución subseguintes ao debate e anuncia que a sesión se retomará o venres día 6 ás once da mañá. (Páx. 113.)

Suspéndese a sesión ás nove e dez minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

(Pausa.)

Bos días outra vez.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 184, polo cal non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia o deputado don Luis Manuel Álvarez Martínez.

E entramos na orde do día, punto único.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente do Parlamento; deputadas e deputados do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista de Galicia, de En Marea e do Partido Popular de Galicia; autoridades que nos honran coa súa presenza na tribuna; galegos e galegas:

«Ser fiel ao meu mandato como presidente da Xunta, observar e facer cumprir a Constitución e o Estatuto de autonomía e as demais leis de Galicia e do Estado, e exercitar as miñas funcións no interese supremo e exclusivo de Galicia e de España», prometino e reitero a miña promesa, hoxe e cada día. E ningún presidente autonómico pode obviar ou esquecer o significado destas palabras, en ningún momento e por ningunha causa. Eu traballo por Galicia, e sempre o farei, coa honra e coas obrigas que implican este compromiso, recollido no artigo 20 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, e que pronunciei por terceira vez hai pouco menos dun ano.

Con esta promesa moi presente comparezo hoxe aquí. Esta é a sétima ocasión en que abro como presidente un debate sobre o estado da nosa Autonomía, que hoxe ten un horizonte moito mellor que en calquera dos anos anteriores. O estado social e económico da nosa Autonomía é obxectivamente mellor que no primeiro debate da primeira lexislatura, no ano 2010, ou que no primeiro debate da segunda, no ano 2013. Existen problemas, demandas e tamén novos retos por alcanzar, pero podemos afirmar que o arranque desta lexislatura foi o mellor para os galegos dende o inicio da crise e dende que estou ao seu servizo como presidente.

Por esa certeza de ter contribuído a unha Galicia mellor e referendado pola maioría absoluta que o pobo galego nos outorgou o pasado ano, poderíase concluír que este é un debate menos difícil para o meu Goberno, menos difícil para min e menos difícil para o partido maioritario da Cámara. Pero, ¿saben, señorías? Dóeme Cataluña. Porque Galicia é España, e en consecuencia o que ocorre no conxunto de España aféctalle a Galicia. E porque Cataluña é España, en consecuencia o que ocorre en Cataluña sentímolo tamén en Galicia. (*Aplausos.*) Por iso, eu sinto que ningún outro debate neste hemiciclo se celebrou en momentos políticos tan infustos. Porque se ben é certo que houbo outros ataques ao noso Estado de dereito con anterioridade, nunca antes se producira algo tan lamentable como que os golpistas fosen políticos e que ademais forzas políticas supostamente democráticas fosen ambiguas no seu rexeitamento ou mesmo obstaculizasen o xeito de afrontalo.

Defender a convivencia é imprescindible. Eu fágoo sen paliativos nin peros de ningún tipo, e pídolles pactar unha proposta de resolución neste sentido. Pero tamén creo que, por si só, isto é insuficiente. Cómpre tamén seguir predicando co exemplo para que a nosa xente se sinta tranquila coa nosa postura ante o novo dilema sobre o que estamos obrigados a pronunciarnos.

A democracia é votar, e facelo con garantías, en liberdade, baixo o amparo legal e nunha convocatoria imparcial, pero tamén é respectar o que se vota, como a Constitución, os estatutos de autonomía e as leis que nos demos cos votos. O contrario non é democracia. E nesa disxuntiva, democracia si ou democracia non, en Galicia está clara a nosa resposta: en Galicia si, en Galicia democracia si. (*Aplausos.*) E subscribo por iso cada unha das palabras que dixo Súa Maxestade El-Rei como xefe de Estado na súa locución onte pola noite.

Se reproducín o compromiso ao que me obrigan a Constitución e o Estatuto nada máis comezar a miña intervención —e non esquezan que todos vostedes, señoras e señores deputados, fixeron tamén en termos semellantes para poder sentar no escano que ocupan— é porque ninguén, absolutamente ninguén, se pode crer co dereito de romper, e moito menos unilateralmente, as guías de convivencia que como pobo nos demos cando as votamos. Do contrario, o resultado alcanzado nas urnas sería unha mera pantomima que se acepta cando convén, pero que se pode burlar se non interesa. Por certo, xustamente ese é un comportamento recorrente nos réximes ditatoriais, como tamén cociñar votacións á marxe da democracia coa única garantía de que gañará o que máis interese a quen as convoca.

Señorías, mentres nós gobernemos, en Galicia nin se van cometer nin se van avalar os disparates que estamos a ver durante todos estes días. (*Aplausos.*) Señorías, non se van cometer. Nin eu como presidente o propiciarei nin Galicia o permitiría. Con toda lóxica, as galegas e os galegos que cumpren as leis todos os días, e que acatan as sancións cando as vulneran, agardan que os seus representantes fagamos o mesmo. Logo, nin imos cometer disparates nin os imos avalar. Primeiro, porque non queremos que se sinta orfa a Cataluña aberta e pacífica que tampouco deixou só os milleiros de galegos que emigraron a Cataluña —hoxe viven alí máis de 71.000 galegos nados aquí en Galicia, ademais dos seus fillos e dos seus netos—. E segundo, porque —como logo explicarei detidamente— falar do futuro de Cataluña é falar tamén do noso futuro.

Señorías, a democracia converteuse en algo consubstancial ao noso país, por moito que lles pese a aqueles que aínda defenden o totalitarismo do século pasado ou as novas correntes

xurdidas neste século XXI. A democracia galega, como no conxunto de España, ten o seu primeiro alicerce na Constitución, que reconece e garante a nosa condición de cidadáns libres e de pobo libre. Tanto a liberdade individual dos galegos como a colectiva quedan preservadas contra todo intento de cerceala.

A diferenza do sucedido noutros períodos da historia de España, os dereitos básicos non quedan a expensas do Goberno de cada momento, senón que se consagran como un común denominador das forzas políticas democráticas. Nese catálogo de disposicións básicas que se blindan diante de veleidades e vicisitudes está a estrutura autonómica do Estado e, polo tanto, está o autogoberno de Galicia.

O Estatuto que desenvolve a nosa autonomía é o segundo alicerce da casa común que protexe a democracia galega. Emana da Constitución e, como ela, foi elaborado e ratificado polos galegos.

A Galicia democrática que hoxe escoita este debate é filla dese Estatuto e filla desa Constitución. E, en consecuencia, o ataque á Constitución por parte do independentismo é un ataque directo á democracia galega. O desacato reiterado ao Tribunal Constitucional, aos tribunais e xuíces ordinarios e aos órganos consultivos é un desafío á democracia galega. Tentar mudar pola forza o sistema autonómico do que nós tamén formamos parte é un asalto contra Galicia.

A subversión das normas que este Parlamento comparte con outras cámaras autonómicas é un desafío ao parlamentarismo en xeral e, consecuentemente, ao parlamentarismo galego. Cando se «pisotean os dereitos» dos cataláns tamén se atropelan os dereitos dos galegos.

É doado entender, por tanto, que a crise aberta de maneira unilateral por algunhas autoridades catalás non é algo alleo a este debate que iniciamos. De consumarse unha ruptura mediante procedementos antidemocráticos, mediante procedementos golpistas, o Estado no seu conxunto quedaría danado, a estabilidade alterada, a convivencia viciada, a economía afectada, e o noso país non estaría á marxe das consecuencias. Por iso, defendemos todas as medidas que sexan necesarias para garantir que iso non vai pasar.

Tampouco podemos ser alleos ás reflexións políticas que produce este episodio tan lamentable, nin ás respostas que se lle dean dende diferentes ámbitos institucionais.

O Estado das autonomías tamén é noso. Subliñar que ese Estado que se impugna pola forza é un Estado democrático pode parecer superfluo, pero non o é. Nas peores artes da propaganda, adóitase dicir que «unha mentira mil veces repetida convértese en verdade». Desgraciadamente, foron máis de mil as veces que se ten cualificado o Estado democrático do que formamos parte os galegos como un Estado «represor» ou Estado «autoritario». Esta é unha das peores mentiras que se poidan escoitar nun país como o noso que sufriu as consecuencias dunha ditadura, e non hai tanto tempo.

Por iso, non está de máis que nesta sede reiteremos que a España da que formamos parte é unha democracia plena homologable ás mellores democracias do mundo. Non vivimos nun

réxime opresor que manexa ao seu antollo supostas colonias; vivimos, señorías, nunha democracia plena. (*Aplausos.*) Vivimos, señorías, nunha democracia e a insurrección do independentismo non se produce contra unha ditadura, senón contra unha democracia; non se fai por métodos democráticos, senón vulnerando todos os métodos democráticos; non se leva adiante con respecto ao discrepante, senón condenándoo á condición de parlamentario ou cidadán de segunda categoría.

Trátase, como reza o manifesto asinado por persoeiros que se presentaban como de esquerda, dunha «estafa antidemocrática». A primeira estafada é Cataluña, pero tamén todos os demais territorios de España, e, polo tanto, Galicia. Así pois, ¿en que lado, señoras e señores deputados, debe situarse un democrata galego?

Porque hai debates nos que non convén a ambigüidade: ou se avala que se cuestionen as decisións dos xuíces ou se condena; ou se avala o incumprimento da lei ou se condena; ou se avala que se sinalen alcaldes, concelleiros e deputados pola súa ideoloxía ou se condena; ou se avala que se amedrenten as súas familias ou se condena; ou se avala que se intimiden xornalistas ou se condena; ou se avala que se ataque as forzas e corpos de seguridade ou se condena; ou se avala que se predique o supremacismo da metade dun pobo sobre a outra metade ou se condena. Señorías, ou se avala que se utilicen menores cando se están a acometer ilegalidades (*Murmurios.*) ou se condena. Nada, nada, nada do que está a facer nos últimos tempos o independentismo catalán pode inspirar Galicia. Todo, todo, todo nos avergoña. (*Aplausos.*)

Señorías, ¿en que lado debe situarse un democrata galego?, ¿en que lado está este Parlamento? Porque, señorías, se todo isto non lles resulta dabondo, temos que ter moi presente que esa rebelión está inspirada pola xenreira que produce nalgúns colectivos a xustiza solidaria entre os pobos de España. Esta afirmación non é un mero prexuízo. Lembremos que o mesmo Goberno de Cataluña que instiga estas accións ilegais se nega a participar nos debates preparatorios do modelo de financiamento, malia ser esta Comunidade Autónoma a primeira beneficiada do Fondo de Liquidez Autonómica, é dicir, da solidariedade dos galegos e do resto dos españois. Din «non nos escoitan» e ao tempo deixan baleiro o seu espazo para o diálogo.

Non esquezamos, así mesmo, que o slogan «España nos rouba» estivo na orixe da campaña independentista. Dicir España é dicir tamén Galicia, e Galicia, señorías, non rouba a ninguén. A nosa xente conforma un pobo honrado e traballador, e o noso deber é defendelo, e para iso estou aquí. (*Aplausos.*)

Señorías, ¿en que lado debe situarse un democrata galego?, ¿ten que orientarse polos intereses do seu país ou converterse en voceiro en Galicia dunhas accións que van en contra da nosa xente? Eu teño clara a resposta, señorías.

Respecto o traballo xudicial para castigar os delitos evidentes que se están cometendo baixo a escusa do independentismo, e igualmente respecto o traballo político que tamén cómpre facer no asunto catalán. É necesario e, á vista do que está pasando, urxente.

Estou a favor de empregar a política, pero non de que iso signifique dicir amén a todas as reclamacións soberanistas, como parece deducirse dalgunhas intervencións. Iso non refor-

zaría en nada a nosa democracia, nin reforzaría Galicia. E, señorías, un demócrata galego, se o é realmente, está sempre coa democracia e sempre con Galicia. *(Aplausos.)* Por iso quero transmitirllas, señorías, aos galegos que contra a insubmisión, a demagogia e, tristemente tamén, o partidismo que hai detrás dos acontecementos políticos destas últimas semanas, o Goberno galego vai seguir movéndose en todo momento na legalidade, na moderación e no interese xeral. Non hai equidistancia posible entre defender o Estado de dereito e incumprir a lei, nin en defender Galicia ou poñerse do lado daqueles que non pensan en Galicia en absoluto. Agardo contar neste punto co apoio deste Parlamento. De todos os xeitos, por se houberse algún partido nesta Cámara que prefira seguir ancorado na indefinición ou directamente a favor dos independentistas, garanto que Galicia seguirá protexida de quen pretenda danar a nosa democracia. *(Aplausos.)*

Tendo en conta todas as achegas que buscan a concordia que representa o noso pobo, a postura de Galicia non vai estar sometida, nin neste debate nin en ningún outro, á imposición de ningún partido político ao que eu lle deba o meu cargo e o empregue constantemente como moeda de cambio. Señorías, eu só me debo ao meu país, o meu socio de goberno son os galegos e a miña coalición é con Galicia. *(Aplausos.)* Así o quixeron os cidadáns cando expresaron un resultado contundente nas eleccións autonómicas do pasado ano, e este mandato, por suposto, tamén o imos respectar.

Isto cobra grande importancia nos últimos tempos porque moitos dos problemas de desgoberno que estamos a vivir no conxunto de España se explican precisamente polo abuso que exercen algunhas forzas políticas que non son capaces de gañar nas eleccións legais e democráticas. As negociacións dos orzamentos en cidades, en vilas, en comunidades e, como estamos vendo, incluso no Goberno central son un exemplo recorrente disto. Este hemiciclo foi testemuña anos atrás como conselleiros socialistas tiveron que aceptar que todas as decisións estivesen sometidas á última palabra dos nacionalistas.

Igualmente son moitas as voces que sitúan o xerme do problema catalán na dependencia que os sucesivos gobernos nacionais tiveron dos nacionalismos en España. A máis recente, a do Goberno socialista de quen actualmente está á fronte do desafío independentista en Cataluña. E a tiranía dalgunhas minorías queda máis patente que nunca agora, cun Goberno catalán convertido nunha marioneta en mans de partidos abertamente radicais e antisistema que decidiron o quen, o como e o cando de todo o que está a acontecer.

Para evitar eses efectos perversos sigo pensando, e nestes tempos aínda con maior claridade, que dentro das reformas políticas que necesita España se debe traballar para blindar as administracións fronte á chantaxe daqueles partidos que non aceptan o papel que lles outorga a democracia e que actúan pensando que só eles teñen que ser os protagonistas porque o país lles parece secundario. Fago esta proposta dende a lexitimidade que me dá ser o único presidente autonómico de España apoiado por un partido que ten maioría absoluta; ser, por tanto, o único presidente que está á marxe deste problema. Porque Galicia, xa que así o quixeron os galegos, segue a ter a seguridade da súa gobernabilidade durante todos os próximos anos. *(Aplausos.)*

Pero que o problema non o sufra Galicia directamente neste momento non significa que o problema non exista. Por iso defendo manter límites; límites a que un só partido poida de-

cidir o futuro de todos e en todos os asuntos, por suposto, pero tamén límites para que outro partido, e por riba minoritario, sexa quen de poñer diques para que a maioría poida seguir avanzando. Porque, señorías, a negociación é enriquecedora, pero a parálise non.

Afortunadamente, Galicia progresa. Ten neste momento a melloría económica e a unidade social para poder facelo, e ademais conta coa estabilidade política necesaria. En primeiro lugar, porque en Galicia hai un Goberno responsable que cumpre as normas do Estado ao que pertencemos e as normas da autonomía e que, en consecuencia, ten as mans libres para autogobernarse. Por iso mantivemos o autogoberno fronte a outras comunidades na práctica rescatadas. E por iso é impensable que os tres poderes do Estado —o executivo, o lexislativo e o xudicial— se vexan obrigados a reprobarnos e mesmo a intervir as nosas contas. E en segundo lugar, porque en Galicia hai un Goberno dedicado a xestionar a realidade, non a emendar o pasado ou a elucubrar sobre o futuro dende a falacia.

O efecto máis claro disto é que lles poida anunciar algo que non debería de ser *noticioso*, pero que na España de hoxe certamente o é. A diferenza de tantas cidades e concellos galegos, e a diferenza tamén dalgunhas comunidades autónomas, e a diferenza das dificultades que está pasando o Goberno central, Galicia volverá ter presuposto o próximo ano cando e como corresponde, en tempo e forma. (*Aplausos.*) Para calquera Goberno é importante ter no momento axeitado unha folla de ruta onde determinar as prioridades de cada exercicio, pero se cadra máis nun 2018 en que a Xunta terá a maior marxe de actuación presupostaria dende o inicio da crise por catro motivos básicos:

O primeiro, porque o crecemento económico e de recadación tradúcese nun maior nivel de recursos, e a previsión é contar con preto de cincocentos millóns de euros máis que no ano 2017.

O segundo, por un mellor aproveitamento dos fondos europeos. Neste primeiro ano xa fomos capaces de deseñar un novo sistema de xestión acorde ás exixencias da Unión, que permitiu converternos na Comunidade con máis operacións aprobadas. Representan o 23 % do total do Feder programado ata o 2020, cinco veces máis que a media das rexións europeas.

O terceiro, porque ser a Comunidade que menos aumentou a débeda nos últimos anos permítenos que xa a finais deste ano vexamos reducida a ratio débeda/PIB en 2018 aínda con máis intensidade, é dicir, que teremos menos gastos financeiros.

E o cuarto, ser unha Comunidade cumpridora, pois cumprimos co obxectivo de déficit no ano 2016, cumprimos outra vez neste ano e asegúrolles que volveremos cumprir o próximo, fixo que o Goberno central crease un mecanismo de financiamento específico a custo practicamente cero, que xa nos permitiu un aforro de 346 millóns de euros dende o ano 2015 e aos que se sumarán outros 80 millóns de euros no ano 2018.

En suma, máis recursos que terán o seguinte destino: menos impostos, máis axudas ás familias, unha importante ampliación da atención á dependencia, máis investimentos na sanidade pública, máis recursos para a innovación e máis medidas para o fomento do emprego. (*Aplausos.*)

Señorías, o progreso do noso país e o benestar da nosa xente seguen a ser os nosos principais cometidos. É a base do programa electoral que avalaron a maioría dos galegos e é o eixo do meu discurso de investidura. Cumprímolo neste primeiro ano de lexislatura e ímoloo seguir cumprindo. Quero subliñalo porque resulta tremendamente inxusto que os mesmos cidadáns que sufriron, afrontaron e están superando unha crise económica histórica vexan aberta agora unha crise institucional sen precedentes.

O único logro certo dos soberanistas é conseguir que en España se fale máis deles que da xente que está no paro, que da xente que ten contratos precarios, que da xente que ten dificultades en chegar a fin de mes. ¿Non lles parece lamentable que se teñan dedicado máis esforzos aos independentistas que á xente que ten dificultades económicas? A min si, e reitero o meu compromiso de que a inestabilidade doutras administracións non se traslade a Galicia. Os galegos e as galegas non están na busca da autodeterminación, nin moito menos se moven na insubmisión. Ao que se dedican basicamente é a loitar todos os días por un mellor futuro para eles e para os seus, e merecen contar con todos nós neste momento.

Presenteime ás eleccións para que Galicia seguise sendo unha comunidade estable, para que Galicia funcionase con racionalidade como fan os galegos. O meu pobo segue tendo todo o meu compromiso e o seu Goberno ten o compromiso ineludible de cumprir.

Señorías, sen caer nos erros dun optimismo desmedido, o contexto élle a Galicia máis favorable. A recuperación consolídase cun crecemento superior ao 3 % nos últimos tres anos e coa previsión do 2,7 % para o próximo 2018. Avanzamos tamén na converxencia coa Eurozona: 2,8 puntos nos dous últimos anos, e o pasado 2016 logrouse o maior nivel de converxencia coa media estatal: 89,1 %. A mellora económica tamén se reflicte na recadación: o pasado ano a dos principais impostos de Galicia aumentou un 3,2 %, máis que a media nacional, e este ano a evolución tamén está sendo positiva. E, loxicamente, isto ten unha recuperación directa no obxectivo fundamental do noso país: a creación de emprego, que é constante dende hai máis de tres anos. Non en van, os últimos datos de paro rexistrado que coñecemos onte mesmo confirmaban esta tendencia: 10.279 persoas desempregadas menos que hai un ano, 19.373 afiliados máis que hai un ano, e seguen presentando tamén un mellor comportamento colectivos prioritarios como os mozos, as mulleres e os parados de longa duración.

A situación actual, por tanto, permítenos manter o obxectivo que fixamos a este respecto no Plan estratéxico 2015-2020, e que asumín hai un ano no discurso de investidura, que non é outro que reducir a taxa de paro no redor do dez por cento a finais da lexislatura. Para contribuír a isto, saben que estamos desenvolvendo a Axenda 20 para o emprego, que só neste 2017 supuxo activar máis de cen millóns de euros en programas de apoio para preto de vinte mil persoas desempregadas máis e máis de vinte e dous millóns para mellorar a formación doutras 12.000 que están traballando.

Formación á carta deseñada polas propias empresas, axudas de ata 7.000 euros para incentivar a contratación dos mozos, o Plan de emprego feminino, accións específicas para promover o emprego no rural, no naval, na automoción... son exemplos dunha batería de medidas que se viron reforzadas con máis recursos neste primeiro ano de lexislatura e que nos permitiron chegar a quen máis o precisa e onde máis se necesita.

O noso compromiso é continuar nesta liña, e gustaríame destacarlles dúas próximas decisións: a reforma dos obradoiros de emprego e a reforma do Servizo Público de Emprego. A reforma dos obradoiros de emprego para que teñan unha vinculación máis real co tecido produtivo das comarcas onde se realizan. E tamén a reforma do Servizo Público de Emprego tanto para reforzar o número de orientadores como para revisar os métodos e lograr unha maior eficacia.

Pola súa importancia no noso tecido laboral, neste punto quixera tamén referirme especificamente aos autónomos. Saben que elaborar unha folla de ruta para este colectivo foi unha das prioridades que nos marcamos o pasado ano. Pois ben, a Xunta está cumprindo. A Estratexia de apoio aos autónomos galegos está en marcha para que esta sexa a Comunidade coas maiores facilidades para ser autónomo, grazas a medidas como a ampliación da tarifa plana de 50 euros, a creación do Bono autonómico de 3.000 euros ou a ampliación en seis semanas adicionais da bonificación para conciliar polo nacemento dun fillo, e abríndoa tamén aos pais. (*Aplausos.*)

Señorías, este tipo de medidas son básicas para a realidade laboral que é conxuntural neste momento. Pero seguimos tendo claro que deben estar acompañadas necesariamente dun compromiso a longo prazo, que prepare as próximas xeracións e tamén as actuais para as demandas que xa teñen os sectores produtivos e tamén terán mañá. Facelo é inevitable tendo en conta, por exemplo, que, segundo os últimos informes, de aquí ao 2030 a economía española incrementará en dous millóns de postos de traballo vinculados á automatización e á dixitalización. Na miña investidura, dixen que Galicia non pode quedar atrás neste reto e creo que se están a dar pasos importantes.

A preparación comeza, loxicamente, dende o momento en que un rapaz ou unha rapaza entra na escola pública, mais hai outros tres ámbitos aos que tamén atinxe e nos que seguimos traballando nesta lexislatura:

Primeiro, a formación profesional. Como resultado da ampliación de prazas —un 47 % máis que no ano 2009— e da aposta xeneralizada pola formación profesional dual, hoxe estes estudos xa teñen maior demanda que os estudos universitarios e, o máis importante, a empregabilidade na formación profesional está no redor do 80%. Debemos perseverar e, con ese fin, anúnciolles que imos impulsar o primeiro campus dedicado exclusivamente á formación profesional en Galicia, (*Aplausos.*) no que varios centros punteiros de FP compartirán un espazo onde se fomentará a innovación e o nacemento de novas empresas.

Segundo, a universidade. É fundamental o traballo que xa iniciaron as tres universidades para trazar un novo Mapa de titulacións, adaptado ás demandas profesionais e á especialización dos campus; algo no que Galicia é pioneira e que merece un recoñecemento expreso aos equipos reitorais. A maiores, tamén lles anuncio a próxima elaboración do Programa de excelencia universitaria, que incluírá, por exemplo, graos en inglés por primeira vez, bolsas para os alumnos con maior rendemento ou accións para mellorar a posición das universidades galegas nas clasificacións internacionais.

A formación profesional, a universidade e tamén a formación das persoas que xa están actualmente no mercado laboral; este é o terceiro pilar. Neste caso, temos o compromiso de

desenvolver un plan de adaptación dos perfís profesionais á nova industria, é dicir, aumentar a súa capacitación en materias como a Industria 4.0 e a innovación.

Señorías, é unha obriga que os traballadores de hoxe e do futuro se adapten ás necesidades do tecido produtivo, pero neste punto gustaríame deixar constancia tamén da necesidade de que esta afirmación sexa recíproca. As empresas tamén deben adaptarse aos seus traballadores. Fago esta afirmación coa lexitimidade que creo que nos dá o de aplicala nas nosas políticas de emprego público, coa intensidade que nos permitiu cada momento. No día de hoxe, máis de oito mil empregados públicos contan coas vantaxes da flexibilidade horaria e do teletraballo. Dende o ano 2009, máis de seis mil oitocentos empregados públicos víronse beneficiados polos concursos de traslados.

E, como lles solicitamos un esforzo importantísimo durante a recesión, estamos intentando devolver a mellora económica. Por iso, fomos unha das primeiras comunidades en repoñer os días adicionais de descanso e libre disposición. E, por iso, os empregados públicos de Galicia xa comezaron a recuperar o seu nivel adquisitivo, cunha suba media de soldos de 1.400 euros por traballador no último ano.

E, por iso, temos o compromiso de garantir nesta lexislatura o emprego público, e coa maior estabilidade posible. Así, anunciolles que ata o ano 2020 levaremos a cabo unha oferta pública de emprego sen precedentes: 14.000 novas prazas de oferta pública de emprego. Novos postos de traballo que situarán a taxa de temporalidade de emprego público no redor do 5-7 %, é dicir, en termos de práctica estabilidade.

Na mesma liña en que practicamos isto no ámbito público, insisto —e así llelo transmitín aos representantes da patronal— en que a mellora do emprego, que xa é unha realidade, debe seguir medíndose en cantidade, pero tamén en calidade, no conxunto de Galicia; é dicir, en melloras salariais e mellores condicións para os galegos que traballan en empresas que xa levan en beneficios nos últimos anos. En mellores salarios porque é xusto que os empregados reciban parte dos réditos que están xerando tamén co seu esforzo, derivados da mellora na produtividade dos sectores económicos onde traballan. E en mellores condicións, a través de facilidades para conciliar e da revisión dos horarios de traballo, porque este segue a ser un dos principais hándicaps da realidade laboral en Galicia e en España. E, por certo, non esquezamos que tanto os salarios como a conciliación terían seguramente o maior impacto na tarefa de asegurar a viabilidade do sistema de pensións. *(Aplausos.)*

Señorías, se podemos falar nestes termos, se podemos optar con claridade por políticas máis expansivas, é porque, como lles dixen dende o inicio, a situación económica permite facelo. Déixenme poñerlles algúns exemplos:

No mar —un sector que no ano 2009 perdía peso no PIB e emprego— rexístrase un crecemento superior ao da economía galega no seu conxunto. De feito, o valor das vendas de peixe e marisco fresco acadou en 2016 a maior cifra dos últimos vinte anos.

No agro, no que levamos de 2017, as afiliacións subiron en máis de tres mil trescentas persoas, un 8 % máis, e o último ano Galicia foi a Comunidade na que máis subiu o prezo do leite, un 11,4 %.

Na industria, de ter sectores que semellaban esmorecer, como o naval ou a automoción, estamos recuperando niveis de actividade previos á crise. Os datos máis recentes falan dun aumento da produción industrial do 4,7 % no último ano, e a entrada de novos pedidos na industria medrou un 9,1 % neste ano.

E do sector servizos, de rexistrar caídas de ata o 13,8 % en febreiro do ano 2009, levamos máis de tres anos en positivo, case dous anos evolucionando por riba da media, e con incrementos acumulados este ano no redor do 9 %.

Todas estas afirmacións, por suposto, admiten matices, pero non caben negativas a que nos últimos anos se puxo de manifesto unha capacidade de superación do pobo galego que é innegable. Avanzamos cando había as maiores dificultades, e agora que se reduciron notablemente podemos e debemos facelo con maior intensidade. É o que propuxemos no programa electoral, é o que apoiaron os galegos cunha maioría excepcional e é o que estamos a facer.

Por tanto, con responsabilidade, loxicamente, para non volver atrás, manteño os obxectivos cos que me comprometín hai un ano no ámbito económico, e nos que durante estes primeiros doce meses avanzamos. Refírome a que esta sexa a lexislatura dos sectores primarios, a que cada vez máis emprendedores embarquen na innovación e que Galicia siga ampliando a súa presenza e influencia no ámbito internacional. (*Aplausos.*)

Señorías, se Galicia pode seguir fiando boa parte do seu futuro económico aos sectores primarios é porque manteñen intacta a súa principal fortaleza para competir no mercado. A capacidade dos traballadores de obter o mellor rendemento dos nosos recursos naturais fai que a calidade dos produtos do rural e do mar siga a ser incuestionable. Precisamente por esa razón, no primeiro ano de lexislatura reforzamos a aposta por transformar e comercializar os produtos galegos coa calidade como marca, convencidos de que dentro de Galicia, no conxunto de España e tamén no eido internacional se compite cada vez máis a través da diferenciación.

O Plan de conserva Horizonte 2020 recentemente aprobado co sector, e o compromiso de facelo tamén no sector do conxelado; novas indicacións xeográficas protexidas como Vaca e Boi de Galicia ou Pan Galego; a promoción de marcas de calidade consolidadas como Pesca-DeRías ou leite de Galega 100 %; ou o apoio ás exportacións do sector vitivinícola, que medraron un 68,5 % nas últimas cinco campañas; todo isto son algúns exemplos salientables dun camiño polo que queremos seguir.

De feito, confírmolles que xa estamos deseñando dous instrumentos destacados: o Plan de promoción da calidade agroalimentaria e o Plan estratéxico da produción ecolóxica. O Plan de promoción da calidade agroalimentaria, para que Galicia siga na vangarda dos produtos de excelencia, con máis indicacións xeográficas protexidas, con máis produtores e máis industrias implicadas, e con máis instrumentos para loitar contra a competencia desleal neste ámbito. E o segundo instrumento, o Plan estratéxico de produción ecolóxica, un sector de grande importancia para Galicia, con posibilidades de crecemento e cunha notable presenza de mulleres e mocidade, e que, polo tanto, precisa dun impulso normativo, económico e fiscal.

Señorías, este esforzo no último elo da cadea non nos fai esquecer nunca que o principal apoio debe ser para os galegos que xeran estes produtos do rural ou do mar. Especialmente neste último sector, o do mar, o primeiro ano de goberno resultou bastante frutífero para que hoxe teña, por exemplo, máis recursos: o novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca puxo á disposición case cincocentos millóns de euros ata o ano 2020; máis cotas para a nosa frota: un 20 % máis na última repartición; máis zonas de marisqueo, xa que continuamos a recuperación de zonas improdutivas, con máis de oito millóns de metros cadrados recuperados dende o ano 2009; máis posibilidades de desenvolvemento do litoral: somos a Comunidade máis avanzada no apoio aos grupos que traballan por abrir novas vías de riqueza no litoral. E a todo isto, aváncolles que se sumará tamén unha maior simplificación das normas para facer máis sinxela a súa consulta e aplicación.

Con todo, os retos máis relevantes do sector do mar que afrontamos neste tempo, e que aínda non se pecharon, resolveranse no ámbito europeo. Refírome á eliminación da normativa dos descartes e ao impacto do *Brexit*. En ambos os dous estamos traballando da man do sector, e espero que tamén co apoio de todos os grupos parlamentarios; apoiándonos nos expertos, aos que lles quero agradecer o seu labor; e buscando aliados que contribúan á defensa dos nosos intereses. Eu mesmo trasladei as nosas demandas en Bruxelas e o vindeiro mes terei oportunidade de volvelo facer participando na Conferencia sobre o *Brexit* organizada polas Rexións Marítimas da Unión, que terá lugar en Cardiff. Señorías, ante o *Brexit*, procuraremos que Galicia estea máis presente que nunca en Europa. (*Aplausos.*)

Ocupámonos tamén de seguir facilitando novas oportunidades no agro. E isto pasa, lóxicamente, por perseverar nas tres liñas de actuación que trazamos nos últimos anos:

A primeira, perseverar no obxectivo dun medio rural con servizos semellantes aos que xa hai nos ámbitos urbanos. Por iso, estamos apoiando a instalación de conexións tecnolóxicas de ata 350 megas para as empresas situadas en zonas illadas; ou por iso temos en marcha un Plan de camiños rurais, que xa nos permitiu melloras en 1.800 quilómetros en 295 concellos.

En segundo lugar, perseverar na mellor organización da terra, que é unha tarefa que leva tempo, por suposto, pero na que xa avanzamos e na que estamos comprometidos a seguir avanzando. Manteño o compromiso de que nesta lexislatura se dea o maior impulso á reestruturación parcelaria, co obxectivo de que todos —digo: «todos»— os procesos de concentración abertos ata o momento estean pechados no ano 2020. Isto suporá pechar 130 expedientes, isto suporá ordenar 116.000 hectáreas e isto suporá entregar os títulos de propiedade a 92.000 familias galegas.

Igualmente, manteño o compromiso de que este esforzo para mellorar a ordenación se estenda ao ámbito forestal, apostando polas agrupacións de propietarios para a xestión conxunta dos montes; unha figura na cal observamos un interese crecente e que facilitaremos nos próximos meses. En segundo lugar, mellorando os equipamentos das zonas de pastoreo extensivo, sobre todo nas provincias de Pontevedra e Ourense; e tamén completando a revisión do Plan forestal, que xa iniciamos neste primeiro ano co ánimo de fixar obxectivos claros dos aproveitamentos dos montes para as dúas ou tres décadas próximas.

Así pois, no agro tentamos mellores servizos, mellor organización e, sobre todo, maiores facilidades para vivir do rural e no rural. Adiantar os pagos da PAC, reforzar as axudas para os mozos que desenvolvan un proxecto no agro ou para a remuda xeracional nas explotacións teñen ese obxectivo. Pero saben, señorías, que máis aló de apoios puntuais, a nosa política económica no rural é ambiciosa, na miña opinión das máis ambiciosas que houbo en Galicia. E pese a iso, xa lles digo que non é suficiente.

Díxenlles hai un ano que toda a sociedade, empezando polo Goberno, tiña que comprometerse neste eido. Estámolo facendo e por iso anúnciolles que o vindeiro ano volveremos reforzar o Plan de impostos cero no rural. Dende o ano 2016 hai impostos cero para calquera persoa que merque, amplíe ou permute unha parcela; non o hai en ningún outro lugar de España. Dende este ano 2017, impostos cero para os mozos, as familias numerosas ou as persoas con discapacidade que adquiren unha vivenda no rural. Pois ben, o próximo 2018 aprobaremos unha nova redución fiscal —que logo lles concretarei— para aqueles investimentos que xeren algunha actividade económica no rural. E tamén melloras na fiscalidade para os investimentos ligados ás sociedades de xestión forestal. É dicir, por terceiro ano consecutivo, quen aposte polo rural pagará menos impostos. *(Aplausos.)*

Señorías, hai un ano presenteilles tamén a necesidade de avanzar con maior intensidade no camiño da innovación; en todos os sectores, e con carácter especial na industria. Son consciente —e así o dixen— de que nos últimos anos a maioría dos emprendedores centraron o seu esforzo en sobrevivir. Na Xunta sabémolo ben porque nas últimas lexislaturas outorgáronse máis avais e préstamos que en toda a historia da Comunidade Autónoma, e aínda segue a haber unha alta demanda dos distintos programas de financiamento que temos á disposición. O programa de financiamento Galicia 1000, por exemplo, prevé chegar este ano a tres mil pequenas e medianas empresas.

Con todo, tamén neste punto a situación é máis esperanzadora. As alianzas producidas nas cooperativas lácteas e os novos proxectos de transformación no sector lácteo fan prever un maior valor engadido nesta industria. O liderado forestal segue sendo unha realidade, e agardamos que a mantelo contribúa a Axencia de Industria Forestal, que dende a próxima semana estará aprobada como comprometín hai un ano. A puxanza do sector téxtil demostra o incremento das exportacións nun 12 % nos sete primeiros meses do ano. Recuperouse a carga de traballo nos estaleiros do naval galego, onde volvemos ser líderes en números de contratos este ano. Na automoción, os novos encargos conseguidos pola planta de PSA en Vigo suporán investimentos de 3.000 millóns de euros e carga de traballo para os próximos dez anos. E fomos quen de abrírnos a novos e punteiros sectores como a aeronáutica, que avanza da man do polo tecnolóxico de Rozas en Lugo.

Temos, por tanto, un presente económico máis estable, que nos permite poder afrontar con máis determinación o mundo que vén. E iso pasa por incorporar a innovación ao día a día das empresas. A vontade existe e o compromiso da Administración tamén. De feito, Galicia é a quinta Comunidade onde máis creceu o investimento privado en I+D+i entre os anos 2013 e 2015. E neste mesmo período, Galicia foi a segunda Comunidade con maior incremento de gasto público. A intención da Xunta é afondar con máis intensidade neste camiño, e, de feito, o presuposto de innovación será un dos que máis medre dentro da Consellería de Economía.

Non se trata dunha decisión puntual, senón dunha decisión consecuenta. É a continuación lóxica do traballo que levamos facendo nos últimos anos para que, do mesmo xeito que Galicia xa se asocia con calidade, poida cada vez máis ser asociada con innovación.

Neste último ano, ao abeiro da Estratexia de especialización intelixente RIS3, afondamos nas tres liñas de actuación xa coñecidas por vostedes: a primeira, potenciar Galicia como unha das sedes de I+D+i; a segunda, fomentar a innovación nas empresas; e a terceira, recuperar e rescatar o talento.

Potenciar Galicia como unha das sedes de I+D+i comprometémolo e cumprímolo. A nosa Comunidade está sendo quen de atraer a Galicia proxectos pioneiros das grandes multinacionais. O Programa de unidades mixtas de innovación atraeu xa a vinte e catro empresas que están a colaborar cos nosos centros de coñecemento para impulsar proxectos de vanguardia, sermos máis competitivos e xerar empregos máis cualificados. Sectores como o enerxético, o alimentario, o naval ou a automoción son algúns dos beneficiados, e tamén o biosanitario, por certo. Galicia converterase na sede da primeira incubadora de España dedicada á investigación para descubrir novos fármacos.

A segunda liña é a actuación para fomentar a innovación nas empresas, comprometémolo e cumprímolo. A Industria 4.0 é unha realidade para moitas empresas galegas, e xa unha referencia para que se coñeza como fábrica do futuro. A través da Axenda Industria 4.0 logramos mobilizar 343 millóns de euros, chegar a 4.200 empresas e xerar 11.500 novos postos de traballo na industria. E nos vindeiros meses imos redobrar esta aposta, e é así. Ademais de renovar as convocatorias xa en funcionamento, como a que permitiu a Citroën ou a Televisión reforzar a conversión cara á fábrica intelixente, reforzaremos a Rede de aceleradoras cun programa de proxectos aeroespaciais en Lugo, ao carón de Rozas, e poñeremos á disposición novos mecanismos de financiamento neste ámbito, como o Programa de instrumentos financeiros innovadores, que aprobaremos esta semana, cun investimento inicial de 60 millóns de euros para emprendedores que se animen a modernizar os seus procesos.

E a terceira liña da nosa aposta pola innovación, sen dúbida, é o talento, e comprometémolo e cumprímolo. Galicia ten e manterá abertas varias liñas de apoio para que os nosos investigadores queden ou volvan a Galicia exercer a súa carreira. Ademais de recursos seguiremos completando a especialización das universidades, na que levamos inmersos hai varios anos. Así, seguimos comprometidos co liderado que exercen o Campus do Mar en Vigo e o Campus Vida de Santiago, de excelencia internacional, e fortalecerémolos. No caso do Campus do Mar, a través das instalacións do Berbés e da ETEA, e no Campus Vida, cunha nova Facultade de Medicina e Enfermería referente para toda Galicia.

Ademais, fomos pioneiros á hora de apostar pola especialización dos campus non centrais. O resultado é o Campus Terra de Lugo, o Campus Auga de Ourense, o Campus Industrial de Ferrol. E seguiremos por este camiño, por exemplo, o Campus Innova e o Campus de Sustentabilidade da Coruña, e o Campus Crea de Pontevedra.

Señorías, o apoio aos sectores primarios e á innovación súmanse á internacionalización, onde, sen ningunha dúbida, temos moito camiño andado. Despois de que os anos 2013, 2014

e 2015 foran os anos de maior exportación da nosa historia, no ano 2016 volvemos bater o récord histórico de exportacións, con vendas ao exterior por un importe de 20.000 millóns de euros. E os datos dos primeiros sete meses, nos que as exportacións neste ano 2017 medraron un 9,3 %, anímannos a pensar que este ano 2017 volveremos a resultados récord. (Aplausos.)

Señorías, o Goberno galego apoia e seguirá apoiando as empresas galegas para que os seus produtos estean cada vez máis presentes no mundo. Facémolo cando defendemos os intereses dos galegos en debates como as negociacións do Brexit ou cando participamos e presidimos os instrumentos de carácter supranacional, como é a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. E facémolo tamén cando acompañamos os emprendedores nos destinos con máis posibilidades. A última ocasión na que tiven oportunidade de facelo foi na visita a China —a segunda potencia mundial por PIB— o pasado mes de xuño. E seguiremolo facendo sempre que poidamos, para que Galicia estea no mundo, señorías, e tamén para que o mundo estea en Galicia. En relación con isto último e nas últimas semanas, este Parlamento deu luz verde á tramitación dunha lei, que na nosa opinión terá unha importancia capital: a Lei de implantación empresarial. (Aplausos.)

Nos últimos anos demos pasos de gran relevancia para facilitar os investimentos en Galicia; eliminouse con carácter xeral a obriga de licenza previa; aprobamos incentivos fiscais para os emprendedores; abaratamos e flexibilizamos o acceso ao solo industrial, ata o punto de que nos últimos dous anos vendemos o 37 % do total do solo dispoñible en Galicia, é dicir, adxudicamos máis dun millón de metros cadrados. Fixemos unha aposta sen precedentes pola tecnoloxía, primeiro, logrando que todos os galegos teñamos acceso á banda larga e, agora, traballando para que o fagan tamén con velocidades máis altas; por exemplo, a finais deste ano que vén, o 93 % da superficie ocupada dos polígonos contará con Internet cunha calidade de máis de 350 megas. E, igualmente, destinamos máis recursos ás infraestruturas enerxéticas, continuando a desenvolver o concurso eólico, a Estratexia de biomasa ou o Plan de gasificación de Galicia, que segue o seu rumbo para que a finais da lexislatura o 82 % dos cidadáns e das empresas conten con acceso a gas natural. Neste eido, anúnciolles que tamén desenvolveremos traballos para introducir o gas natural no transporte pesado de mercadorías por estrada.

Con todo, son consciente de que Galicia debe reforzar a súa posición, fundamentalmente pola competencia que exerce a nosa contorna, e moi especialmente o norte de Portugal.

A Lei de implantación empresarial nace coa vocación de non igualarnos rebaixando os salarios. Non queremos que Galicia se converta nun país *low cost*. Proponemos competir con máis facilidades e máis incentivos para os investidores, mantendo as garantías ambientais, sectoriais e urbanísticas. De feito, ademais da maior aposta feita nunca pola Xunta para eliminar trabas administrativas e desenvolver polígonos á carta, que se axeiten ás necesidades das empresas e non ao revés, a norma incluírá tamén incentivos aos municipios que axuden, os municipios que reduzan os seus impostos no seu termo municipal, os municipios que reduzan para os novos investimentos o imposto de bens inmobles, o imposto de actividades económicas, o imposto sobre construcións e instalacións e obras e as taxas de apertura. E a iso sumaremos tamén o compromiso de eximir do imposto de actos xurídicos documentados a todas aquelas transaccións de solo empresarial que se realicen por parte das administracións

a partir do 1 de xaneiro do 2018. (*Aplausos.*) En consecuencia, calquera empresa que merque unha parcela nun polígono industrial en Galicia non pagará o imposto de transaccións, o imposto de actos xurídicos documentados a partir desa data. Porque captar investimento é unha prioridade de país na que todos somos necesarios. Por iso, temos que facer un esforzo conxunto, tanto dende a fiscalidade dos tributos autonómicos como dende a fiscalidade dos tributos locais.

Señorías, seguimos abertos a tentar lograr unha Lei de implantación empresarial de consenso. Con este ánimo traballamos cos concellos, cos axentes sociais, cos grupos parlamentarios nos últimos días, e así continuaremos ata completar a tramitación da normativa. Agardo que consigamos algún acordo.

Señorías, na economía do futuro da que estamos a falar, hai dous fitos que nos convocan para os próximos anos, que terán unha grande incidencia para Galicia e que, polo tanto, debemos abordar tamén conxunta e convenientemente. Eses dous fitos na nosa opinión son o próximo Ano Xacobeo e a culminación dos treitos pendentes da velocidade ferroviaria.

Con respecto ao Xacobeo 2021, creo que non é exaxerado afirmar que estamos a falar dunha das grandes oportunidades desta lexislatura. Malia que a data formal sexa na seguinte, o traballo témolo que facer dende xa, para recoller os froitos non só chegado ese ano —que xa non sería pouco—, senón tamén para recoller os froitos canto antes. O próximo Ano Santo chega no mellor contexto, tanto pola evolución económica xeral como polo crecemento do turismo galego.

Galicia recibe máis visitantes que nunca e veñen dende máis sitios que nunca. E como somos un pobo acolledor e hospitalario, hónrannos coa súa presenza, porque, señorías, aquí si, aquí son benvidos. (*Aplausos.*)

Neste pasado verán, señorías, nalgúns partes de España —en Galicia, por sorte, residualmente— asistimos con bochorno a varios episodios dun fenómeno que se deu en chamar turismofobia. Estou convencido de que a maioría do noso pobo non se recoñece neses comportamentos, e por iso pídolles expresamente o seu apoio para que o rexeitemos de forma clara neste Parlamento.

A nosa vocación é traballar para apuntalar e ampliar estas cifras récord de turismo, e por iso o Goberno segue tomando decisións. Elaboramos unha Estratexia de turismo co sector para reforzar a nosa posición como destino turístico tranquilo e de calidade. Continuamos a impulsar o aproveitamento da riqueza termal de Galicia, ou promovemos activamente a nosa riqueza natural. Por iso, pido o apoio de todos os grupos para lograr que Cíes-Illas Atlánticas e a Ribeira Sacra sexan declaradas ‘patrimonio da humanidade’, que aos moitos argumentos que xa temos para acadalo se engada tamén a unidade política.

Pero, como lles dicía, a principal oportunidade turística e en consecuencia económica que temos é o Xacobeo, que culminará en 2021, pero que comezará a percibirse xa ao longo do próximo ano. Estamos poñendo a punto os camiños de Santiago a través das actuacións previstas no Plan director, así como traballando na conservación dos bens de interese cultural

do Camiño e na rehabilitación da súa meta: a catedral de Santiago. Igualmente, imos mellorar a promoción, non só de cara ao gran momento do ano 2021, senón de cara a fitos concretos, como o programa «O son do Camiño», que se celebrará xa o próximo ano 2018. E preparando tamén a organización coa próxima posta en marcha da Comisión interdepartamental para a preparación do Xacobeo.

Non pode volver repetirse a situación do ano 2009, cando aínda non había nada feito para o Xacobeo do ano 2010. O Xacobeo 2021 debe ser o escaparate da Galicia que somos: un pobo organizado, un pobo coidadoso, un pobo innovador, un pobo dinámico e un pobo acolledor.

Señorías, o segundo gran fito ao que nos convoca o final da década é o remate da alta velocidade ferroviaria, e esta debe ser a lexislatura na que se complete o AVE a Galicia. É un deber do Goberno facelo e é unha responsabilidade da oposición non bloquealo, e é unha exixencia de Galicia a uns e outros. Hai avances que teñen reflexo nos tempos de conexión, xa se reducion a catro horas e media o ano pasado, e a previsión é quedar por debaixo de catro horas o próximo ano, pero hai que chegar ao obxectivo final. E o obxectivo é que o AVE á Meseta funcione a finais do ano 2019 e que siga avanzando nas conexións internas comprometidas: o AVE a Lugo, o AVE Ourense-Vigo, a variante de Ourense e a mellora da conexión con Ferrol.

Tivemos que aturar retrasos de máis de oito anos e despois unha nova demora dun ano de parálise política en España. Valoramos a sinceridade, a transparencia e os compromisos pero auditaremos polo miúdo que a Galicia non se lle volva facer perder máis tempo do que levamos perdido.

A entrada da AVE coincide con outros pasos importantes en materia de mobilidade. Relacionado directamente, está o impulso ás estacións intermodais de autobuses e de ferrocarril. Aínda que na Coruña os esforzos por impulsala estanse vendo obstruídos por continuos cambios de criterio do Concello —esperemos que cesen—, na de Vigo, na de Santiago e na de Ourense a tramitación está avanzando. De feito, esta mesma semana en Santiago culminaremos o trámite urbanístico coa súa aprobación no Consello; en Vigo rematamos o trámite ambiental; e en Ourense iniciamos o proceso expropiatorio. Por suposto, estamos traballando para deseñar as estacións intermodais de Pontevedra —xa moi avanzada— e tamén en Lugo e Ferrol.

E, indirectamente, tamén inflúen outras melloras de mobilidade:

O transporte metropolitano, que leva funcionando durante anos en Santiago, A Coruña, Lugo e Ferrol, e na área de Vigo salvo no seu principal concello. E ademais da gratuidade do transporte público metropolitano para os menores de 19 anos nas liñas que dependen da Xunta —e sigo pedindo que se estenda tamén ás liñas urbanas nos concellos—, neste ano comezaremos a reforma do transporte público, que xa se traduciu en aforros para os galegos de ata o 80 % no importe do billete.

Igualmente, tamén continuaremos a traballar na Rede galega de autovías; por suposto, insistindo na seguridade. Nesta lexislatura imos actuar en todos os tramos de concentración de accidentes de Galicia para reducir a sinistralidade e faremos un especial esforzo para protexer a vida dos ciclistas.

Tamén con novas estradas. Pero, señorías, dende o ano 2009 Galicia dispón dun 66 % máis de quilómetros de vías de alta capacidade. Un 80 % dos galegos vivimos xa a menos de quince minutos dunha delas. E para chegar ao cen por cento estamos avanzando en treitos relevantes como a autovía do Morrazo, na que os dous primeiros treitos entrarán en servizo na primeira metade do ano que vén e na que xa se iniciaron as obras do último; a autovía da Costa da Morte, onde estamos redactando o proxecto da prolongación ata Vimianzo; a continuación da autovía Santiago-A Estrada, para o que este mesmo ano iniciaremos as expropiacións; a autovía da Costa Norte, onde este mesmo ano puxemos á disposición o treito Celeiro-San Cibrao e traballamos nun novo deseño para a variante de Viveiro e facela de verdade; a conversión da autovía entre Lugo e Sarria, redactando xa o proxecto para o treito A Pobra de San Xiao-Sarria; e a conexión entre a autovía de Ourense e San Cibrao das Viñas, que licitaremos este ano 2017.

Igualmente, demandaremos avances, por suposto, a Fomento para rematar a autovías importantes, como Santiago-Lugo, na que xa se impulsaron os dous últimos treitos que permiten tela en obras ou executada, ou a circunvalación de Pontevedra, ou a autovía Lugo-Ourense, ademais de impulsar eixos como o corredor da Mariña, que non nos esquecemos nin renunciaremos a que a Administración do Estado cumpra os seus compromisos.

En definitiva, unha Galicia conectada con mellores condicións, conectada con máis oportunidades. (*Aplausos.*)

O crecemento de Galicia é unha boa noticia económica, pero asegúrolles que tamén é unha boa noticia social. Porque, grazas a el, hoxe podo dicirlles que o Goberno galego ten marxe de actuación para seguir baixando impostos e para seguir mellorando os servizos públicos. Tal e como cremos que temos que facer, tal e como o podemos facer, tal e como o facemos.

Baixar impostos estivo na nosa axenda mesmo nos momentos máis complicados da recesión económica. Algunhas comunidades están a seguir agora o noso exemplo, adoptando agora as reducións fiscais das que os galegos levamos algún tempo desfrutando. Dende o ano 2009, os galegos pagamos case mil millóns de euros menos en impostos grazas ás rebaixas fiscais que aprobamos ou que mantivemos durante todos estes anos.

Galicia seguirá estando á vangarda de España no que se refire a baixadas de impostos. E neste sentido trasládolles o meu compromiso de manter e ampliar os incentivos fiscais o próximo ano: manter a exención do imposto de sucesións ao 99 % dos galegos, manter o IRPF entre os máis baixos de España para as rendas medias e baixas, manter o Plan de desgravacións para as familias con fillos, manter o Plan de impostos cero no rural e ampliar todo isto con catro novas rebaixas fiscais que incluiremos nos orzamentos da Xunta para o próximo ano. Estou a falar dun programa de deducións que permitirá:

En primeiro lugar, pagar menos impostos —tanto o imposto da renda como o imposto do patrimonio— a aquelas persoas que invistan en terras e bens rústicos que se atopen desaproveitadas e, deste xeito, dinamicen a actividade no noso agro.

Segundo, pagar menos impostos —tanto de IRPF como de patrimonio— daquelas persoas que invistan nunha sociedade de xestión forestal.

Terceiro, pagar menos impostos —xa hai deducións en IRPF e ampliaremos as de patrimonio— para persoas que invistan na rehabilitación de inmobles de cascos históricos ou en actividades económicas neles.

E cuarto, non pagar o imposto de actos xurídicos documentados a quen merque solo industrial das administracións públicas. (*Aplausos.*)

Señorías, os galegos non só non pagarán o imposto de sucesións na súa maioría, non só seguirán tendo un dos impostos da renda máis baixos para as rendas medias e baixas, non só seguirán tendo o Programa de impostos cero no rural, senón que tamén pagarán menos impostos os que invistan o seu patrimonio no agro, no eido forestal, na rehabilitación de cascos históricos ou na compra de solo industrial.

Que Galicia estea xerando cada vez máis emprego e máis crecemento permite que poidamos amplificar as baixadas de impostos dos últimos anos, pero tamén nos permite robustecer outra das liñas fundamentais de actuación deste Goberno. Grazas ao crecemento, Galicia dispón de máis fondos para garantir o benestar das familias.

Algúns de vostedes lévanme escoitado xa en moitos debates sobre o estado da Autonomía. Os que levan aquí dende o ano 2009 poderán percibir con claridade como cambiaron as perspectivas da Comunidade dende entón. Cando chegamos ao goberno atopabamos un contexto económico moi distinto do que temos hoxe en día. Pero en ningún momento renunciámos a manter os servizos públicos e que estes chegasen a máis cidadáns.

Hoxe hai máis galegos e galegas que teñen un hospital público novo ou renovado, ou un novo centro de saúde preto da súa casa que antes da crise. Hoxe hai máis familias que contan cunha praza pública de residencia, de centro de día ou de atención ao alzhéimer que antes da crise. Hoxe hai máis dependentes atendidos que antes da crise. Hoxe hai máis rapazas e rapaces cunha praza pública de escola infantil que antes da crise. Hoxe hai máis nenas e nenos que aprenden idiomas e contan cun ordenador nas aulas do ensino público que antes da crise. Estes son algúns exemplos de que, pese ás dificultades, o Estado de benestar segue en pé en Galicia e se mantivo durante todos estes anos. E iso permítenos agora poder encamiñar a política social non a reconstruír nada, senón a ampliar servizos e infraestruturas con máis intensidade se cabe. (*Aplausos.*)

Señorías, este Goberno tivo que xestionar, ano a ano, unha situación de ata 2.000 millóns de euros menos nos orzamentos que antes da crise. Pero eu quero recoñecer o principal mérito dos avances acadados nos momentos máis complexos, que son os profesionais —os profesionais do ensino público, os profesionais da sanidade pública, os profesionais dos servizos sociais—. Foron estes profesionais os que traballaron para que as familias galegas tivesen mellores servizos públicos que en momentos de bonanza económica. E celebro que ademais poidamos facer ese recoñecemento con feitos.

Xa lles comentei con anterioridade as melloras que impulsamos no eido da función pública e o avance que van supoñer as próximas ofertas públicas de emprego para acadar a práctica estabilidade dos profesionais que sosteñen a educación pública, a sanidade pública, os servizos sociais públicos e a Administración xeral.

Na vocación e o traballo dos mestres e profesores do ensino público pode atoparse unha das mellores explicacións aos resultados educativos que está a rexistrar Galicia nos últimos anos. Galicia reduciu a taxa de abandono escolar dende o 25,8 % no ano 2009 ata o 14,7 % de hoxe, acadando xa o obxectivo que marca Europa para o ano 2020. Galicia ten o ensino máis inclusivo de España, pois o 90 % dos alumnos con necesidades educativas especiais están integrados nas mesmas aulas que o resto de compañeiros. E Galicia ofrece un ensino de maior calidade, como se demostra que no informe PISA esteamos por riba en todos os indicadores da media española e na maioría dos indicadores por riba da media da OCDE.

Queremos que no noso ensino público se dea a mellor das formacións posibles para os gallegos do mañá; nisto inclúese, por suposto, a formación plurilingüe. Un curso máis crece o número de centros plurilingües e de seccións bilingües; dous programas cos cales pais e os profesores se amosan máis satisfeitos. Ademais, por primeira vez, esta aposta polas linguas estranxeiras ampliouse a infantil e ao bacharelato.

Igualmente, para facilitar o coñecemento tecnolóxico, introducimos a Robótica e a Programación no calendario educativo; a finais desta lexislatura, todo o alumnado do ensino obrigatorio terá acceso á formación nestas dúas materias. E, por suposto, imos fomentar o método STEM. Para preparar os nenos do futuro, continuamos estendendo o libro dixital a máis centros de ensino. Puxemos en marcha a adquisición de 20.000 ordenadores portátiles para os próximos dous anos ou a mellora das conexións a Internet en todas as escolas necesarias para os rapaces e os profesores.

Reforzamos o ensino medio pero tamén as alternativas que existen despois de saír do instituto. Ademais do histórico impulso á formación profesional —un 47 % máis de prazas que no ano 2009—, a nosa universidade é a universidade máis accesible de España, e as taxas téñense conxelado todos os anos dende o ano 2009. Galicia é, dende hai anos, a Comunidade Autónoma coas taxas universitarias máis baixas e seguirá nesta posición. Namentres sexa a miña responsabilidade, Galicia terá o prezo mínimo garantido na primeira matrícula das materias de graos universitarios.

Ademais, de cara ao vindeiro curso, Galicia vai seguir reforzando o seu sistema de bolsas para que ninguén quede fóra da universidade por motivos económicos, especialmente aqueles con mellores resultados. Ademais, haberá bolsas de excelencia académica para recomendar economicamente o alumnado con maior esforzo e maior rendemento. *(Aplausos.)*

O outro gran pilar do noso Estado do benestar, sen dúbida, é a sanidade pública, e tamén está a vivir unha época de renovacións e melloras. Durante os anos da recesión económica impulsamos actuacións ambiciosas para renovar as infraestruturas sanitarias e ampliamos os dereitos dos pacientes. Agora, en recuperación, imos consolidar e ampliar esas medidas.

En materia de dereitos, a semana pasada aprobamos definitivamente o decreto que blinda os tempos máximos de espera para máis de cen patoloxías graves. Con isto completamos o desenvolvemento normativo da Lei de garantía das prestacións sanitarias, un texto que aprobamos en plena recesión económica.

Se as estreiteces económicas non nos impediron tampouco construír e equipar senllos hospitais públicos en Vigo e Lugo, nesta lexislatura completaremos a renovación do Mapa de hospitais públicos de Galicia: en Ferrol, estamos preparando a renovación do Arquitecto Marcide e esperamos empezar a obra; na Coruña, está a piques de abrir o novo bloque cirúrxico; en Santiago ampliaremos o Hospital Clínico; en Lugo, dotaremos o barrio da Residencia dun novo centro integral de saúde; en Pontevedra, está desbloqueado o proxecto do Gran Montecelo, que está en marcha; en Vigo, o Álvaro Cunqueiro está funcionando un quirófano híbrido primeiro de España e no Meixoeiro farao antes de final de ano o Laboratorio Central; en Ourense, acabamos de inaugurar e seguiremos coa reforma dos vellos edificios do Complexo Cristal Piñor; na Mariña, está en marcha a ampliación que suporá melloras na hospitalización e aumento da actividade no hospital de día; no Salnés, están inaugurados o novo Servizo de Urgencias, o bloque obstétrico e o bloque cirúrxico, e o novo hospital de día estará funcionando antes de que remate o ano; en Verín, imos mellorar as Urgencias e a área ambulatoria; no Barco, ampliaremos o bloque cirúrxico e a área ambulatoria; en Cee, imos ampliar a Unidade de Diálise; na Barbanza, estamos elaborando o proxecto de reforma das Urgencias; e en Monforte de Lemos, melloraremos a área de ingreso e ambulatoria.

Señorías, ao final da lexislatura todos os galegos e todas as galegas estarán atendidos en hospitais públicos novos ou renovados ou ampliados, mellor equipados e en mellores condicións que cando chegamos ao goberno no ano 2009. E digo: todos. *(Aplausos.)*

A maiores, tamén reforzamos non só os dereitos e as infraestruturas, senón as prestacións, e ímolo seguir facendo baixo o paraugas da Lei de saúde, que ten precisamente iso como principal obxectivo. Por iso cumprimos coas nais e pais galegos co novo calendario de vacinación infantil e creamos ademais o calendario de vacinación para o adulto. E por iso seguimos preparándonos para as realidades máis recorrentes da sanidade pública e para atender as persoas máis vulnerables: os crónicos, os maiores, os enfermos mentais, a infancia e a maternidade.

Temos mellores hospitais públicos e centros de saúde, temos unha tecnoloxía máis completa e máis avanzada, temos máis emprego público e estabilidade, temos novos programas de atención a doenzas como o cancro e o ictus. Co que aínda queda por facer, cos erros que se poidan producir, só na historia hai un momento que supera a situación actual da sanidade pública en Galicia: o futuro que estamos preparando. Porque non nos conformamos e o noso compromiso é inequívoco e permanente. Un compromiso como o que temos coas familias galegas.

Dixemos que Galicia aspiraba a ser o lugar no que máis se apoia a mulleres e homes que deciden ter fillos, e estamos cumprindo coa nosa palabra. Ser nai ou pai en Galicia ten máis apoio en Galicia que nunca antes. Respecto do ano 2009, hai un 80 % máis de prazas de escolas infantís sostidas con fondos públicos. Para as nais e os pais do rural existen as casas niño, cuxas dúas primeiras convocatorias tiveron unha acollida excelente; para as nais e os pais que traballan nun polígono industrial, habilitamos liñas de axudas para abrir garderías nas instalacións; seguen en vigor as medidas do Plan de apoio á natalidade, como a Tarxeta Benvida; e mantemos as deducións fiscais para as familias que teñen fillos.

Señorías, Galicia xa é unha comunidade de referencia en apoio á natalidade, pero xa lles avanzo que será máis. O próximo ano comprometemos tres melloras máis:

A primeira, ampliar a Tarxeta Benvida ata que a nena ou o neno cumpra tres anos naquelas familias con rendas medias.

A segunda, aprobar unha nova bonificación nas taxas das escolas infantís: do 25% para o segundo fillo e do 50% para o terceiro e sucesivos.

E a terceira, os empregados públicos terán á súa disposición unha nova medida de conciliación: un permiso por maternidade aumentado ata as vinte e dúas semanas dende as vinte actuais. *(Aplausos.)*

Señorías, coa ampliación do permiso de maternidade ata as vinte e dúas semanas a Xunta actúa no eido onde ten competencias sobre permisos de maternidade ou paternidade, que é a función pública. En 2015 xa o incrementamos de dezaseis a dezaioito semanas, en 2017 ata as vinte semanas, cun novo permiso parto, e agora damos este paso que converte Galicia na Comunidade Autónoma que máis apoia os empregados públicos que deciden ter fillos.

Isto é importante para as familias que se benefician destas medidas, mais o que queremos con estas decisións é tamén marcar un camiño ás demais administracións, ás institucións e ás empresas de Galicia. A conciliación da vida persoal coa vida familiar e laboral non só depende do Goberno, senón tamén da sensibilización e implicación de todas as administracións e, por suposto, de todas as empresas. Por iso, impulsamos a creación do distintivo «Benvida, familia», que axudará a identificar aqueles establecementos máis adecuados para as familias con cativos.

Do mesmo xeito que unha sociedade que respecta os seus maiores é unha sociedade que se respecta a si mesma, nós respectamos os compromisos adquiridos e por iso iniciamos os trámites para construír sete novas residencias de maiores nas sete cidades galegas, tal e como nos comprometemos. Estas residencias suporán novecentas novas prazas e sumarán, por tanto, novos crecementos aos que xa logrou Galicia nos últimos anos. Señorías, hoxe hai un 47 % máis de prazas públicas para os maiores do que había no ano 2009. *(Aplausos.)* Os maiores que estean nas súas casas teñen ademais á súa disposición outras opcións e volveremos reforzar a teleasistencia, volveremos reforzar o programa Xantar na casa e volveremos incorporar cinco mil novas libranzas.

Señorías, non chegaremos a 60.000 persoas dependentes atendidas en 2020, tal e como prometemos; chegaremos a 60.000 persoas dependentes atendidas a finais do ano 2018. *(Aplausos.)* Señorías, incrementaremos os fondos ao máximo das nosas posibilidades para, se o Goberno tamén cumpre coa súa parte e aproba os presupostos, cumprir co obxectivo de finais de lexislatura na metade da lexislatura. Galicia pasará de 14.000 dependentes atendidos en 2009 a 60.000 dependentes atendidos en 2018, catro veces máis.

A rede de benestar que imos tecendo cada día os galegos debe chegar tamén ás persoas que sofren máis dificultades. As solicitudes da Risga baixaron nos primeiros nove meses do ano, e alegrámonos, un 23 %. Malia isto, o investimento nesta prestación social chegou a estar por primeira vez por riba dos 60 millóns, e xa lles avanzo que o próximo ano volveremos incrementar notablemente as axudas destinadas a este colectivo para facilitar a súa inserción laboral.

Actuamos tamén contra as consecuencias máis graves da pobreza, como o acceso á enerxía, para o que creamos o ticket eléctrico, ou o risco de quedar sen fogar. No que vai de lexislatura puxemos unha vivenda á disposición dunha familia necesitada cada catro días e medio.

Ademais, Galicia dispón dun completo programa de loita contra os desafiuzamentos, que foi loado pola valedora do pobo, con medidas como un bono de alugueiro social mellorado, o programa Reconduce ou o Programa de vivendas baleiras. Solicito unha vez máis que os concellos que aínda non se incorporaron a este programa o fagan; non pola Xunta, senón polas persoas que realmente o necesitan. *(Aplausos.)*

A nosa política de vivenda non remata aquí. Tamén seguiremos apoiando as reformas para mellorar a eficiencia enerxética das vivendas e impulsamos as rehabilitacións que poñan en valor as construcións xa feitas, especialmente nos cascos históricos. Neste eido, este ano estamos tramitando un novo instrumento: a Lei de rehabilitación, coa que daremos cumprimento a un dos nosos compromisos electorais tanto para reducir os trámites como para facilitar o acceso ao financiamento. Entre outras novidades, inclúe: normas de adaptación directa que se poderán empregar nos núcleos históricos para axilizar reformas en cuestións secundarias ou de accesibilidade, ou a posibilidade de expropiar edificios abandonados nos que sexa necesaria unha intervención urxente.

A reactivación da nosa economía permítenos tamén dar un impulso a un servizo público dunha enorme importancia, e sobre todo actualmente, refírome á xustiza. Ademais de seguir avanzando cara ao papelame cero na Administración xudicial, estendemos a todas as cidades os servizos de mediación familiar, e tamén daremos novos pasos de renovación en infraestruturas. Igual que no ano 2013 puxemos en marcha un novo edificio de xulgados en Santiago e no 2015 un novo edificio de xulgados en Ourense, neste último ano puxemos á disposición dos coruñeses o seu novo edificio xudicial e en 2018 prevemos que estea rematado o novo edificio xudicial de Pontevedra, que xa entrou na segunda fase das obras. Obras que tamén serán realidade pronto en Tui, onde o antigo centro de saúde concentrará os novos xulgados, e, por suposto, a nova Cidade da Xustiza de Vigo, que recuperará unha icona da cidade como é o antigo Hospital Xeral e que prevemos rematalo no ano 2019. *(Aplausos.)*

Señorías, a folla de ruta que lles acabo de expoñer demostra que en Galicia se está trazando un camiño, un camiño que aspira a máis progreso e a máis benestar. Ambos os conceptos van unidos porque non é posible unha boa política social sen unha boa política económica. Con todo, esta ecuación non estaría completa se ademais non tivéssemos en conta outros factores que tamén inflúen, e nalgún caso con gran transcendencia.

Tentei ao longo desta intervención facer referencia a varios deles, convencido como estou de que tamén debemos prever e abordar xa hoxe os retos que nos presentará o mañá. Afrontar as consecuencias da evolución demográfica —por exemplo, asegurando o futuro das pensións— é, posiblemente, o máis importante para o medio e o longo prazo. Como o problema non é nin recente nin exclusivo de Galicia, o Goberno galego leva alertando desta cuestión hai tempo, e celebro que tanto a nivel nacional como europeo se estea incorporando ás axendas de traballo prioritario.

Tampouco podemos ser alleos á necesidade de ter un modelo económico máis sustentable. Non só polo endurecemento —axeitado ao noso modo de ver— das exixencias internacionais a nivel medioambiental, senón tamén porque protexer a nosa paisaxe e ordenar mellor o noso territorio significa protexer tamén a nosa identidade.

Queremos consolidar en Galicia unha nova cultura ambiental. Trátase dunha aposta a longo prazo para que Galicia contribúa a mitigar o cambio climático: progresivamente iremos reducindo as emisións de acordo co previsto na Estratexia de cambio climático e co que recollerá a futura Estratexia da economía circular. Ademais, o traballo polo medio ambiente tamén dará froitos a curto prazo, grazas a iniciativas como a futura Lei de residuos e a actual ampliación de Sogama.

Para garantir un crecemento sustentable, a Galicia das vindeiras décadas terá un territorio mellor organizado. Xa demos importantes pasos neste eido, xa que aprobamos a Lei do solo e a desenvolvemos na súa totalidade, e seguiremos avanzando coa futura Lei de ordenación do territorio.

Dende o ano 2009, a poboación galega que reside nun lugar con plan xeral multiplicouse por tres, a pesar da caída do Plan xeral de ordenación urbana de Ourense e de Vigo, pero aínda queda traballo por facer. O plan básico autonómico que presentaremos no primeiro semestre de 2018 servirá como punto de apoio para que todos os concellos de menos de 5.000 habitantes poidan manter e ter un planeamento urbanístico.

Garantiremos tamén que en Galicia non se constrúa á custa de degradar a paisaxe, con ferramentas como as Directrices da paisaxe, a Guía de cores e materiais ou a Lei de patrimonio natural —esta última en tramitación—.

O crecemento económico e urbanístico debe ser compatible co respecto ao medio ambiente. Por iso, entre o ano 2016 e 2017, impulsamos unhas cen obras de saneamento nos concellos galegos, algunhas tan importantes como o saneamento da enseada da Malata en Ferrol, a finalización das obras da depuradora de Vigo, a finalización das obras da depuradora de Ourense, máis en Santiago, máis na ría de Arousa, máis na ría de Pontevedra. Ademais, o novo Plan director de ríos de Galicia guiará a xestión da nosa rica rede fluvial.

Avanzar na ordenación dos recursos hídricos permítenos perfeccionar a resposta ante situacións como a seca que se decretou hai corenta e oito horas en seis zonas de Galicia. A este respecto, quero trasladar unha mensaxe de confianza porque, polo momento, a subministración ás poboacións está garantida, pero tamén a miña preocupación porque, se non hai choivas nos próximos meses, podemos entrar nunha situación crítica.

A Xunta está comprometida con esta situación e, de feito, estamos estudando unha batería de medidas para paliar no posible os efectos da seca, especialmente no agro. Entre outras, primeiro, anticipar as axudas da PAC antes do 1 de decembro e incluíndo situacións excepcionais como o uso de barbeitos para pastoreo; segundo, aprobar axudas para todas as infraestruturas que permitan a subministración de auga ás explotacións; terceiro, reforzar axudas para o refinanciamento de pasivos e apoio a circulante; e cuarto, unha medida que

se suma ás que propón o Goberno central, como a moratoria dun ano no pago da Seguridade Social para os afectados pola seca.

En todo caso, é preciso o máximo compromiso dos cidadáns, pola repercusión que isto xa terá no presente, pero tamén pola Galicia que deixamos para mañá. (*Aplausos.*) Temos que afrontar os retos aos que nos convocan as próximas décadas. E tamén temos que abordar e resolver con máis inmediatez aínda o debate aberto sobre o novo modelo de financiamento autonómico. A súa resolución terá un impacto innegable na nosa capacidade para asegurar e seguir mellorando, e tamén para o benestar das nosas familias. Por iso, señorías, formulo unha pregunta nada retórica: ¿cal é o interese de Galicia no financiamento autonómico?

Pregúntollelo porque o intento de, por prioridade ideolóxica, emular posicionamentos alleos a Galicia lévanos ao absurdo de que en Galicia se defendan postulados que van en contra de Galicia. E aplicando isto ao financiamento estase aplaudindo un movemento que pide, xa non só que o novo modelo reduza o peso das nosas circunstancias demográficas ou dos custos dos servizos derivados da nosa dispersión xeográfica, senón tamén que castigue a nosa capacidade fiscal.

Señorías, imitar o que propoñen outros, ignorando que as realidades e os intereses son discordantes, é un erro no que Galicia non pode caer. (*Aplausos.*) Primeiro, señorías, porque o sistema resultante sería nocivo para Galicia. Ser fiel ao noso país exige loitar para melloralo sen esquecer nunca o que somos. Segundo, porque a insolidariedade que predican algúns é impropia do noso país. Dende logo, resulta sorprendente ter que recordar a estas alturas que todas as persoas en España merecemos os mesmos servizos. E terceiro, porque tampouco é completa a lectura económica que se fai cando se reducen as achegas dos territorios a termos fiscais.

¿Acaso pasamos dende Galicia a factura dos 167.000 millóns que o conxunto de España, e polo tanto os galegos, lles prestamos ás comunidades incumpridoras? ¿Acaso pasamos dende Galicia a factura dos prexuízos económicos que supuxo para Galicia que haxa liñas de AVE funcionando noutros territorios dende hai décadas e que aquí sigamos esperando?

Señorías, todos podemos construír argumentos se pretendemos agrandar as diferenzas e situarnos nos extremos, pero eu négome a aceptar un debate que se enmarque en falsas rivalidades entre comunidades, entre o norte e o sur, entre o leste e o oeste, entre a periferia e o centro, xa sexa por partido, por ideoloxía ou por renda.

En efecto, non todas as comunidades temos a mesma situación en cada momento da historia nin os intereses son idénticos, pero hai principios básicos que deberían ser compartidos por todos. Unha mostra desta afirmación darémola a finais deste mes na reunión que celebraremos os gobernos de Castela e León, Madrid e Galicia. Tres autonomías convencidas de que se pode e de que se debe defender as posturas de cadaquén sen que isto supoña romper coa xustiza solidaria que se consolidou coa democracia en España.

Este encontro ten moito que ver co punto de partida para abordar o financiamento que reclama o representante galego na Comisión de expertos —representante, por certo, aprobado por este Parlamento—, e que se encarga esta comisión de elaborar a proposta para a reno-

vación do sistema. Láíase este profesor, designado —insisto— por este Parlamento, da tendencia dominante nos debates territoriais a esquecer o todo e centrarse exclusivamente nas partes. Cito: «Fronte ao que ocorre na inmensa maioría de países, tamén nos descentralizados e federais, argumentar desde unha perspectiva de conxunto ou española é rapidamente visto como indicativo de prexuízos xacobinos». Non quero que ese prexuízo afecte tamén a posición galega. A Galicia interésalle que as súas aspiracións se recollan dentro dun sistema viable, dentro dun sistema sustentable, pero tamén dentro dun sistema global. Pensar que o Estado é unha realidade allea e abstracta coa que só nos relacionamos para exixir e reclamar é desvirtuar o propio funcionamento do sistema.

Sentada esta idea, defendemos que se recolla o custo efectivo dos servizos, por diante da capacidade teórica fiscal de cada Comunidade.

E defendemos igualmente que se pondere o peso da poboación máis envellecida. Galicia ten un compromiso cos seus maiores, pioneiros, en definitiva, do país que hoxe desfrutamos; pero ese compromiso ten que ter unha plasmación axeitada no financiamento debido aos importantes custos que supón.

En definitiva, as necesidades son semellantes nas distintas comunidades, pero a prestación concreta depende de variables obxectivas constatables. Esa posición leva aparellada a demanda dunha nivelación de todos os servizos.

Señorías, a Galicia cústalle máis prestar os servizos públicos, pero aos galegos non lles pode custar máis recibilos. Non pedimos máis que ninguén, nin máis á custa de ninguén; pedimos igualdade. (*Aplausos.*)

Trátase, señorías, dunha fórmula que aplica unha asimetría de necesidades obxectiva e non de privilexios infundados. Moi distinta na súa formulación daquelas posicións que avogan, de maneira máis ou menos clara, por un status especial para determinadas comunidades.

A Galicia, señorías, interésalle que este debate esencial para o benestar dos nosos cidadáns non se vexa solapado por outros. Por iso, nin acepto que se aproveite a crise xerada polos independentistas como pretexto para desmantelar a descentralización do Estado, nin tampouco que se deixe caer a idea de entregarnos, case sen posibilidade de réplica, aos postulados soberanistas.

Fronte a isto —xa llelo dixen ao comezo—, non hai posibilidade de indefinición. Falsamente, hai forzas políticas que pretenden arrogarse un suposto labor de mediación entre dous supostos extremos, e mesmo simulan dar alternativas. Están os que reclaman día si e día tamén «solucións políticas», que curiosamente non concretan nunca. Tamén hai quen se interna no mero nominalismo, como se chamar a España dun xeito ou outro funcionase como un conxuro que fose resolver a situación ao instante.

Pero, señorías, ¿e despois que? Falemos claro: o que se está a propoñer é de ceder algo —non se aclara que— aos que incumpren as normas e sinalan a todo aquel que non pensa coma eles. Pois ben, señorías, non sei que pretenden os que están dispostos a facelo. Tampouco sei

ata onde poderán chegar nin canto custaría. Pero si lles digo que á custa de Galicia non o farán, non o farán. (*Aplausos.*)

Facilitar que o conxunto dos cidadáns cataláns se sintan cómodos en España é unha tarefa compartida, e aí estará Galicia coa man tendida. Pero o acomodo de quen incumpre a Constitución, o Estatuto e as leis non depende de quen si respecta as normas de convivencia; só depende de que retornen á cordura e á legalidade os que incumpren todo.

«*Tots som esclaus de la llei, perque poguem ser lliures*», todos somos escravos da lei, para que poidamos ser libres. Galicia é libre porque está coa lei. (*Aplausos.*)

Debería non facer falla aclarar nun Parlamento democrático que o único marco posible onde se pode dialogar é dentro do Parlamento, é dicir, dentro da democracia. Debe volver á orde constitucional quen se apartou dela. Aquí hai mulleres e homes que din non crer na Constitución nin no Estatuto, pero prometeron cumprila por imperativo legal. ¿Acaso merece máis esforzo ocupar un escano neste Parlamento que a convivencia de todos os galegos e de todos os españois?

Señorías, non pode haber diferenzas irreconciliables entre os demócratas. De feito, eu creo que non as hai, e algunha mostra da capacidade para acordar nos temas de país deuse recentemente. Un dos mellores exemplos é o Pacto contra a violencia de xénero que nos uniu neste Parlamento e que tamén se ten concretado no Congreso dos Deputados. É un acerto ese camiño, polo que os convido a continuar no futuro para poder incorporar novos instrumentos á loita contra esta lacra.

Para iso, temos precisamente un Protocolo de coordinación interinstitucional, que recolle o mapa de recursos dispoñibles e procedementos de actuación no eido educativo, no eido sanitario, no eido xurídico ou social. Igualmente, pídolles achegas para afondar na igualdade en todos os niveis co I Plan de conciliación e corresponsabilidade, que se aprobará por primeira vez en Galicia nesta lexislatura.

A unidade trae resultados. Aquí tivemos unha posición conxunta, sen a que —estou vencido— Galicia non tería aforrado 400 millóns de euros en peaxes na autoestrada do Atlántico. Manteñámola, porque a diferenza que hai agora respecto a outros momentos, nos que os diferentes gobernos centrais sempre negaron o traspaso da autoestrada, é que agora todo o Parlamento estamos xuntos na reivindicación. Xa demos avances e podemos seguir avanzando; perseveremos.

Ser construtivos é a única política posible para os que pensamos que, respectando as lexítimas posturas de cada partido, todos estamos aquí para servir a nosa xente. Dende a oposición, que tamén ocupei, ou dende o Goberno, elixíronnos aquí para pensar e traballar por Galicia.

Por iso defendo que o noso país teña unha presenza activa, singular e construtiva, que se fundamente nunha pregunta esencial: ¿cal é o interese de Galicia? ¿Cal é o interese de Galicia?, ¿que se produza unha quebra do Estado das autonomías que abra paso a unha balcanización de España? ¿Cal é o interese de Galicia?, ¿que se rompan os mecanismos que

equilibran o modelo territorial?, ¿que se fracture a irmandade entre os pobos de España?, ¿que se esnaquice a convivencia? ¿Cal é o interese de Galicia?, ¿que se lles negue aos galegos o dereito a decidir reformas que melloren a estrutura institucional do Estado? ¿Cal é o interese de Galicia?, ¿que prime a nosa contribución ao progreso e ao benestar do conxunto de España ou a quen, en vez de solucionar dificultades, provoca aínda máis?

Hai que responder e hai que responder como galegos, partindo da nosa realidade, da nosa experiencia e das nosas expectativas como pobo. Responder como galegos é actuar como galegos.

En Galicia defendemos a nosa identidade sen necesidade de enfrontar a xente. Abrímola a quen a queira coñecer e ensinámola orgullosos ao mundo. Por iso estamos avanzando na creación da Memoria dixital de Galicia, que dixitalizará documentos clave da nosa historia para poñelos á disposición de todo o mundo.

En Galicia defendemos a nosa cultura sen necesidade de infravalorar as dos demais. Estamos elaborando co sector cultural de Galicia a Estratexia da cultura, para que, coa boa nova da redución do IVE cultural, reforcemos a súa posición dentro e fóra de Galicia. A isto unimos a boa nova de que o Pergamiño Vindel, unha das xoias da nosa literatura, vaise exhibir por primeira vez a partir do día 10 en Vigo, en Galicia.

En Galicia defendemos o noso idioma sen necesidade de impoñelo; aproveitemos os lazos que nos dá o mundo lusófono, sigamos traballando para garantir un maior uso, sobre todo para os máis novos. Por iso imos presentar o Plan de dinamización lingüística entre a mocidade, para tentar que, ademais de coñecelo máis que nunca —como está acreditado—, tamén o empreguen con máis frecuencia.

En Galicia defendemos a nosa sociedade sen poñela entre a espada e a parede dun debate identitario. (*Aplausos.*) Nós non cremos que a identidade sexa un xogo de suma cero, no que para ser máis galegos haxa que ser menos españois, ou viceversa. Nós defendemos unha Galicia que sexa á vez española e europea, ou o que é o mesmo: unha Galicia xenuinamente galega.

Señorías, Galicia valora a diversidade, aprendeu e aprende doutros pobos aos que respecta, pero non nos cambiamos por ningún outro. Galicia quere seguir sendo Galicia e vai seguir sendo Galicia. (*Aplausos.*)

E por iso, señorías, Galicia non está nin estará ausente nin muda nos debates territoriais, igual que nin estivo nin estará inmóbil ante a realidade económica, e igual que nin estivo nin estará á marxe das dificultades que vivan as mulleres e homes do noso país.

Non temos por que imitar ou envexar ou contemplar con complexo o que sucede noutros lugares, porque o exemplo está aquí. Podemos mirar con orgullo o que fixeron e fan cada día os galegos e as galegas; con orgullo, como nos peores momentos Galicia acreditou unha enorme capacidade de superación; con orgullo, como as galegas e os galegos nos apoiamos os uns aos outros; con orgullo, como as familias galegas se esforzaron para sacar adiante os seus fogares; con orgullo, como nos sentimos profundamente galegos sen caer nas exclusións doutras identidades nin na discriminación a quen se sente diferente; con orgullo, como

antepoñemos o sentimento común e a convivencia ao que nos diferencia, ao que tamén nos fai únicos ou á ideoloxía de cadaquén; con orgullo, como se pode ser tan nacionalidade histórica como calquera outra e abrírnos aos demais.

Señoras e señores deputados, miren para os galegos e as galegas; señoras e señores, miren para Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Suspéndese a sesión ata as dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás once e corenta e dous minutos da mañá e retómase ás catro e seis minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión coa rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Para iso ten a palabra a súa portavoz, dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señoras e señores convidados, deputados e deputadas.

Señor Feijóo, o seu discurso desta mañá, a verdade, é que fai que a calquera demócrata lle salten todas as alarmas vermellas. Fixo un discurso autocompracente, un discurso onde repite as promesas de sempre, as mesmas receitas, as mesmas promesas que levamos escoitando aquí oito anos, e un discurso sen corazón, afastado das dificultades, que pode crerme que son moitas, que forman parte do día a día de miles de galegos. A única novidade que nos presentou foi o seguidismo desa dereita extrema e que se instalou na verdade única que pecha toda porta ao diálogo nun momento crucial no que a solución só pode vir pola democracia.

Esta crise do réxime do 78 aféctanos a todas e todos, e é realmente un momento crucial que abre unha oportunidade para construír un país mellor e para non repetir os erros do pasado. E eu estou convencida de que, nesta encrucillada, a única saída é a democracia, a democracia no seu sentido xenuíno: o goberno do pobo, polo pobo e para o pobo. A democracia é que a cidadanía poida tomar decisións claves en busca dese ben común. Democracia é votar —claro que si—, pero non só unha vez cada catro anos para que logo gobernos como o seu incumpran todo o que prometeron, senón que a democracia é tamén que as persoas poidamos tomar decisións directamente sobre aquelas cuestións que van afectar a nosa vida e tamén a vida dos fillos e a vida das fillas dos nosos fillos.

O que non é democrático é que o Goberno de Rajoy non dialogue, non escoite, que a súa única resposta sexa a violencia de Estado. ¡Iso, señor Feijóo, si que é unha vergoña democrática! Todos e todas puidemos ver esas imaxes, eses vídeos da vergoña que percorreron todo o mundo, vendo como se lles pegaba a persoas por quererem votar. Desde aquí toda a nosa so-

lidariedade co pobo catalán, que está dando unha lección de civismo, de pacifismo e de defensa da democracia. (*Aplausos.*)

Anúnciolle, señor Feijóo, que queremos que este Parlamento condene a violencia, que reclame diálogo e que reclame o dereito das persoas e dos pobos a poderen decidir, porque forma parte tamén das liberdades fundamentais.

Díxonos, señor Feijóo, que lle doe Cataluña. A nós dóenos Galiza, e dóenos ver un presidente que non exerce como tal, que usa este debate para rivalizar coa prensa da caverna madrileña no ataque a Cataluña. Este é un momento, señor Feijóo, para ter altura de miras e practicar a política con maiúsculas. Rajoy leva moito tempo demostrándonos que non está á altura e que é un irresponsábel. Vostede hoxe sumouse a ese club.

E penso que é importante que neste momento fagamos unha lectura correcta do proceso que estamos a vivir. A causa desta crise institucional, desta crise do réxime, non é o referendo. O referendo é un síntoma do cansazo ante a falta de democracia, é un síntoma do cansazo ante o centralismo e o roubo de dereitos.

Durante todos estes anos, aínda que vostedes non o queiran recoñecer, o talón de Aquiles da democracia española é a súa incapacidade para recoñecer que non existe esa *ensoñación* na que levan oitenta anos desa *España, una, grande y libre*, senón que, en realidade, existen nacións, nacións como a galega, a vasca, a catalá, e que a convivencia ten que ser en pé de igualdade, con respecto á existencia deses pobos e non con imposicións e non negando a realidade. (*Aplausos.*)

E, señor Feijóo, eu sinto ter que non darlle a razón no relato que vostede intentou construír hoxe aquí esta mañá. O certo é que nin vostede nin o Partido Popular representan a moderación e a concordia; son vostedes un Goberno de dereita extrema. E xa lle digo que non aceptamos leccións de democracia do Partido Popular. (*Aplausos.*) Non lle aceptamos leccións de democracia a un partido da corrupción, imputado polo seu financiamento ilegal, o partido de Rajoy e os novecentos imputados. Vostedes gábanse de que son moi contundentes na loita contra a corrupción. Xa o vimos, señor Feijóo, o que fixeron cos discos de Bárcenas. A súa contundencia está en como destrúen probas para que non se poida saber que é o que realmente fixeron e que é o que realmente roubaron. (*Aplausos.*)

Aínda que tamén lle teño que dicir que, efectivamente, a corrupción non é unha cousa exclusiva do Partido Popular, que hai unha corrupción deste réxime que afecta empresarios, banqueiros, a Casa Real e a propia xustiza.

Son, señor Feijóo, vostedes os que constitúen un problema para a convivencia. E rompérona cando pactaron co PSOE, nunha tarde de agosto, a reforma da Constitución para poñer os intereses da banca por riba da vida da persoas. Cambian a Constitución —esa que é intocábel— e, como son tan demócratas, *demócratas de toda la vida*, non fan un referendo, non vai ser que a xente non lles dea a razón. (*Aplausos.*)

Vostedes son os que impuxeron unha reforma laboral que está creándolles moitas dificultades aos galegos e as galegas, porque sabe que temos os salarios máis baixos de todo o Es-

tado. E o problema dos galegos e das galegas non é ter alguén que os guíe, que é o que vos-
tede hoxe nos propuxo como solución ao desemprego. Vostedes non só impuxeron unha re-
forma laboral lesiva, senón que tamén unha Lei mordaza para que non poidamos nin
protestar nas rúas. Esa lei, que non ve, non escoita, cando, por exemplo, se fai apoloxía dos
crimes da ditadura, pero que, sen embargo, condena a dous anos de cárcere unha persoa por
poñer por un tuit.

Son vostedes tamén o partido da amnistía fiscal. E fíxense que era tal escándalo, que até o
seu Tribunal Constitucional tivo que declarala ilegal.

E son vostedes os que ameazan a convivencia, poñendo en marcha un plan de exterminio da
lingua galega, cun decreto ilegal, un decreto que o único que quere é que o noso idioma siga
perdendo cada vez máis falantes.

E son vostedes tamén o partido das cloacas do Estado, montando unha policía política, igual
que no franquismo, para elaborar informes falsos e difamar a oposición e os políticos cata-
láns. «*Esto te lo afina la Fiscalía*», ¿lembran? Ese ministro segue sendo agora mesmo deputado
do Partido Popular.

E son vostedes os que ameazan a convivencia, cunha recentralización política que des-
cuartizou o Estatuto, señor Alberto Núñez Feijóo. O Estatuto de Galiza hoxe é papel mo-
llado, porque o seu Goberno deixou, primeiro, que non se desenvolvera, era pequeno e nin
o desenvolveron, e agora mesmo no proceso de recentralización que se viviu con esta crise
ningunha das cousas que se din nese Estatuto se poden desenvolver.

Señor Feijóo, con toda honestidade, vendo cal é o historial do seu partido, e sen entrar nesas
amizades perigosas, nos álbumes de fotos, creo que vostede non pode vir aquí presentarse
como salvador de Galiza e o adaíl da democracia, porque iso é un esperpento digno de Valle
Inclán.

Mire, o noso problema non é que o pobo de Cataluña queira decidir o seu futuro, o noso pro-
blema é a dependencia de Galiza. (*Aplausos*.) O noso problema é un presidente empeñado en
manter unha Galiza dependente do centralismo.

Vostede anda dicindo que se Cataluña toma o camiño da independencia imos arruinarnos,
¿non?; basicamente é a última mensaxe coa que vostede pregoa. Pero o certo, señor Feijóo, é
que os galegos e as galegas onde pagamos os noso impostos é en Madrid. É Madrid quen está
quedando cunha parte importantísima dos impostos que pagamos neste país. Quen aprobou
a Lei da reforma laboral, a Lei mordaza e as amnistías ilegais é o seu Goberno. É o seu Go-
berno quen nos agasalla coas peaxes máis altas, cos salarios máis baixos e con retrasos e
máis retrasos nas infraestruturas do noso país. E foi o seu queridísimo Goberno central quen
empezou cos recortes nas cuestións importantes para a vida da xente; si, nas medicinas, nas
pensións, na escola pública e na dependencia. E todo porque había que salvar a banca.

E mentres esta é a realidade de Galiza, vostede intentando convencernos de que o noso pro-
blema é Cataluña. Non, señor Feijóo, o noso problema é vostede, o noso problema é o cen-

tralismo, o noso problema é un réxime esgotado e caduco. O gran reto que temos como país é rachar precisamente coa dependencia, confiar nas nosas propias forzas e empoderar a Galiza. *(Aplausos.)*

E o preocupante é que vostede leva oito anos pasando olímpicamente de exercer como presidente de Galiza e preferindo ser un fiel recadeiro de Rajoy. E ten que explicarnos —se é que quere ou se é que pode— o porqué desta deixamento de funcións.

Se a vostede non lle importa o ninguneo e os desplantes do seu amado líder, o señor Rajoy, é cousa súa. Pero o que é imperdoábel, o que non lle perdoarán nunca os galegos e as galegas é que permita que desprezen e discriminen este país deste xeito.

E dígolle que o que xa me parece de nota pois é que nos diga que o que podemos esperar de aquí ao 2020 está reflectido no espello deste ano. Mire, permítame que lle amose o que leva pasado este ano. *(A señora Pontón Mondelo ensina varios recortes de prensa ás súas señorías.)* A súa maioría absoluta: «*La inversión en Galicia baja de mil millones, algo inédito desde el 2003*», «*Fomento retrasa a chegada do AVE a Galiza*», «*Fomento rexeita traspasar a AP-9*». Pero isto non é o que pasa en todas partes: «*Ao PNV 3.380 millóns para a alta velocidade*», «*De la Senra comprométese co corredor mediterráneo*». Ou vemos mesmo a De Guindos como lle ofrece 2.000 millóns de euros máis a Cataluña.

¿E a Galiza que, señor Feijóo? Recortes. Este é o espello no que ten que mirarse. Esta non é a imaxe dun país ideal, non é a imaxe dun gañador, é a imaxe de alguén que nos fai perder, e perder, e perder.

Pero permítame que siga falándolle dese retrato, desa imaxe que é real, que é a que vostede deixa no espello. Empezou como presidente prometéndonos un centro de día en cada concello; aínda estamos agardando. Prometeunos un fondo para o crecemento, investimentos en reformas estruturais no lácteo e no forestal priorizando a innovación; aínda estamos agardando. Pemex ía instalarse en punta Langosteira e íamos renovar toda a frota da petroleira mexicana; aínda estamos agardando. Ía promover a ordenación forestal, reducir os lumes e ampliar a base territorial das explotacións; aínda estamos agardando. Vostede prometeu que a Xunta ía financiar o AVE a Lugo; aínda estamos agardando. Vostede dixo que ía haber novas vías para as industrias auxiliares; aínda estamos agardando, señor Feijóo. Prometeunos o maior concurso eólico da historia; aínda o estamos agardando. Máis emprego e de mellor calidade; aínda estamos agardando. Listas cero nas escolas infantís; aínda estamos agardando. Bla, bla, bla... Podiamos seguir así, señor Feijóo, porque vostede practica bla, bla, bla, bla, bla. *(Aplausos.)* Vén coas mesmas promesas, coas mesmas cousas unha e outra vez. Efectivamente, a imaxe do seu Goberno é a imaxe do seu fracaso. *(Murmurios.)*

Para que non se alporice a bancada Popular xa lle digo que non todo van ser críticas. *(Murmurios.)* Quero agradecerlle o ataque de sinceridade que tivo este domingo, onde lemos un titular no que estaba vostede obsesionado por todo o que non fixo. A verdade é que a obsesión ten que ser grande, señor Feijóo, *(Aplausos.)* ten que ser moi grande. *(Aplausos.)*

A realidade dos galegos e das galegas non é esa zona de confort que vostede ten en Monte Pío. O que vemos son miles de familias que non teñen praza na escolas infantís. Mire, só en Vigo hai tres mil persoas agardando en listas de espera nas escolas infantís.

As caixas finlandesas —a súa gran aposta pola recuperación demográfica—, o certo é que, señor Feijóo, cada vez estamos peor, ¿sabe? Porque isto non vai de caixas finlandesas, isto vai, claro, de salarios finlandeses. E esa non é a realidade de Galiza. (*Aplausos.*)

A realidade é que vostede non fixo o maior concurso eólico da historia, fixo o maior parón eólico da historia. O seu sectarismo e o seu interese por regalarlles o vento de Galiza ás grandes empresas dese sector pois saíunos por un ollo da cara a este país. Fíxese: eu estaba por propoñerlle que agora estamos nesta nova etapa na que hai unha nova doutrina do Tribunal de Contas. Quizais estaría ben que vostede voluntariamente se ofrecera a que o custo do seu sectarismo por anular un concurso eólico legal non o pagaran os galegos e as galegas. Claro, que pague vostede do seu peto eses 3 millóns de euros. (*Aplausos.*) É a nova doutrina do Tribunal de Contas.

Claro, todos os galegos e galegas imos ter que pagar non só eses 3 millóns de euros, pagamos moito máis, porque perdemos 8.000 empregos, perdemos 1.800 millóns de euros en investimentos no noso país nun momento de crise económica. E vostede impediu que se puxeran en marcha proxectos clave para este país como era un grupo lácteo galego.

Vostede, señor Feijóo, é o responsábel de paralizar o desenvolvemento da enerxía eólica, das renovábeis do noso país, que sabe que é clave para poder loitar contra o cambio climático.

Señor presidente, ¿vostede, de verdade, pode manter a súa palabra sen poñerse colorado de que estamos creando emprego de mellor calidade? De verdade, ¿pode dicirlle a algunha das xornalistas que cobre hoxe este pleno que firma até vinte e dous contratos nun mes por un salario máis ben cativo que hai emprego de calidade? ¿Vostede pode dicirlle a unha enxeñeira industrial que hai pouco que se licenciou e que estudou duramente que traballa por 900 euros —porque son os salarios que se lle están ofrecendo— que hai empregos de calidade? ¿Vostede pode poñerse diante dalgunha desas duascenas mil familias que viron como os seus fillos tiñan que marchar ante a falta de oportunidades?, ¿pode poñerse diante desas familias e dicirlles mirándoas aos ollos que hai emprego de calidade? ¿Pode vostede vir visitar os meus veciños de Sarria e dicirlles mirándoos aos ollos que esta é lexislatura do rural?

¿Sabe que lle dirían se vostede se atrevera a facer iso? Diríanlle que esta é a lexislatura do abandono. As nosas gandeiras cobran o prezo máis baixo do leite de todo o Estado, o eucalipto segue avanzando de maneira imparable. ¿Non sei se é que pensan que agora os turistas van vir aquí ver coalas? Asistimos coa pasividade e ineptitude do seu Goberno á agonía dun sector que debe de estar vivo, proporcionar soberanía alimentaria, estabilidade demográfica e atención humanizada ao noso territorio.

No noso mar, as rías sen sanear, cunha perda importante de empregos e moitas incógnitas sobre como afectará o *Brexit* a nosa pesca.

Vostede, señor Feijóo, non fixo que avanzaran os sectores produtivos, pero tampouco está sendo o campión da innovación. Mire, falounos de polos aeronáuticos, fíxonos anuncios de todo tipo en relación coa innovación, pero o certo é que detrás de todo ese bla, bla, bla, ¿sabe o que hai? Que Galiza está na cola da innovación, estamos na cola da innovación. E con vostede de presidente nos últimos anos desapareceron a metade das empresas tecnoloxicamente innovadoras.

Fíxese no índice de competitividade rexional da UE. Pasamos dun índice de 45 en 2010 a descender sete puntos; non incrementamos, descendemos, señor Feijóo. Un retroceso que se explica nunha parte moi importante polos recortes na innovación. E non llo estamos dicindo desde o BNG, estallo dicindo a Unión Europea.

Pero a mellor mostra da súa falta de proxecto económico está na denominada Lei de fomento da implantación empresarial, que, en realidade, é unha lei de fomento da depredación. Unha lei covarde, improvisada, sen diálogo, máis propia dunha república bananeira que dun país moderno. Con esta lei, proxectos como a mina de Corcoesto terían ido adiante, con esta lei promóvese o descontrol do eucalipto, con esta lei desprotéxense os dereitos dos propietarios particulares e das comunidades de montes en beneficio das grandes empresas.

Nós sempre imos defender que este país necesita industrializarse, desenvolverse e innovar, pero este, desde logo, non é o modelo. O modelo non é desenvolver Galiza destruindo o territorio e o patrimonio cultural. Vostede está importando o modelo de Guinea cando podía ter apostado por imitar Noruega ou Dinamarca. (*Aplausos.*)

Hai, señor Feijóo, outros camiños que vostede non quere explorar: nin unha soa medida para favorecer o peche dos ciclos produtivos en Galiza; ningunha medida real —a pesar de que o diga na retórica— para reverter a deslocalización tan importante que se está producindo a Portugal; non contempla actuacións específicas para crear emprego con salarios decentes; e tampouco ningunha actuación para apostar pola innovación.

Vostede non ten proxecto de país, e o único que fai é entregarlle Galiza a prezo de saldo ás multinacionais. (*Aplausos.*) O tempo, señor Feijóo, diranos cal é a porta xiratoria que vostede vai usar.

Pero falemos agora dos servizos públicos. Nesta materia, vostede dixo no debate de investidura —e, en certa maneira, volvéunolo dicir hoxe pola mañá—, fíxonos unha afirmación que é realmente sorprendente. A teoría é que os recortes melloran a prestación dos servizos públicos. Creo que neste momento están pensando desde Suecia en entregarlle a vostede un Premio Nobel por esta grande aportación que acaba de facer á economía. Mais, ¿sabe o único que mellorou nestes anos? Os beneficios das empresas, xa que vostede está privatizando unha parte da sanidade, da educación e dos servizos sociais.

Falemos, señor Feijóo, desa realidade que vostede descoñece ou que pretende non sei se ocultar. Empecemos pola dependencia. Hai neste momento 17.000 persoas dependentes que teñen dereito a esa prestación e que están agardando a que o Estado cumpra co que di a lei, porque por lei teñen dereito. Vostede hoxe —igual que na súa investidura— xa lles dixo que non as vai atender todas, que non vai atender eses 17.000 dependentes que teñen ese dereito e cos que vostede non cumpre. Pero, ¿sabe? É que hai unha maneira de arranxar esta situación,

porque é un problema de fondos, é un problema de recursos que se destinan á dependencia. O Estado ten unha débeda con este país de 150 millóns de euros en dependencia. ¿Vai vostede reclamala?, ¿vai ser valente por unha vez e defender os intereses de Galiza e non defender os intereses do señor Montoro? ¡Sexa valente, sexa militante de Galiza por unha vez!

No ensino, vostede deixou de investir 400 millóns nas universidades. Fálanos de ordenadores pero é que recortou 1.500 profesores e profesoras, e pechou —¡fíxese, señor Feijóo!— cen centros de ensino público, mentres incrementan os centros e os recursos para a privada. Ese é o seu modelo. E lamento que siga vostede financiando eses centros do Opus Dei que segregar os nenos e as nenas polo seu sexo. Porque vostede o que está facendo cos recursos de todos os galegos e de todas as galegas é financiar o elitismo, a desigualdade de xénero, e con ela está alimentando a violencia contra as mulleres. *(Aplausos.)*

E falemos tamén, señor Feijóo, da sanidade. Aquí o certo é que vostede se está entregando a fondo e traballando duramente para converter nun negocio a saúde das persoas. Sempre que nos fala da sanidade vostede fundamentalmente fálanos de cemento e de estatísticas, sempre se esquece do máis importante, que son as persoas. E as persoas neste sistema sanitario están sufrindo dunha maneira moi clara os recortes que puxo en marcha o seu Goberno.

Vostede fala de máis hospitais, pero o que temos é menos camas instaladas que cando vostede chegou á Xunta de Galiza. E o certo é que ningunha persoa neste país pode crer que as listas de espera baixaran, porque non coñezo a ninguén que vira, desde logo, como melloraron nesa situación.

Mire, poderíamos tratar moitísimos casos, eu tráiolle un aquí por se a vostede lle parece interesante. Xosé María, ten moita dor na columna vertebral... *(Murmurios.)* A vostedes dálles igual; en fin, xa sabemos cal é a súa sensibilidade. A súa médica solicita... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: A súa médica solicita unha resonancia magnética en setembro de 2016. Danlle cita un ano despois, e iso si, derivándoo á privada. ¡E agora no mes de setembro danlle cita para ver os resultados desa resonancia en outubro de 2018! Señor Feijóo, invítoos a que vaia vostede xunto de Xosé María e que lle explique que a espera media neste país é de trinta e oito días. Non sei se vai ser capaz de crerllo. *(Aplausos.)*

Pero este non é un caso, ¡eh!, temos moitísimos. Eu podería estar aquí os once minutos que me quedan de intervención ensinándolle citas como estas de persoas reais, non das súas estatísticas, que en marzo de 2017 lles están dando citas para o ano que vén, para febreiro de 2018, e son miles e miles de casos, non un nin dous nin tres nin anécdotas. Esta é a realidade das súas listas de espera.

Pero tamén ten vostede neste momento de novo un sector moi importante do noso país preocupado polo que segue facendo coa sanidade. Ten nas rúas a xente que non quere que se supriman as áreas sanitarias do Salnés, de Valdeorras, da Mariña e de Monforte. Non o queren porque detrás desa supresión desas áreas sanitarias non hai ningunha mellora, hai

un modelo que realmente xa fracasou, e creo que o lóxico sería que vostede escoitara e que vostede retirara esa reforma regresiva da Lei de saúde de Galiza. Aínda que, se eu lle son sincera, teño moitísimas dúbidas de que vostede vaia querer retirar esta lei.

E quizais creo que neste terreo hai algúns retratos que poden explicar por que vostede non quere ou non pode retirar esta lei. Permítame, se non lle molesta, que lle ensine unha foto. Non é unha foto con barcos, non se preocupen. *(Aplausos.) (A señora Pontón Mondelo ensina cara á bancada presidencial do Goberno unha fotografía.)* Señor Feijóo, ¿non sei se vostede se recoñece nesta foto? ¿Non sei se pode dicirnos quen son as persoas que están con vostede nesta foto, a que se dedican? Creo que é unha pregunta importante. Ben, voullo dicir eu porque xa vexo que a vostede non lle interesa falar desta foto porque vostede ocultou esta foto. *(A señora Pontón Mondelo ensina cara a toda a Cámara unha fotografía.)* Ocultouna... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, ocultou esta foto e até incumpriu a lei para ocultar esta foto, porque incumpriu a Lei de transparencia, que o obriga a publicar os seus actos e onde vostede acode en calidade de presidente da Xunta de Galiza. ¿E sabe por que vostede o fixo? Porque vostede non quería que a xente soubera que foi o invitado de honra do lobi da sanidade privada. *(Aplausos.)* ¿Que méritos fixo vostede para ter esta distinción: invitado de honra da sanidade privada? *(Murmurios.)* Si, si. ¿Quizais a reposta pode estar no decreto que acaba de aprobar no Consello da Xunta polo que vai derivar 100 millóns de euros da sanidade pública á privada? Quizais esa é a resposta desta foto. *(Aplausos.)* É imprescindible, señor Feijóo, que nos aclare por que oculta as súas reunións cos lobis da sanidade privada. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, falemos agora dun asunto... *(Murmurios.)*

Eu creo que os cidadáns deste país merecen que os representantes poidamos falar en liberdade, sen os insultos que temos por detrás. En fin. *(Aplausos.)*

Falemos de políticas de igualdade. Vostede empezou como presidente da Xunta envalentonado dicindo que ía acabar coa desigualdade salarial, nada máis e nada menos. E agora é vostede o campión do incumprimento das leis de igualdade. Xa nos demostrou que para vostede as políticas de igualdade son un apéndice, un elemento decorativo, ¿non?, como un floreiro que vostede pon encima dunha mesa.

E eu quero dicirlle que a min me parece indignante a frivolidade coa que vostede actúa neste tema. Mire, hoxe anunciounos que ía facer un plan de corresponsabilidade, que era o primeiro que había —dixo— na Xunta. É que xa houbo un plan de corresponsabilidade durante o Goberno bipartito. Por certo, un plan que vostede incumpriu e que botou abaixo. Pero ¿sabe cal é o resultado do seu compromiso coa corresponsabilidade? Pois hai que medilo nos orzamentos. ¿Sabe cal é despois deste anuncio do plan de corresponsabilidade o grao de execución do Programa de apoio á conciliación da vida laboral? O 3,2 %. *(Aplausos.)*

E mire: vostede en violencia de xénero... *(Murmurios.)* Gustaríame poder falar. Vostede en violencia de xénero fixo referencia a que a principios deste ano chegamos a un acordo

en materia de violencia de xénero. E, efectivamente, o noso grupo trouxo unha proposta a este Parlamento para que houbera un gran pacto galego contra a violencia de xénero porque cremos que é un dos principais problemas que ten esta sociedade. E eu ese 25 de xaneiro podo dicirlle que saín contenta deste Parlamento porque pensei que estabamos facendo algo importante. E hoxe, ¿sabe o que vexo? Que neste 4 de outubro de 2017 o resultado é decepcionante porque vostedes non están cumprindo co que poñíamos nese acordo, e o que se están é mesmo recortando servizos que neste momento teñen as mulleres. E non hai incremento de recursos nin hai unha maior atención por parte da Xunta de Galiza. Fíxese: vén a este debate e resulta que no programa no que están os recursos destinados a axudar as vítimas de violencia de xénero, segundo os datos oficiais que o seu Goberno nos manda a este Parlamento, só executou tres de cada dez euros. Señor Feijóo, a súa política de loita contra a violencia de xénero é unha vergoña porque as súas cifras son unha vergoña. *(Aplausos.)*

Quédanos moi pouco tempo. A min gustárame, señor Feijóo, que nos explicara outros incumprimentos que vostede ten das leis. ¿Por que incumpre a Lei de medios públicos deste país e por que ten secuestrada nunha parte a democracia neste Parlamento? Temos unha Comisión de investigación das caixas que leva sendo bloqueada desde a súa constitución, só traballou durante un mes e medio de verán. Moito ten vostede que ocultar no desfalco das caixas para que esa comisión siga pechada na realidade e sen que poidamos ditaminar nin dicirlles aos galegos e galegas que pasou, quen foi responsábel do saqueo das nosas caixas.

Pero leva vostede tamén catro anos bloqueando outra comisión, que é unha comisión importante: a comisión de investigación sobre o accidente de Angrois. O seu partido, a semana pasada, perdeu unha oportunidade de ouro realmente para recuperar un pouco de dignidade apoiando a comisión de investigación que se constituíu no Congreso. Eu lamento que o seu partido votara que non. Pero o certo é que logo vostede fixo unhas declaracións que a min polo menos me chamaron a atención, porque vostede se ofreceu a ir comparecer ao Congreso dos Deputados. E eu dígolle: se vostede cre que ten algo que dicir sobre o accidente de Angrois, se Galiza ten algo que dicir sobre o accidente de Angrois, ¿por que non constituímos esa comisión de investigación, que tamén están pedindo as vítimas? *(Aplausos.)* Porque é evidente que temos moito que dicir. ¡Sexa valente, señor Feijóo!

Como vostede pode deducir, desde o Bloque non avalamos a actuación do seu Goberno e constatamos o fracaso do modelo Feijóo. Vostede ten a responsabilidade de ter feito a crise máis longa e intensa, medrou a pobreza e a desigualdade, multiplicou por catro a débeda pública e privatizou elementos importantes do noso sistema de benestar. É tamén responsabilidade súa ser o presidente que máis atacou a nosa autoestima, a nosa lingua, a nosa cultura, en definitiva, o que máis nos une como galegos e como galegas.

Pero, efectivamente, o mundo non xira sobre a súa cabeza. E hai neste momento un debate máis de fondo que ten que ver con este réxime do 78, con esa arquitectura institucional que se fraguou durante os anos da transición. E eu creo que este é un debate importante e penso que esta cuestión no debate de política xeral do noso país tamén debe de merecer a atención das forzas políticas galegas. E eu creo que debemos de facer balance do que significaron o Estatuto e a Constitución, e que ese balance temos que facelo, efectivamente, en termos re-

lativos vendo como nos foi aos galegos e galegas nesta situación. E eu neste tema creo que é importante que reparemos nalgunhas cousas:

Hoxe vivimos e traballamos en Galiza menos persoas que en 1981, cando se votou o Estatuto. Desde a década dos noventa —fíxense, señorías— emigraron de Galiza medio millón de persoas; é como se desapareceran as cidades de Vigo e da Coruña. Unha parte importante do territorio está despoboadada. E temos un problema moi grave coa perda de falantes do noso idioma.

Nestas décadas, a pesar do que vostede nos dixo hoxe, o certo é que Galiza non converxe. Eu creo que hai cousas que como galegos e galegas temos que reflexionar. A principios dos oitenta eramos o 6 % do produto interior bruto do Estado e hoxe non somos nin o 5,2 %. En 1985 o 10 % de todos os traballadores e traballadoras do Estado eran galegos e hoxe somos menos do 6 %.

Eu creo que é evidente que máis alá de malos gobernos, que os houbo, a Constitución e o Estatuto non conseguiron arranxar os nosos problemas estruturais. E —como lle dixen— o Estatuto, que sempre foi un instrumento cativo, pequeno para as necesidades do noso país, o certo é que neste momento está dinamitado polo proceso recentralizador.

Estamos nun momento de cambio de ciclo, gústelles a vostedes ou non, e o certo é que nós cremos que temos que pensar ao grande e con ambición de país. Cada pobo ten que buscar a súa propia folla de ruta...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e andar o seu propio camiño, pero o importante é camiñar e non retroceder.

Por iso, anuncio que vou propoñerlles a todos os grupos que poñamos en marcha unha ponencia para superar o actual marco estatutario e constitucional, e que con diálogo e debate dotemos Galiza dun novo status de nación que nos permita decidir sobre a economía, as finanzas, os dereitos sociais, as nosas autoestradas, aeroportos e portos. E nesta ponencia desde o Bloque Nacionalista Galego, tamén con toda normalidade e naturalidade, imos defender as nosas propostas. Propostas como estas bases democráticas que xa presentamos hai semanas e coas que queremos construír unha Galiza de progreso, unha Galiza de igualdade, unha Galiza que deixe atrás arcaísmos como a monarquía e que blinde dereitos e liberdades cívicas a través dunha carta de dereitos sociais. Unha proposta aberta, sincera, para que nesta Cámara poidamos debater sobre como imos construír a Galiza do futuro.

Pero eu tamén creo que dentro deste debate é moi importante saber cales son as propostas que ten o presidente do Goberno, porque nos grandes debates, señor Feijóo, véxoo a vostede ausente, descolocado, sen realmente ser capaz de estar á altura do momento que estamos vivindo. Leva vostede un ano desaparecido no debate do modelo de financiamento. Hoxe díxonos que o noso modelo de financiamento con quen o vai pactar é con Madrid e con Castela e León. En fin, eu creo que era moito mellor que o pactáramos primeiro en Galiza, porque non coñecemos as súas propostas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Segundo, o modelo sobre o cambio de ciclo, o esgotamento deste réxime, o que vostedes chaman «o debate territorial», que no fondo é o que está latexando en todo o que estamos debatendo e en todo o que está pasando neste momento no Estado. Mire, Cataluña está avanzando cara a un proceso constituínte, é evidente. Euskadi, o seu presidente, o señor Urkullu, afirmou que vai reclamar nese debate sobre a reforma que a Euskadi se lle recoñeza como unha nación nun Estado confederal. No Bloque temos a nosa proposta, que, se quere, lla podo trasladar hoxe mesmo. E nestas últimas semanas tamén outros falaron sobre este tema; mesmo o líder a nivel de Estado do Partido Socialista dixo algo que é un avance en termos democráticos, e que é que recoñece que Galiza, Euskadi e Cataluña son nacións.

Pero neste momento o importante é saber que defende Alberto Núñez Feijóo. Neste debate, cando isto se plantexe nestes termos, ¿Feijóo que vai defender?, ¿Galiza nación ou Galiza *regionalidad*?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Creo que é unha cuestión importante, señor Feijóo, na que vostede ten que mollarse, porque este tema sabe que vai ser clave para o noso futuro.

Desde logo, —remato, señor presidente— un pobo para avanzar necesita esperanza, confianza en si mesmo e capacidade para poder tomar decisións sobre aqueles aspectos vitais. Vostede nunca foi capaz de estar á altura deste reto. E eu estou convencida de que os galegos e galegas merecemos algo mellor que o seu goberno. Son tempos de cultivar a esperanza, a unidade en defensa dos intereses de Galiza e a confianza nas nosas propias capacidades e potencialidades. Esa esperanza foi o motor dos cambios máis importantes que viviu o noso país nos últimos séculos; esa esperanza que naceu da Xeración Nós, das Irmandes da Fala, da Asemblea Nacionalista de Lugo ou do Partido Galeguista e que logo continuaron outras organizacións que seguimos defendendo a idea de Galiza como un proxecto viable.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato, señor presidente.

Eu formo parte dunha xeración á que se nos di que non temos dereito a decidir nada. Eu non puiden votar nin a Constitución nin o Estatuto, e non é xusto que, igual ca min e á maioría dos que hoxe vivimos e traballamos en Galiza, se nos diga que esa é unha realidade pechada que non temos nin dereito a cuestionar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu, como galega, nin me resigno nin me conformo co que hai.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: E remato, se mo permite, señor presidente, cunhas palabras dunha sufraxista que nos ensinou que para conquistar dereitos, efectivamente, hai que loitar por eles; Emmeline Pankhurst, unha muller que foi, desde logo, perseguida por defender o dereito ao voto. «As mulleres» —dicía— «espertamos tarde, pero, unha vez decididas, nada na terra e nada no ceo fará que as mulleres cedan...»;

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é imposible». Nós tampouco cederemos na defensa de Galiza, da igualdade, da democracia e da liberdade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente.

Señorías, convidados.

Dóeme Cataluña, pero tamén, e sobre todo, dóeme Galicia. E temos que falar dela.

Pasou xa un ano desde a súa vitoria electoral. Foi, na nosa opinión, un ano perdido; repito, un ano perdido, en termos de modernización económica, de inclusión social ou de afirmación da nosa autonomía, porque foi un ano sen proxecto, un ano cheo de publicidade e propaganda.

A década de crise agravou as catro fracturas internas que ameazan a cohesión da nosa sociedade: a fractura social, entre os integrados e os excluídos, sobre todo polo desemprego; a fractura xeracional; a fractura de xénero; e a fractura territorial interna.

Estamos nun punto de inflexión da historia de España e, polo tanto, de Galicia; un punto de inflexión no plano económico, no plano social e no plano territorial. Nesta conxuntura, máis que nunca, precisamos un proxecto, precisamos unha folla de ruta que definida e mobilice os recursos públicos e oriente as enerxías sociais.

O seu goberno, na nosa opinión, carece de proxecto. Seguen instalados na lóxica da crise, cun só obxectivo: a sostibilidade financeira, que non poña en risco o seu apoio electoral, combinando a alerxia á construción de servizos públicos de primeiro nivel cun populismo impositivo que distribúe de forma clientelar regalos fiscais sen efectos no emprego e no crecemento, aumentando a fractura social.

Tamén carece dun proxecto para España. Aos galegos e ás galegas interésalles unha España moderna, democrática, plural, solidaria. Direino con Francesc de Carreras: «*Es buena compañía el resto de España*». Somos autonomistas convencidos. *(Aplausos.)*

Pero hoxe está en cuestión a distribución territorial do poder, cunha aposta independentista que nos debilita como conxunto e prexudica notablemente a Galicia en termos finan-

ceiros, pero tamén políticos, confrontada a unha aposta neocentralista que desexaría concentrar todo o poder no que vulgarmente coñecemos como «Madrid», que non é un concepto xeográfico senón que é un concepto social, un núcleo político, financeiro, empresarial e mediático, unha elite que procura ampliar a súa hexemonía.

E vostede está paralizado, pola súa ambición de entrar a formar parte dese núcleo no futuro, pola orientación do seu partido e pola perda de favor do seu líder nunha organización tan xerárquica como o Partido Popular; un bloqueo que lle impide defender con rotundidade e determinación os intereses de Galicia, nos orzamentos, no AVE, na transferencia da AP-9 e noutras cuestións que lle direi ao longo desta intervención. Vostede non ten proxecto dunha Galicia en España. O seu único proxecto para España chámase Núñez Feijóo. *(Aplausos.)*

A defensa da democracia e da orde constitucional en España, por suposto. É o fundamento das nosas liberdades cívicas, do autogoberno de Galicia. Pero non abonda. Cómpre un diálogo construtivo para reformar este marco, xusto o que renunciou a facer o señor Rajoy nos últimos cinco anos, traéndonos até o bordo do precipicio.

Unha reforma que debe ter como horizonte un modelo federal, ou sexa, igualitario, respectuoso da diversidade, incluída a nosa; un proxecto no que poida expresarse plenamente a nosa personalidade diferenciada, compartindo de xeito solidario os destinos dunha España democrática, equilibrada e plural.

Hai aproximadamente un ano, señor presidente, recrimináballe que non fixera balance despois de oito anos de goberno en Galicia. E resumíalle o meu: «a demografía, regresiva; a economía, débil; a paisaxe social, devastada e a Administración autonómica, debilitada» .

E ¿que pasou no último ano? Galicia non progresa en poboación, vai mal en emprego, non reconstrúe os servizos sociais básicos, segue paralizada no funcionamento da Administración, sempre, claro, en termos relativos, en comparación coa media española. Vostede vive na realidade virtual que conflúe cunha maquinaria ben engraxada de publicidade e propaganda, pero non vive na realidade do día a día dos galegos e galegas.

Ano tras ano nos anuncia grandes avances e iniciativas que non teñen reflexo posterior na realidade ou nas estatísticas. É experto en tomar a parte polo todo, en vender atrasos e fracasos como novas promesas. Fíxese, o seu goberno só aprobou este ano unha lei, a Lei de benestar animal. Foi un ano perdido para avanzar na modernización inclusiva de Galicia. E non me diga que é unha cuestión de recursos, é unha cuestión de proxecto, de iniciativa e de capacidade, por exemplo, na construción de medios públicos independentes e plurais. Negáronse a cumprir a lei de 2011 para elixir o director da Compañía por maioría cualificada do Parlamento de Galicia; a impulsar o Estatuto Profesional; a crear o Consello de Informativos; a desenvolver os contratos-programa ou a pór en marcha a Autoridade Audiovisual. Non se trata de recursos, trátase de vontade política. Prefiren manter o control férreo dos mecanismos de propaganda a cumprir a lei de 2011, *(Aplausos.)* por exemplo, no combate á corrupción, opoñéndose á protección dos denunciante internos, que nós promovemos nesta Cámara, ou na garantía da limpeza dos contratos públicos. A gangrena interna do Partido Popular tamén chega á Xunta de Galicia. Por vez primeira — ¡por vez primeira! — hai un de-

putado nesta Cámara, do seu grupo, condenado por tráfico de influencias, hai poucos días, e non se pode mirar para outro lado. O tráfico de influencias era co seu goberno, señor Feijóo. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

¿E que me di da limpeza democrática e da transparencia? Mire, teño aquí o primeiro comité de campaña para as eleccións europeas e locais de 2019 en Ourense. ¿Sabe vostede quen é o responsable do voto exterior neste comité? O señor Rodríguez Miranda, que xustamente é tamén o secretario xeral de Emigración do seu goberno. Ten vostede que cesalo como secretario xeral de Emigración se quere que non se confunda o seu traballo, o traballo do seu goberno, co traballo electoral do Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Tampouco avanzaron vostedes neste ano na iguladade de xénero ou no tratamento non discriminatorio do colectivo LGTBI. Esta ben falar de igualdade, pero o relevante é construíla. Tamén carecen de proxecto neste eido. A limitada Lei de Igualdade de 2015 segue sen desenvolverse. O Plan galego de emprego feminino para combater a parcialidade e a temporalidade excesivas ou a fenda salarial que afecta as mulleres, tampouco. Os plans de igualdade nas empresas, que son obrigatorios para a Administración autonómica e os seus diversos entes, están inéditos. O Plan de igualdade da Xunta de Galicia rematou en 2015 e non foi aínda substituído. ¿Compromiso do seu goberno coa igualdade de xénero? Ningún. Non quede na retórica, señor Núñez Feijóo. Poña enriba da mesa decisións, recursos e programas.

O Pacto de Estado de violencia de xénero foi aprobado xa no Congreso. A cuestión é levalo rapidamente do papel á rúa ou aos fogares, especialmente en Galicia, onde ano tras ano vimos asistindo a unha dotación económica moi insuficiente e a accións sen alcance. Galicia conta, como ben saben vostedes, con competencias exclusivas en materias educativas ou sanitarias. Propóñolle pór en marcha, de forma efectiva e inmediata, o fomento e a implantación da prevención en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, o machismo, pór en marcha a educación sexual e a loita pola igualdade. E propóñolle tamén que no ámbito sanitario poña en marcha a prevención precoz deste problema.

Señor Núñez Feijóo, en demografía, Galicia segue indo a menos. O seu proxecto foi a «caixa finlandesa». ¿Funcionou? Xa lle digo eu que non. ¿Aumentou no último ano o número de fillos que deciden ter as parellas? Para nada. No último ano, os nacementos seguiron baixando por debaixo dos 19.000, nunha pendente continuada. Seguiu aumentando o número de defuncións, están en 31.473. Hoxe os tanatorios son a principal industria en moitos concellos de Galicia. É o presidente que ten o triste honor de ter o saldo natural máis negativo nunca acadado: 80.000 galegos e galegas menos desde 2009.

A Conferencia de Presidentes, que tanto publicitaron, non significou ningún avance. O Observatorio Autonómico acaba de constituírse, pero non deixa de ser a constatación do fracaso das súas políticas. Teñen que cambiala radicalmente para conseguir resultados, apostando polo emprego de calidade para a xuventude, pola igualdade efectiva, pola conciliación e o reforzamento dos servizos básicos. E prométenos agora, con algunhas iniciativas de escaso alcance, que van mellorar os resultados. Ausencia de proxecto, poucos resultados. Ese é o seu balance do último ano.

Esqueceuse da xuventude no seu discurso. Hai menos xóvenes, menos xuventude que nunca, 130.000 mozos e mozas menos dos que había en 2009, por iso, o paro xuvenil non é de escándalo e as cifras de emigración non son dramáticas. Pero non puxo en marcha ningún programa específico para evitar a emigración ou facilitar o retorno. As súas políticas agravan a fractura xeracional.

E, mentres, os refuxiados chegan a moreas a Europa e morren a miles no Mediterráneo, nunha política sen corazón, negándose a acollelos para compartir as cargas con outros países europeos. ¿Non din que faltan homes e mulleres en Galicia?, ¿que temos unha crise demográfica de primeiro nivel? Sexamos humanistas, sexamos solidarios e fagamos un esforzo que aforre vidas e constrúa novas oportunidades. *(Aplausos.)*

E segue aumentando a fractura territorial. Pois fronte ao discurso banal da lexislatura do rural, atopamos a realidade de que a reorganización sanitaria ou escolar se ceba na Galicia periférica, de que as oportunidades laborais e a riqueza seguen concentrándose ao redor da AP-9 e de que se unha política firme e duradeira non o impide imos asistir nos próximos anos á agonía de comarcas enteiras: o viño, as castañas ou o cereal de inverno afectados polas xeadas, e o sector lácteo, que apenas percibe a recuperación dos prezos que hai hoxe en toda Europa. A reforma do transporte reduciu oportunidades de desprazamento, pero non falou nada do plan que fai falla desenvolver en menos de ano e medio. Non hai aínda Plan forestal, e o Plan de mellora de camiños rurais deste ano está inédito a día de hoxe para os concellos. Faltan investimentos, falta atención, faltan políticas eficaces, e de novo sobra propaganda. As súas rebaixas fiscais, ¿tiveron algún impacto significativo para a acción no mundo rural? Iso é o que ten que dicirnos. Xa llo digo eu: non.

E no mar, fronte ao seu triunfalismo, cómpre investir moito máis en seguridade. Temos os lombos do Ulla diminuídos, na ría de Noia as toxinas seguen sendo a maior noticia, e o saneamento segue pendente en Ribeira, en Santiago, en Poio, en Sanxenxo, en Foz, en Noia e noutros lugares, afectando sensible e duradeiramente a capacidade da produción marisqueira.

Non citou tampouco os concellos no seu discurso. Nada que ofrecerlles. Non ten a xenerosidade de permitir que se constituían as áreas metropolitanas, porque perderían poder.

A recuperación económica, que é certa, está impulsada polo crecemento dos nosos socios, pola caída do euro, o prezo do petróleo ou as baixas taxas de xuro. Pero non coñezo ningunha análise que ligue esta recuperación coas decisións da Xunta de Galicia nesta área. É difícil non medrar, se o fan tamén España e Europa, porque estamos impulsados por eses ventos. Pero se é un efecto do que ocorre nestas áreas, ¿para que queremos, no plano económico, as institucións de autogoberno?

As exportacións van ben, si, aínda que están demasiado concentradas, pero o protagonismo da demanda externa é excesivo. Camiñaríamos mellor sobre os dous pés, pero a demanda interna está lastrada pola reforma laboral, polas pensións insuficientes, das máis baixas de España, pola caída das rendas salariais e por un consumo público que está aínda limitado pola estratexia da austeridade.

Fíxese se non é paradoxal: os concellos non poden usar o seu superávit para impulsar o investimento público en infraestruturas necesarias porque Montoro non o permite, e reducen así o ritmo de crecemento agora e as posibilidades de crecer no futuro, e a Xunta de Galicia fai o mesmo cando evita usar toda a capacidade de endebedamento e cando reduce os niveis de execución. Poden investir e non o fan, obsesionados polo déficit.

Pero o cumprimento do déficit non é unha estratexia, é unha restrición, e cando non hai ningunha estratexia, o único que queda é o clientelismo. A Xunta de Galicia dedícase así ao curto prazo, fronte ao medio e longo prazo. Peor aínda, a Xunta de Galicia ten neste tema a furia do neófito, vai máis alá do estipulado nas regras do axuste. Renunciou no orzamento inicial de 2017 a 60 millóns de euros de gasto, por falta de ambición, por falta de confianza en si mesma. Cun robusto crecemento económico, o investimento autonómico público apenas despega, e recuperar investimento público é necesario para atender demandas necesarias: en saneamento, en infraestruturas de transporte, en servizos públicos. De novo, falta ambición de facer, falta proxecto de futuro. Se non, non terían renunciado a estes 60 millóns de euros que permitirían facer o que non puideron facer. (*Aplausos.*)

Tampouco despega o investimento privado, o que suxire unha baixa confianza empresarial.

A estratexia tributaria é de chuvia fina: rebaixas selectivas, para sectores ou actividades determinadas, e renuncia a unha maior progresividade fiscal. Promete agora máis rebaixas. Alegrámonos polos beneficiarios das mesmas. Pero, ¿vai conseguir desta maneira aumentar o crecemento? ¿Vai aumentar a progresividade? ¿Vai aumentar a igualdade social? Para nada. ¿Teñen algunha avaliación sensata dos efectos das rebaixas fiscais que xa fixeron nos últimos anos sobre estas variables? Tampouco. Así, o que hai é clientelismo fiscal, que privilexia un comportamento electoralista, fronte ao crecemento e a igualdade.

Carecen dunha política industrial digna deste nome. Non teñen proxecto industrial. Aínda non recuperamos o nivel de produción en termos reais de 2008, e estamos moi lonxe aínda en niveis de ocupación. Para aumentar o peso da industria na composición do PIB en Galicia hai que apostar por xerar emprego de calidade, por ampliar a internacionalización ás novas empresas, aos novos sectores e a novos países e por aumentar a produtividade para ser máis competitivos.

A Lei reguladora da política industrial para Galicia, de hai seis anos, foi un fracaso completo. ¿Activou investimento e a captación de empresas? Xa lle digo que non. Un éxito de propaganda no seu momento, un fracaso en resultados efectivos. E agora, coa nova lei en trámite, máis do mesmo. ¿Como será que o Grupo Popular se autoemenda de maneira moi significativa na tramitación desta lei? Desregula e reduce os controis públicos en actividades con efectos ambientais máis nítidos: mineiro, eólico e forestal, pero non elimina os controis que non aportan valor.

O sector naval está cheo de falsas promesas —lembre a Pemex—. A recuperación internacional activa este sector, e está moi ben, pero sen resolver problemas estruturais. Navantia, pese aos anuncios, continúa en indefinido como estaleiro, e non acaba de ver a luz ao final do túnel. A entrada de capital estranxeiro, mexicano ou chino, en distintos estaleiros priva-

dos galegos, non acaba de producir efectos positivos na organización empresarial, na intensidade tecnolóxica ou no emprego.

O automóbil tamén segue o ciclo, pero perdendo oportunidades da industria de compoñentes por falta de solo industrial, e aínda temos e imos ter nos próximos anos que seguir falando da PLISAN e localizando en Portugal, en Marrocos ou en Irán, riqueza e empregos que nalgunha medida —non completamente, pero nalgunha medida— podían estar en Galicia.

Na política enerxética constatamos o fracaso da reforma Rajoy, a parálise do sector eólico: non hai novos parques construídos, non hai proxectos industriais asociados, pero si hai condenas xudiciais que teñen custo para os galegos e galegas. *(Aplausos.)* Perdemos peso na industria eólica, deslocalízase a produción de compoñentes, e o novo sistema de poxas, que se está desenvolvendo, aínda non ofreceu resultados concluíntes da súa viabilidade.

Tampouco pasou apenas da fase de propaganda o Plan integral de impulso á biomasa, a pesar da súa dimensión territorial e económico-medioambiental, nin a Xunta de Galicia actuou sobre as restricións do autoconsumo eléctrico. Non quixo enfrontarse ao Goberno de Rajoy na aplicación obrigada dos suplementos territoriais. Dixeron non ás nosas propostas.

E un Igape minguante, pasando de 345 millóns en 2010 a 98 en 2017, paralizado polas lembranzas das detencións do caso Campeón e sen dirección. A súa política despreza o I+D+i. O gasto público e privado caeu sensiblemente nos seus anos, e é inferior á media española e continúa diverxendo.

Os recortes orzamentarios quebraron un proceso acumulativo imprescindible para consolidar os avances acadados. Os problemas de competitividade agrávanse como consecuencia. Tamén este foi un ano máis perdido nesta área.

Os datos da EPA, ou os datos do paro rexistrado, aínda publicados onte, son unha clamorosa chamada de atención á súa política laboral e, por extensión, económica. O emprego crece menos que en España e o paro baixa máis lentamente. ¡Dramático!, pero nada diferente do que sucedeu nos últimos oito anos. Hai hoxe traballando en Galicia 121.400 persoas menos que no ano 2009 —¡121.400!—. Ao ritmo do último ano, España tardará un en recuperar o nivel do emprego previo á crise. Nós tardaremos entre sete e oito. Esa é a gran diferenza, esa é a súa gran responsabilidade. Pero a sociedade galega non pode agardar ese tempo, e o custo que deriva para esta sociedade en moitos terreos, incluído o da desestabilidade do sistema de pensións, é insoportable.

O seu contrato con Galicia do ano 2009 prometía emprego para todos. ¿Teremos o emprego de 2009 cando deixe a presidencia da Xunta de Galicia? Non vai ser posible. ¿Vai crear os 100.000 empregos prometidos para esta lexislatura? Tampouco.

Se Galicia se comportase en materia laboral como a media española desde que é presidente, teríamos emprego para todos os parados de máis de dous anos, ou poderíamos eliminar o paro na mocidade de entre 25 e 34 anos.

Señor Núñez Feijóo, é imprescindible cambiar a súa política laboral e a súa política económica. En emprego, Galicia vai sensiblemente peor que o resto de España, e esta é a medida do seu fracaso neste terreo.

Tamén ocorre na mocidade, onde desde 2009 perdemos un 42 % do emprego xuvenil, e a taxa de paro da mocidade aínda é máis alta que naquel momento. Nada do que presumir e moito do que preocuparse.

E, mentres, o Programa de garantía xuvenil, como en xeral a política de emprego, é un fracaso. Puxeron en marcha un novo programa este ano, e xa lle dixemos que ían perder un tempo precioso en burocracia; tempo que a nosa mocidade non ten, e destinan unha dotación orzamentaria moi insuficiente. Os 90 millóns de euros deberían ser anuais e non por catro anos. Os 10.000 mozos aos que se comprometeron a axudar deberían ser cada ano e non para catro.

Convertan o emprego da mocidade nunha prioridade, transformen o sistema público de emprego nunha axencia galega, presten a atención debida á formación e non deixen de convocar, como fixeron nestes anos, os programas correspondentes.

Permítanme tamén unhas palabras para os autónomos. Están expandíndose os falsos autónomos, e o autoemprego, que moitas veces é mais unha necesidade que unha oportunidade, apenas medra. O 80 % dos novos negocios así creados non superan os dous anos, o que duran as axudas. Hai unha elevadísima rotación e enormes dificultades para consolidarse.

O Congreso dos Deputados acaba de dar pasos adiante moi significativos, e nós estamos de acordo con iso. Pero non abonda, tamén teñen que ter apoio desde a Xunta de Galicia, facilitando a substitución xeracional con políticas de formación e apoio aos mozos, con políticas de axudas ao financiamento, a eliminación das trabas administrativas, o control da morosidade, o fomento do relevo xeracional e os plans de segunda oportunidade.

Permítame falar agora durante uns minutos da política social. Para moitas familias a recuperación económica non está aínda presente, para moita mocidade o futuro segue sendo unha quimera. O mercado produce máis desigualdade e as políticas públicas da Xunta de Galicia non están á altura. Galicia está no índice DEC —dereitos, economía e cobertura— en 2,6 en desenvolvemento dos servizos sociais, para unha media española do 4,5. É a cuarta comunidade autónoma con maior axuste porcentual no gasto en políticas sociais; unha caída do 17 % desde 2009.

Están cualificando cun moi deficiente as súas políticas sociais, unha Risga infradotada e unha atención á dependencia inaceptable. Hai máis de 100.000 persoas en Galicia con privación material severa. A Risga chega tan só a 15.000. En Galicia a prestación media está nos 400 euros, no País Vasco en 665. Un nivel insuficiente en Galicia, un nivel de inclusión social insuficiente en Galicia. Pero a Lei de inclusión social incúmprese e o regulamento que debería estar listo en 2014 aínda non está hoxe publicado, e isto debería eliminar trabas burocráticas para poder chegar mellor a aqueles que o necesitan.

Cómpre reforzar a atención á dependencia e ás persoas con discapacidade. ¿Aumentan en dependencia as persoas atendidas? Claro, é o resultado inevitable dun calendario de implan-

tación progresiva desta lei. Se se implanta progresivamente, ¿como non van aumentar os beneficiarios? ¿Este é o seu gran éxito? Sacan peito de cumprir mal, tarde e a rastro unha lei á que se opuxeron. *(Aplausos.)*

Coas súas decisións políticas agravaron as listas de espera. Os recortes do señor Rajoy significaron un infrafinanciamento de 35 millóns menos cada ano desde 2012, hoxe por riba dos 150. E vostede impulsou unha xestión lenta —dous anos ou máis de tempo de agarda— e unha xestión pouco xenerosa, obrigando a escoller as prestacións máis económicas.

Os maiores con recursos acoden ás residencias privadas e os maiores sen recursos ou prescindendo do seu patrimonio ou pesan sobre os familiares. Unha praza de financiamento público segue sendo hoxe, na Galicia que goberna desde hai oito anos, unha misión imposible. E as novas prazas residenciais prometidas son insuficientes, aínda que cumbran, ¡que xa o veremos!

Galicia non resiste a comparación con outras comunidades autónomas, hai unha intensa demanda acumulada por anos de inacción do seu goberno. Prometeu vostede en 2012 2.500 prazas públicas residenciais, pero non cumpriu. Abra as residencias xa construídas, desbloquee os convenios, impulse un programa ambicioso de construción de novas residencias, e a partir de aí seguramente entrar nunha residencia pública deixaría de ser unha misión imposible. *(Aplausos.)*

O sistema educativo galego está mellorando, pero aínda está lonxe de ser punteiro. Non somos Finlandia, tampouco aquí. Mellora, porque o fai o capital escolar das familias, porque a crise demográfica leva menos nenos ás aulas e porque o paro xuvenil desalenta ese abandono do que presumen, e que está ben. ¿Progresa polas políticas da Consellería de Educación? Gustaríame poder dicir que si, pero teño para min que non é un factor demasiado relevante.

A Consellería é cómplice da permanente improvisación no acceso á universidade do alumnado do bacharelato, que desgraciadamente leva este ano o mesmo camiño que o anterior, pero rexeitaron todas as iniciativas que nós presentamos para eliminar esta improvisación.

O plurilingüismo é de novo unha grande estratexia de publicidade, sen demasiados resultados avaliábeis. Despois de tantos anuncios, ¿mellorou a competencia en inglés, en linguas estranxeiras do noso alumnado? Non se ten feito nin unha soa avaliación para saber cales son os resultados. Coas súas políticas levamos camiño de non mellorar suficientemente en inglés e de desandar o camiño no galego, señor Feijóo.

A Formación Profesional Dual ten unha presenza residual, con 18 ciclos formativos ofertados tan só para este curso, nos que, por certo, existen vacantes en todos. Por non falar da oferta de formación profesional, na que tamén rexeitaron a nosa proposta para adecuala ao tecido produtivo. O elevado desemprego xuvenil indica xustamente o seu fracaso en termos de resultados, que é o que importa.

Tamén é un fracaso a introdución de libros dixitais tanto na resposta dos centros como na implementación do programa Edixgal con alumnos que non van poder dispoñer dos materiais necesarios ata preto do Nadal.

Introduciron os concertos educativos por seis anos nas etapas nas que non era obrigatorio concertar máis alá de catro, coa única finalidade de blindar os concertos, incluso nos centros que segregan por sexo. Practican a ausencia de diálogo coa comunidade educativa e fan unha propaganda cada vez máis impúdica, como o anuncio recente de remate de obras de mellora, que nin sequera están iniciadas.

¿Bolsas universitarias de excelencia —prometéunolo á mañá—? Non queremos bolsas premio. Nós queremos bolsas que atendan os alumnos con menos recursos e que cómpren para aumentar a igualdade de oportunidades, para poder ampliar a ensinanza universitaria e non excluír a ninguén.

Na sanidade temos un sistema de primeiro nivel grazas aos profesionais, pero que se está deteriorando por culpa da súa xestión. E non resistimos a análise comparativa. O sistema sanitario de Galicia é o terceiro peor valorado pola cidadanía dentro dos sistemas de saúde de todas as comunidades autónomas de España. As consecuencias dunha década de axuste son dramáticas, sobre todo para os cadros de persoal.

A valoración máis crítica e os problemas fundamentais están na atención hospitalaria. As listas de agarda reais aumentan. A derivación de pacientes á privada é norma. O baile de entradas e saídas nas listas é unha xestión orientada á publicidade, pero que complica a vida á cidadanía. E isto vale para os pacientes prioritarios ou para os que non o son. E aínda non cumpriron coa hemodinámica en Lugo e en Ourense.

Obviamente, precísase máis persoal, perdido polas taxas de reposición nulas ou baixas, e precísase combater a alta precariedade e a alta temporalidade do persoal sanitario, que afecta a calidade da atención. As partidas orzadas ocultan o investimento en persoal inestable e temporal.

O incumprimento das listas de espera habilita, no marco legal aprobado por vostedes, a desviar á concertada 208 millóns de euros no ano 2015 —segundo o Consello de Contas—, deixando á parte Povisa. Non hai solucións, e o problema das listas de espera non evidencia ningunha mellora. Pero a deterioración da sanidade pública é felicidade para a privada.

Os déficits de persoal están tamén afectando a atención primaria con atrasos e listas de agarda. Faltan pediatras e non vai ser fácil captalos. ¡En Carballo, 1 pediatra para 1.600 nenos!, como ben saben vostedes. Os atrasos intencionados na construción de novos centros de saúde ou os arranxos nos existentes contribúen á deterioración.

O Anteproxecto de reforma da Lei de saúde de 2008 evidencia unha inadecuada planificación. Pérdense servizos nos hospitais comarcais, afástanse os servizos de saúde da cidadanía. Os hospitais periféricos e as xerencias de atención primaria asociadas perden capacidade de decisión. A intensa mobilización social indica o rexeitamento desta concepción recentralizadora dos servizos sanitarios. Retiren o anteproxecto e sentemos a dialogar. *(Aplausos.)*

Señor Núñez Feijóo, tampouco ten proxecto para Galicia en España. Despois dun ano de lexislatura xa sabemos que non está en condicións de defender con contundencia os intereses de Galicia fronte ás políticas recentralizadoras do señor Rajoy.

Non pelexou contra os recortes nos orzamentos xerais do Estado para o 2017. Perdemos en investimentos 440 millóns de euros, despois de que o Goberno amigo deixara de executar 2.200 millóns desde 2012. ¿Que fixo para evitalo? Nada. Non pelexou contra os atrasos no AVE. Acumulamos desde 2012 catro anos de atrasos. Non poderemos chegar da Galicia atlántica a Madrid en 2h 35' até o 2022 cando menos. ¿E que pasa coas estacións intermodais, singularmente coa de Ourense? ¿Que pasa co tramo Taboadela-Ourense? Nada está previsto. E non me diga que non hai fondos; si os houbo para o pacto co PNV, ao que non se opuxo; ademais do compromiso da conexión do porto de Bilbao co corredor europeo. ¿Que fixo para conseguir un trato igual para Galicia? ¿Que fixo para conectar a Plisán ao porto de Vigo e á liña Monforte-Venta de Baños? Nada.

E por fin, as autovías, todas elas paralizadas ou con atrasos moi considerábeis. O gran impulso das infraestruturas de Galicia foi feito polos últimos gobernos socialistas; desde aquela, recortes, escusas e atrasos. Convoquemos os restantes grupos a unha comisión especial deste Parlamento que defina actuacións, prazos e orzamentos para as infraestruturas para Galicia, fixando unha data de dous meses para concluír os traballos. Teñamos unha posición común que defender diante do Goberno Rajoy.

Por último, ¿que fixo para levantar o veto do Goberno á transferencia da AP-9? Nada. Aprobamos a segunda proposición de lei aquí, en Galicia, tamén co seu voto e o Goberno do seu compañeiro de partido, o señor Rajoy, vetouna. ¡Un desprezo ao Parlamento de Galicia! Pero vostede ten que escoller entre enfrontarse ao señor Rajoy ou parecer cómplice. E vostede estanos propoñendo a pasividade. Nós dicímoslle que se pode facer máis, que se pode loitar contra el, pero deámoslle unha última oportunidade de rectificar. Convoquemos a Comisión Mixta de Transferencias e permitamos que alí haxa unha discusión para convencelos.

Temos que abordar urxentemente a reforma do modelo territorial. Desbordan as augas en Cataluña. O Goberno do señor Rajoy optou polo tancredismo e a aplicación a golpes da lei. Non estamos, afortunadamente, en 1934, non hai ruído de sabres nin violencia no horizonte, pero daquela non había, como hai hoxe, unha mobilización popular persistente en Cataluña en favor da independencia.

É o tempo da política, non é o tempo do silencio nin da policía actuando contra a xente. (*Aplausos.*) É o tempo do diálogo transaccional. (*Aplausos.*) E neste tempo, ¿como facemos avanzar os intereses e a posición de Galicia? A súa falla de proxecto tamén é clamorosa neste punto. En materia de financiamento autonómico, foi este grupo, con dúas iniciativas, o que permitiu marcar unha posición común deste Parlamento. Hai tres posicións básicas para a reforma do modelo territorial: unha posición de ruptura, ben sexa pola vía da independencia ou soberanista —que non é a nosa aposta e que cremos que prexudica terriblemente a Galicia—; unha posición de regresión autonómica, que considera o modelo actual ineficiente e despilfarrador; e unha vía de tránsito á disgregación de España. É un erro volver atrás.

Nós apostamos pola modernización do modelo autonómico no sentido federal. Xa sei que vostedes son sempre unha forza conservadora; levoulles tempo pasar da crítica do título VIII a defendelo. E hoxe precisan pasar da mera defensa a aceptar unha discusión aberta sobre os cambios necesarios. Porque a Constitución española de 1978 non ten instrucións para

facen funcionar este modelo porque está esgotado o impulso das transferencias, porque hai novas realidades, porque hai disfuncións que arranxar e realidades que aceptar. Por iso é preciso abrirse á reforma constitucional e, en Galicia, á reforma estatutaria.

Nin ruptura nin retroceso. Política, reforma e diálogo, no marco da reforma constitucional, no Congreso dos Deputados...,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...para votar en referendo legal todos e todas en Galicia, en Cataluña e no resto de España. *(Aplausos.)* Non chega coa lei, precisamos acordos. *(Aplausos.)*

E neste espazo de diálogo transaccional, os actores non poden ser só Cataluña e a Administración xeral do Estado, Galicia ten que estar presente porque hai riscos a conxurar e oportunidades a aproveitar. Por iso lles pido que abramos no Parlamento galego a Comisión de Reforma do Estatuto para conseguir de entrada unhas bases orientadoras, para falar do simbólico, para falar das competencias, para falar do financiamento, para falar do que nos interesa en relación coa reforma que se ten que producir no conxunto de España.

Remato xa, señor presidente.

Señor Feijóo, os socialistas cremos que a cidadanía de Galicia precisa hoxe outras políticas. Precisa un proxecto centrado no crecemento económico sostible, na creación de emprego estable e de calidade, cunha política económica ambiciosa e cunha política industrial digna dese nome, con redución das desigualdades sociais para reconstruír os servizos básicos, para dar impulso á transparencia, á calidade dos medios públicos, que teña un combate decidido contra as desigualdades de xénero e territorial; unha política que permita integrar a mocidade no futuro que temos que compartir entre todos; un proxecto que defenda os nosos intereses fronte á cerrazón do Goberno do señor Rajoy, que encaixe a Galicia na España plural e solidaria para facela máis forte e máis autónoma, que contribúa a reformar o modelo territorial, desde a nosa visión e desde os nosos intereses, desde o diálogo, para que poidamos gañar todos xuntos o futuro.

Non perdamos máis tempo, como estivemos perdendo o tempo neste último ano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boas tardes, señor presidente, señorías, amigos e amigas do público, cidadanía de Galicia.

Señor Núñez, é vostede un frívolo. Vir a esta Cámara a falar de golpismo é unha absoluta irresponsabilidade.

Cando hai un golpe de estado, señora Prado, os militares secuestran as urnas e amordazan a democracia, amordazan os cidadáns e amordázanos a paus. Cando hai un golpe de estado, os militares asasinan a poboación civil, indefensa e desarmada. Cando hai un golpe de estado, señor Feijóo, as balas atravesan as consciencias e a cabeza da xente, como fixeron con Alexandre Bóveda. *(Aplausos.)*

A última vez que en Galicia houbo un golpe de estado, as cunetas enchéronse de cadáveres, que aínda hoxe non foron desenterrados. Sexa rigoroso, polo menos unha vez na vida. Respecte a memoria das vítimas do último golpe de estado. En momentos graves, os políticos responsables chaman á calma e os irresponsables incendian, como fixo vostede nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Esta mañá mofouse nesta Cámara das forzas políticas que pedimos diálogo para solucionar un problema político. Como demócrata, non se me ocorre ningunha outra fórmula para solucionar os problemas que non sexa o diálogo. ¿Ten vostede outra solución? Talvez vostede teña outra idea. Talvez esta mañá, ao falar de golpismo, o traizoou o subconsciente.

Señorías, quizais os deputados e os invitados pensen que hai pouco espectáculo nos debates do estado da nación. Quizais os espectadores queden con esa imaxe de intercambio de quen-das de palabra e non reparen na invectiva desatada do presidente da Xunta ao presentarse aquí como o campión de todas as bonanzas. Hai que dicir que, de imaxinación, Núñez Feijóo vai ben, vai bastante ben, e do resto non pode ir peor. Pero é unha imaxinación cruel. É cruel porque, no seu afán de disimular o traballo que non fai, deixa abandonados unha boa parte dos galegos. Este é o debate sobre o estado da nación. Trátase de fiscalizar a acción do goberno. Trátase de pedir as contas que ofrece o presidente e de que non sexan como as da leiteira, as contas de quen está afeito a non contar coa xente á hora de gobernar. Pero non se poña tenso, que aínda non toca falar nin de barcos nin de paseos pola ría.

Vostede reparte culpas. Vén aquí e reparte culpas con moita soltura, pero nunca admite as súas. Vostede acusa co seu dedo autoritario e cualifica a xente segundo lle poñen nos seus papeis os asesores e di que somos malas ou boas persoas ou que somos separatistas, sen decatarse de que o separatista máis separatista de todos os separatistas é vostede, porque vostede leva separando os galegos do nivel de vida que merecen desde hai nove anos; vostede separa os galegos da sanidade, separa as galegas do traballo, separa as galegas de vivir mellor, separa os galegos dos autobuses e dos trens, sepáraos das autopistas e aínda separa os nenos e as nenas nos colexios —con diñeiro público, por certo—. *(Aplausos.)*

Separatismo. Se aínda non sabe o que lle estou dicindo, e xa os seus asesores lle escribirán unha réplica falando de calquera cousa que non ten que ver con Galicia, pero citando o nome do país. Unha pista máis: separatismo tamén pode ser o dun presidente que cada vez vive máis separado da realidade, dunha realidade que os galegos e galegas padecen e que vostede é incapaz de solucionar.

Teríamos que falar aquí máis ben de comunicación, porque vostede parece estar permanentemente fóra de cobertura. Debería cambiar de compañía porque a súa tarifa queda enseguida sen datos; non contesta nin sequera a esa parte importante da cidadanía que lle votou hai un ano. Recargue a batería e dígalles onde estivo todo este ano e de que lles valeu esa con-

fianza da maioría absoluta, porque durante os anteriores mandatos vostede foi deixando xente polo camiño. Era culpa da crise, polo visto, pero non das súas políticas.

Pero agora que deixamos —como di vostede— a crise atrás e a crise acabou, non deixa de repetilo. Pois ben, neste primeiro ano da lexislatura —xa sen crise— perdeu vostede unha oportunidade magnífica para recoller a xente que deixou polo camiño, pero non. O que non deixaba de repetir «Galicia, Galicia, Galicia» decidiu que quen quedaba atrás alí queda. Xa sabemos que non se despide deles porque non ten cobertura no móbil. Pero non se preocupe, o que vostede non lles explique xa llelo explicamos nós.

Os seus tres exemplos, os 3G —como a Galicia da súa tecnoloxía de móbil—, ilustran a ruína de Galicia cun presidente coma vostede.

Mire, nos orzamentos do Estado a súa irrelevancia política foi total. A súa maioría absoluta custounos o 30 % de rebaixa de investimentos. Fomos tratados como terra conquistada, desas que non hai que seducir para atraer nin premiar pola súa lealdade.

No veto sobre o debate da AP-9 non hai ningún galego que non sinta algo de mágoa por vostede. Foi humillante ver o ministro vir aquí dicirlle que nin sequera o ían considerar. Nese sentido, producía vostede ata tenrura.

Mire, sexamos serios, ¿quen manda no Partido Popular? Ía ser certo o slogan de campaña de que Feijóo era só un militante, pero non de Galicia, do Partido Popular. E a diferenza é ben obvia: un militante pastoreado por Ana. Non se deixe pastorear, señor Feijóo. Iso é de gobernantes mansos. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

A terceira mostra da súa irrelevancia política tivémola co AVE. Veu o ministro, aplicoulle a Lei mordaza, prohibiulle falar de prazos e despois mandouno ir a Madrid para lerlle a lección, cantarlle as corenta e dicirlle que cinco anos de retraso e 22 curvas como a de Angrois entre Taboadela e Ourense. ¡Fantástico! Para rematar vostede a faena, chegou aquí coa estrambótica noticia de que conseguira unha comisión para facer cumprir ao ministro as súas promesas. Mire, o historiador Xusto Beramendi cualificou ese feito de insólito, revelador da súa insignificancia política. Insólito é ter que conseguir unha comisión para que un ministro do seu partido cumpra as súas obrigacións. En fin, xa pasou vostede á historia. ¡Alá vostede como quere pasar a ela!

Definitivamente, a súa tecnoloxía 3G non conecta con Galicia.

Mire, no que se refire á súa forma de gobernar o país cara a dentro, parece vostede ir conducindo o autobús da recuperación de forma desbocada —e digo bus porque se digo barco igual o presidente me bota do hemiciclo—. Vostede constata que hai riqueza, ve que hai precariedade, ve que hai desigualdade, pero non é capaz de fiar a relación entre a riqueza e a desigualdade e non é capaz de poñer solucións. Non, vostede non é capaz, porque vostede non sabe gobernar.

Mire para o seu autobús, está case baleiro. Durante os anos de crise económica e depresión social foi baixando vostede a moitísima xente do bus, xente que quedou nas cunetas, esas cunetas dos paseados do franquismo que aínda están por exhumar.

Hoxe debe render contas por tanta xente que deixou atrás estes anos de crise, e aos que non se parou a recoller no seu celebrado ano de bonanza. Señor Feijóo, os desafiuzados, as paradas, os emigrados, os estudantes, as pensionistas, as que sofren para chegar a fin de mes, os que sofren cortes de luz e auga, os precarios, as autónomas, os enfermos que non teñen para pagar as medicinas deixáronlle un recado no buzón de voz. E como sabemos que non ten pensado escoitalo, nós vimos aquí contarlles como é o tema no seu nome.

A crise en Galicia supuxo un afondamento nas desigualdades, a consecuencia das súas receitas de economía neoliberal e recentralización programada, que se evidencia aínda máis agora, que medra a riqueza sen que medre o benestar e agrandase desa maneira a brecha da desigualdade.

Consolídase este ano vostede como presidente da desigualdade. ¡Parabéns! Durante este ano aumentou en dous puntos —este ano, dous puntos— a taxa de risco de pobreza infantil e aumentaron as persoas en situación de exclusión material severa, señor presidente. Xente que non ten pan que levar á boca, señor presidente da recuperación. Os datos son os oficiais, tamén o 25 % da poboación galega se atopa en risco de pobreza ou exclusión social. Unha de cada catro persoas que vostede se cruza pola rúa ten problemas para chegar a fin de mes. Pero, claro, para iso hai que andar pola rúa e saír algo de Monte Pío. A súa única medida para eles, ¿cal foi? Expúxoo esta mañá: o ticket eléctrico. ¿E que fixo co ticket eléctrico o ano pasado? Sacar os cartos do ticket eléctrico para metelos en bombillas para iluminar a ruína do Gaiás. ¡Grande política social, si señor!

Xa estará ben, ¿non? Recolla. Pare, e recolla a toda esa xente que deixou no camiño, e fágao xa. Non poden esperar máis.

Mentres o Goberno do Partido Socialista, e o Partido Popular logo, iniciaron un rescate bancario que supuxo a inxección de fondos públicos de 100.000 millóns de euros —100.000 millóns de euros, que se di pronto—, a xente, para paliar eses rescates bancarios, mentres que iso pasaba, nos barrios das nosas cidades, en Canido, en Montealto, en Coia, perdía as súas casas por non poder pagar a hipoteca. Os desafiuzamentos dispararon o número de familias que quedaron sen a súa vivenda e seguen endebedadas: ao día de hoxe, 15.000. ¿Hai algo máis triste que perder a vivenda e ter que seguir pagando a hipoteca?

Hoxe a dación en pago contribuíu, polo menos parcialmente, a paliar o drama. ¿Sabe como se chegou á dación en pago? Pois, mire, a través da mobilización social de xente que se plantou diante da policía para que puidesen conservar a casa e non puidesen levar ás Aurelias Rey do lugar onde vivían; é dicir, señor Feijóo, desobedecendo pacificamente as leis inxustas. Si, señor Núñez, hai leis inxustas e hai cidadáns valentes dispostos a poñer o seu corpo para impedir as inxustizas. Foi esta cidadanía a que alzou a voz en Europa porque un adocenado Tribunal Constitucional consideraba que botar a porrazos unha vella da súa casa non atentaba contra ningún dereito constitucional. Señor Núñez, non todo o que é legal é xusto. *(Aplausos.)*

Claro, claro que hai leis inxustas. Hai leis inxustas e claro que hai que cambialas; e hai que cambiar a Constitución para asegurar dereitos básicos como a vivenda. Esa é a razón que nos trouxo aquí: acabar coas inxustizas, onde queira que estean escritas, jonde queira que

estean escritas! (*Aplausos.*) Por certo, que os desafiuzamentos non desapareceron aínda. Datos oficiais do Consello Xeral do Poder Xudicial: o ano pasado arredor de 2.300 familias foron desafiuzadas en Galicia.

Silénciase, ademais, outro problema. O 50 % dos suicidios en Galicia está relacionado co empobrecemento social. Arestora Galicia segue liderando as dramáticas estatísticas do suicidio, sen que a Xunta actualizara o Plan estratéxico de saúde mental máis alá do anuncio que fixeron a semana pasada.

Mentres a xente perde a casa e perde a vida... (*Murmurios.*) —¿Non lles gusta escoitar a realidade do que pasa na rúa? Que non chegue aos muros deste Parlamento.— Mentres a xente perde a casa, o ministro do seu partido, Luis de Guindos, anunciou hai unhas poucas semanas a condonación deses 40.000 millóns de euros á banca. Perdoóuselle 40.000 millóns de euros á banca. Co cal, os grandes banqueiros farán unha gran festa desas das que logo só se recorda que había *nieve*.

Di o ministro que puido facelo porque iso é legal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿A vostede parécelle xusto? Aínda que sexa legal, ¿parécelle xusto que mentres 2.300 familias galegas queden sen casa o Estado lle regale á banca 40.000 millóns de euros? É legal, pero, ¿é xusto? Contestará despois vostede se quere, señor presidente. ¿Entende agora a diferenza entre o que é legal e o que é xusto? ¿Entende agora por que está aquí En Marea?, ¿por que En Marea veu á política? Para facer xustiza coas cousas que son legais, pero non son xustas. (*Aplausos.*)

Hai miles de familias en Galicia que traballan e non chegan a fin de mes —xa sabemos que a vostedes se lles dá mellor falar que escoitar, pero fagan o exercicio durante esta media hora—; mozas que traballan e non se poden emancipar dos seus pais; parellas que cobran unha miseria, con horarios imposibles que lles impiden plantexarse ser pais ou nais. Co seu modelo neoliberal de traballo precario, a xente traballa e non sae de pobre.

É vostede responsable da ditadura do precariado, baseada na temporalidade, nos baixos salarios e na perda de dereitos. De media, unha asalariada —porque si, o precariado ten nome de muller— asina dez contratos anuais para ter un traballo durante un ano.

Os asalariados temporais cobran de media o 32 % menos que os indefinidos; de media, 8.000 euros menos ao ano. Traballo precario, traballo mal pagado. En Galicia hai 20.000 falsos autónomos. O primeiro traballo precario é a fraude, a fraude que vostede se empeña en non perseguir.

Miles de mozos e mozas non cobran nin están asegurados as fins de semana nin teñen descanso semanal porque os contratan por horas ou por días. ¿Sabía vostede todo isto, señor Feijóo? Si, claro que o sabe, ¿como non o vai saber? No PP están moi concienciados coa precariedade laboral, por iso complementan o soldo dos seus altos cargos con sobres de diñeiro negro. Claro que o saben. (*Aplausos.*)

Vostede creou unha estrutura laboral que cronificou o traballo precario. ¡Parabéns! Segue vostede a senda thatcherista. A versión galega dos *minijobs* da Merkel son os «traballiños» de Feijóo: minisalarios con superhorarios. Estará orgulloso.

Isto son os que traballan, porque hai moita xente que non traballa. ¿Onde está a Xunta para botarlles unha man aos parados de longa duración, ás paradas sen prestación, á mocidade...? ¿Que fixo a Xunta por eles durante este último ano? ¿Sabe o que fixo? Estafalos, ¡estafalos! Veu esta mañá aquí falar dunha serie de investimentos en programas de emprego. ¿Sabe canto se deixou o ano pasado sen gastar dos orzamentos de 2016? Máis de 100 millóns de euros, entre eles dos programas de fomento de mellora do emprego e formación de desempregados. O 60 % do diñeiro destinado a fomentar o emprego quedou sen gastar. Unha vergoña. E despois disto, ¿quen lle vai crer o que veña aquí prometer en materia de emprego?

Mire, as mozas e mozos deste país son os que menos cren as mentiras do PP, e por iso os castiga, ¿verdade? Déase unha volta polo barrio de Vite ou por Teis ou por Mariñamansa, case a metade das persoas novas que vostede se cruce por alí, menores de 25 anos, están no paro. A metade, no paro. E os que traballan son os principais sufridores deses «traballiños» dos que tan orgulloso está vostede. Condena vostede a mocidade á ditadura do «precariado feijoísta». Nesas condicións ninguén pode marchar da casa. ¡Non poden marchar da casa nin traballando! ¡O 80 % dos menores de 33 anos vive cos pais. ¡O 80 %, con 33 anos e na cas dos pais!

Nin plan demográfico nin vainas con estas alturas. ¿Como imos fomentar a natalidade se os mozos viven na casa dos pais? ¿É que hai que explicarlle todo, Alberto? (*Murmurios.*) ¿E que fixo a Xunta este ano? (*Aplausos.*) Crear bonos, bonos de alugueiro que logo gastan noutras partidas. E ten vivenda pública, como no caso do barrio da Tinería, en Lugo, que prefire deixar estragar antes que poñelo á disposición da xente nova.

Todo isto é o que vostede fai coa mocidade que non conseguiu botar á emigración, porque desde que vostede arruína este país, máis de 22.000 persoas de entre 15 e 30 anos tiveron que se ir ao estranxeiro. Botounos vostede á emigración. Son exiliados laborais, entérese. Vostede non goberna, vostede arruína a vida da xente moza.

Pare xa dunha vez ese bus da propaganda e escoite a xente. Fale con eles ou, se non, polo menos, mándelles un *whatsapp*, aínda que sexa cunha emoticona, e pídalles perdón; pídalles perdón por deixalos sen futuro.

O problema do noso país é a falta de expectativas da xente moza, por iso marchan. E os que quedan padecen a falta de seguridade, a incertidume. Iso é o que provoca o devalo demográfico. Prometeu solucións hai un ano e non fixo nada unha vez máis.

Señor Núñez, a súa irrelevancia política levouno a aceptar o desmantelamento do sector financeiro sen protestar. Primeiro deixou escapar Abanca a Venezuela, incluíndo todo o seu patrimonio cultural e inmobiliario, agora aceptou a desaparición do Banco Pastor, coa perda de centos de postos de traballo e a estafa novamente de pequenos aforradores. Tamén lle deu igual a estafa masiva das cláusulas chan, por iso a Xunta non activou os servizos de Consumo para defender a miles de hipotecados do noso país. Non lle doe nada.

Como bo presidente manso que é permite a situación catastrófica do sector gandeiro... (*Murmurios.*)

¿Ten algún problema gutural, señor Martín? (*Murmurios.*) Si, porque a emisión de determinadas onomatopeas...

Ben, primeiro, señor Feijóo, en relación co sector gandeiro, que lle preparen ben os papeis porque, segundo a EPA do ano 2016... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Silencio, despois responde o presidente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio! Este debate quen o resposta é o presidente, non vostedes, ¡eh! Silencio e non interrompan. Imos levar o debate con normalidade, que é o que se está pedindo.

Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Primeiro, que lle preparen ben os papeis, señor presidente, porque, segundo a EPA, a poboación ocupada no sector caeu no último ano un 7,1 %.

O seu rexionalismo mental permitiu que se negocien os contractos lácteos en Madrid. Esqueceuse do grupo lácteo galego, da industria da transformación. Producimos o leite e logo mercamos os iogures e o queixo de fóra. Abra a súa neveira e comprobe as etiquetas. Nin unha palabra esta mañá sobre soberanía alimentaria. ¡Que ben podían vivir as labregas e labregos se tivesen bo goberno!

A seca de ideas da Consellería é peor que a falta de auga. ¡Espabile! O cambio climático xa chegou. De nada vale tirar os cartos en extinción de lumes: hai que aumentar a superficie agraria e diversificar os cultivos forestais. Os toxos non son o problema, desbrozar non é a solución. ¡Non se entera! O monte non é como o que vostede ten en Monte Pío.

E nin unha palabra tampouco sobre transición enerxética nin sobre a nefasta xestión da PAC, onde perdemos cartos porque o Goberno non introduce... —o Goberno español, ao que vostede lle deixa facer— un coeficiente corrector no que se teña en conta o emprego xerado e o número de explotacións de Galicia.

Pero a vostede Galicia dálle igual, xa ten un plan: vender o rural ao cártel das celulosas, convertelo nun gran eucaliptal... e, desde logo tamén, nunha mina a ceo aberto coa súa flamante lei de depredación de Galicia. Para iso precisa previamente despoboalo, para que os das multinacionais non teñan que matarnos como se fósemos indios no Amazonas.

As súas políticas son un andazo para o rural. E falando de andazos —por se alguén non llo dixo—, as velutinas chegaron xa a Valdeorras, Alberto. (*Murmurios.*)

O Ourense rural está comatoso e cercado... (*Murmurios.*) —¡que mal levan escoitar, eh!— por unha couza peor que a que asola as patacas na Mariña. Creo, e dígollo sinceramente, que non foi para vostede agradable defender a Baltar no caso do acoso sexual. Hai cousas que un político honesto non debe facer, así que me compadezo das súas servidumes, e prodúceme tristeza que teña que agachar a cabeza na súa propia terra natal ante *Su Alteza Baltar de la*

Casa Diputación, el segundo de su nombre, rey de los Ándalos y los Primeros Hombres, señor de los Siete Reinos y protector del Reino de Feijóo. Así está o xogo de tronos no Partido Popular.

Pero o rural non é o seu forte e o mar tampouco, sacando a súa coñecida afección polas embarcacións de ría. Así que asiste vostede calado ao desmantelamento dos barcos de pesca, e é raro o seu silencio porque de desmantelar vostede entende bastante e polo menos cando se refire aos servizos públicos.

Fixo vostede da nosa saúde o negocio dos seus amigos, Alberto. É vostede o campión da privatización sanitaria. Desvía doentes á privada nas urxencias por accidente, na cirurxía, na oftalmoloxía... Todo mentres plantas enteiras da pública permanecen pechadas. De novo aquí fai trampas. Ningún país normal mercaría para o seu fillo de seis anos roupa de tres, ¿verdade? Pois mire, a Xunta fixo un Cunqueiro en Vigo con capacidade para atender menos xente que a que ten na área sanitaria. Resultado, miles de vagueses atendidos en Povisa. E o mesmo pasa en Lugo co Polusa.

A supresión das áreas sanitarias na Mariña, en Monforte, en Valdeorras e no Salnés indigna a todo o mundo; tanto que todas estas comarcas están mobilizadas contra a perda de servizos. Defenden o que é de todos: o dereito á saúde e á vida, tamén a súa.

A súa reforma sanitaria desmantela a atención primaria e converterá os hospitais comarcais en simples ambulatorios. Non se operan xa cataratas en Burela, e os do Barco van á rehabilitación a Ourense. As xubiladas da Veiga, de Valdeorras, viron este verán como non se cubriron prazas nin vacacións. Teñen que desprazarse a outros centros e pagar do seu peto longas e caras viaxes en taxi, dunhas pensións que ás veces son de miseria.

Trasládase o custo sanitario aos pacientes. Antes a Administración adaptábase á xente; agora é a xente a que se ten que adaptar ás administracións, segundo lle conveña ao presidente en cada momento. En Lugo, sen hemodinámica as 24 horas. Máis che vale infartar en horario de oficina, se non, a cousa está jodida..., digo crúa. Cando de saúde se trata, a proximidade salva vidas e a distancia mata. Son vostedes perigosos para a nosa saúde. *(Aplausos.)*

Este ano, mentres continúa a eutanasia por inanición do ensino público, dedicáronse a blindar os concertos coa privada, incluíndo os que segregan por sexo, coma se isto fose Arabia Saudita.

Falou esta mañá das becas. Mire, gasta a Xunta nove veces máis en profesores de Relixión que en becas —podía contar isto tamén—. *(Aplausos.)* Hai nenas e nenos sen praza nas escolas infantís públicas, pero en vez de dotar máis, fan un Bono Concilia para financiar escolas privadas.

Ten unha inquina combinada entre a destrución do público e a destrución do rural, o que o leva a unha auténtica política de exterminio do rural. Non lle abonda coa sanidade, dedícase tamén a pechar escolas: catro centros de ensino e nove unitarias este ano. ¡Menos mal que era a lexislatura do rural! Esqueceulle completar: «a lexislatura do exterminio do rural». Pero teña conta, nin nas Pontes nin na Serra de Outes a xente esquece: o presidente do exterminio rural.

Como pensa que Galicia é un barrio de Madrid, só lle interesa o AVE, coma se fose un metro en superficie. O resto das comunicacións non lle interesan. Rompeu completamente as co-

municacións por terra co seu novo Plan de transporte. Salceda, Mondariz, O Courel, O Barco... Son decenas os concellos que ven descabezado o seu sistema de transporte. E en tren, igual. Nin cercanías nas áreas metropolitanas, nin FEVE, nin nada. Lugo o que necesita é estar ben conectado coa Coruña e con Ourense por tren convencional. Son tan listos, tan listos, tan listos, que este ano aproban electrificar a vía e non tocan o trazado, co cal, a velocidade será a mesma que ata agora. Iso si, véñennos meter os paxaros do AVE coma se non houbese alternativas.

Da débeda, estamos cada vez máis empobrecidos. Cando vostede chegou ao Goberno cada galego debía 1.470 euros. Hoxe debemos 4.190 máis. Tres veces máis endebedados. E agora vén falarnos de rebaixas de impostos. ¡Vamos ver, home!, ¿que ocorrencia é esa? ¿De verdade pensa vostede que a ese 25 % da poboación en risco de exclusión social lle interesou algo este anuncio? ¿En serio pensa que vai enganar a xente co chocolate do loro?

As señoras da terceira idade que levan case un mes e medio —non, tres meses— pechadas no Concello de Rianxo, pedindo un centro de día, ¿vostede que pensa que prefiren?, ¿que lle deixen na carteira cincuenta euros máis ao ano ou que se poida construír un centro de día? O esforzo colectivo da suma deses 50 euros crea servizos públicos dos que se beneficia todo o mundo. É a solidariedade, é a xustiza social, onde, por certo, contribúe quen máis ten. A xente está disposta a pagar impostos se son ben empregados. Pero non, vostedes son tan ineptos que renuncian a recadar porque non saben investir.

A súa política industrial tamén ten unha cifra este ano: cero. Na actualidade o peso da industria no PIB galego está por debaixo do ano 2000. Supoño que haberá que darlle os parabéns.

Desde que chegou vostede traballan no sector da automoción ao redor de 2.000 traballadores menos —¡parabéns tamén!— e esta mañá ningunha referencia tampouco ás pemes, que son as que máis emprego crean no noso país.

Imos falar de algo do que vostedes si que saben, do que vostedes dan as verdadeiras leccións. Durante este último ano vostede demostrou ser unha vez máis digno militante do Partido Popular, ese que ten 800 imputados e decenas de condenados en todo o Estado. Neste momento, a agrupación popular máis numerosa de España xa é Soto del Real, onde supoñemos que o PP celebrará o seu próximo Congreso. (Aplausos.)

Obviaremos os casos de corrupción anteriores, falaremos só dos que tiveron lugar entre 2016 e 2017 para decepción dos seus votantes do ano pasado. Estes días xulgan o alcalde de Xinzo por prevaricación continuada, xulgan o alcalde de Barreiros por licenzas urbanísticas ilegais, investigan ao de Xunqueira por explotación laboral e tres operacións foron especialmente sonadas: a operación Cóndor, que nos fixo traer a esta Cámara preguntarnos por que unha persoa que se beneficiaba de contratos públicos tiña que regalarlle a vostede ou ao vicepresidente caras botellas de Vega Sicilia, e sobre todo por que vostede tiña que aceptar esas caras botellas de Vega Sicilia. Igual non é delito, ¿pero está ben? ¡Home!, pois a nós parécenos que non.

A operación Lezo, que se segue na Audiencia Nacional por financiamento ilegal do Partido Popular, ten os seus tentáculos en Galicia. Villar Mir, do que sabemos que financiou cun millón de euros o Partido Popular, fíxolle un favor que logo se quería cobrar aquí mediante

a segregación das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica. E case o consegue. Foi a cidadanía da Costa da Morte a que impediu que vostede consumase a ilegalidade da segregación. Agradézalles as mobilizacións, porque, de non ser por eles, a segregación estaría consumada, e talvez a operación Lezo tería hoxe novos ilustres investigados nesta Cámara.

Pero, desde logo, se hai un caso estrela aquí é o caso Campeón, o caso máis grave de corrupción que afecta o Partido Popular de Galicia. E non, non é porque houbese entre os trece acusados catro membros do Partido Popular, entre eles o presidente do Igape e o deputado popular Pablo Cobián —que non hai moito tempo se sentaba moi cerca de vostede, detrás desa silla, neste hemicycle—, ese non é o problema. O problema non é ese. Iso non o converte a vostede en corrupto. O grave, o que o converte a vostede en activista da corrupción é a forma en que o Partido Popular manexou a Xunta no proceso penal. Había na causa trece imputados. Pois ben, o Partido Popular, a través da Xunta de Galicia, exerceu a acusación contra todos menos, casualmente, contra os que tiñan carné do Partido Popular. O Partido Popular, manipulando a Xunta de Galicia, non acusou os membros do Partido Popular. ¿Por que? Porque os lobos non se morden entre eles, por iso. (*Aplausos.*)

A única acusación que houbo contra os militantes do PP, ¿saben cal foi? A da Fiscalía. O director do Igape e o deputado popular Pablo Cobián foron condenados por corrupción tras recoñecer os feitos. Se o xuízo dependese unicamente das acusacións do PP, eses condenados estarían hoxe libres e os seus delitos ficarían na impunidade. Vostede cando encobre a corrupción non nos representa e non representa os cidadáns e as cidadás de Galicia, que si que querían ver a xente entre rexeas, porque son xente honesta, porque son xente que non quere corrupción.

Cando vostede non acusa, permite que os ladróns queden co roubado, e non lles rouban a vostedes nin nos rouban a nós, rúbannlles a todas as galegas e a todos os galegos. O que rouban é o diñeiro destinado a médicos, a escolas ou aos nosos dependentes.

Talvez esa é a razón pola que o PP votou reiteradamente nesta Cámara en contra de crear unha fiscalía anticorrupción para Galicia, como propuxo reiteradamente En Marea, porque saben que, se existise, investigaría tamén as zonas grises do financiamento de partidos, esas das que vostede se aproveitou para concorrer dopado economicamente ás eleccións, como ten recoñecido en prensa. (*Aplausos.*)

Non quixera esquecerme, en materia de rexeneración democrática, a pesar do Partido Popular, do caso Alvia. Quixera, en nome de En Marea, agradecer ás vítimas a súa loita pola verdade e a xustiza, da que nós só fomos humildes acompañantes parlamentarios. É grazas a eles que teremos a oportunidade de atopar a verdade e de aprender, para que o sucedido non se volva repetir.

Poderemos falar tamén durante este ano de recorte de liberdades civís, para empezar, das violencias machistas que condenan as mulleres ao medo, ao sufrimento e á morte. Esa é a primeira falta de liberdade. E algo non se está facendo ben cando somos a primeira comunidade autónoma en número de feminicidios e unha das de menor número de recursos xudiciais dispoñibles.

En materia de liberdades civís, tamén pecharon vostedes a emisora sen ánimo de lucro Radio Cuac, que tras vinte e un anos en antena tivo que pechar as súas emisións. A pregunta é: ¿farán o mesmo con todas as emisoras que non cumpran a lexislación vixente ou simplemente están preparando as eleccións municipais?

A delegación do Goberno ameazou en Burela a quen se manifeste contra a reforma sanitaria. ¿Van aporrear a todo o que pense diferente a vostedes?

O Proxecto de lei de espectáculos públicos reduce sensiblemente a liberdade de expresión e a difusión de creacións culturais e artísticas no espazo público. ¿Está vostede polo espírito de don Manuel de «*la calle es mía*»?

A súa única actividade cultural coñecida é cambiar as lousas do Gaiás, que caen a cachos, como o cine Zárate, de Mugardos, mentres se agarda por unha intervención da Xunta que non chega... Mugardos, onde non se cumpre a lei, cando de Reganosa se trata. ¿Non é vostede unha persoa de lei e orde? Pois xa está tardando. (*Aplausos.*)

Señor Núñez, non. Esta política non nos representa. Non están gobernando para a xente, perden lexitimidade, porque a razón da democracia é que a maioría realice os valores sociais e democráticos que benefician a toda a cidadanía. Esqueceron vostedes iso.

Fixeron tanto ruído rompendo o sistema de benestar da nosa democracia que a xente acordou e revolveuse contra vostedes. Revólvese contra aqueles que, abusando da confianza lexitima que dá a vitoria electoral, traizoan os intereses dos seus votantes, como fixo vostede en apenas un ano.

Hai moitos problemas que vostede non tratou hoxe aquí porque vive vostede nunha película de debuxos animados, pero queremos recordarlle algúns. En primeiro lugar, o emprego e a loita contra o precariado. Xa que vostede non o fai, instaremos novamente nesta Cámara á derogación inmediata das dúas reformas laborais e á elaboración dun plan estratéxico dotado economicamente —e que non gaste noutras cousas— para a inserción laboral da mocidade, das mulleres e dos parados de longa duración.

Rescate da emigración. Dedíquelles algo de tempo. Presentaremos —e terán oportunidade de apoiala ou de emendala— unha estratexia orientada a repatriar e a inserir laboralmente a mocidade emigrada; así como o aumento de vivenda social para xente moza, para que ao seu retorno poidan vivir de forma independente.

Volveremos a convidalos a que falen con nós de renda básica e de xustiza social para non deixar atrás a xente que máis sofre. Na loita contra a violencia machista seguiremos instando máis medios para os xulgados de violencia e máis medios de prevención e educación en igualdade. Hai que previr desde o principio para que as cousas non pasen.

E en materia de financiamento —é a terceira vez que o dicimos nesta Cámara—, postulamos un modelo confederal baseado na soberanía fiscal, con capacidade normativa para decidir sobre os tributos e na suficiencia de recursos, non para paliar a situación actual, senón para

facen políticas económicas alternativas que nos permitan acabar cos problemas que ten o país, que é ao que vostede renunciou coa súa aposta por unha Galicia minguante na que nós non cremos e á que nós non nos resignamos. E un terceiro pilar dese modelo de financiamento é a cooperación no marco estatal e europeo, para asegurar un solo de ingresos e para evitar a evasión fiscal dos grandes patriotas españois a Suíza ou a Panamá, como acostuman facer sempre. *(Aplausos.)*

O mesmo poderíamos dicir en materia de financiamento local, coa derogación inmediata que necesitamos da Lei Montoro, que abocou estes anos á privatización duns servizos e a deixar de prestar outros.

Nas áreas metropolitanas, pedimos ao Partido Popular que desbloquee o seu desenvolvemento. Resulta fundamental para a mobilidade a vertebración do territorio, a calidade ambiental e as oportunidades laborais.

En cultura urxe un novo plan estratéxico e o desenvolvemento da Lei do audiovisual.

En materia de liberdade de difusión de ideas políticas e de acceso a unha información veraz, o grao de manipulación informativa dos medios de comunicación públicos de Galicia produce bochorno. A transformación dos telexornais en verdadeiros NO-DO de propaganda Feijoiста é clamoroso, e a invisibilización non só das alternativas políticas, senón de calquera tipo de movemento social desafecto coa Xunta de Galicia é máis propio dun Estado autoritario ca dunha democracia. *(Aplausos.)* Por iso lles presentaremos unha proposición de lei de medios públicos que remate para sempre con esta vergoña democrática.

Cremos, señoras e señores deputados, que existen determinados ámbitos onde as propostas do Partido Popular rompen calquera consenso social mínimo, e cremos que tampouco reúnen o consenso social mínimo entre os seus propios votantes, por iso chamamos aos deputados e deputadas das forzas parlamentarias distintas ao Partido Popular a sumar esforzos, na rúa e no Parlamento, para visibilizar a maioría social abrumadoramente superior á do Partido Popular.

Por iso ofrecemos, desde a igualdade, un pacto de colaboración nas seguintes materias, entendendo que o reclamo popular é unánime e as nosas voces deben de ser unánimes no Parlamento igual que na rúa, a única voz da xente, e en tres materias. Primeira, na defensa dun sistema público de saúde gratuíto e universal en todo o territorio. Segunda, na defensa do ensino público en igualdade, gratuíto, de calidade e para todas. E en terceiro lugar, en defensa do territorio e en contra da lei de depredación do territorio.

Vou rematando xa. Para os intereses da cidadanía galega, todo non se esgota hoxe no país. En Marea naceu para responder a un reclamo popular en Galicia, sacar o chapapote das institucións e limpar a incompetencia e a corrupción cun proxecto nacional baseado na democracia e na xustiza social. As nosas ferramentas de descontaminación masiva son a radicalidade democrática, o dereito a decidir, o recoñecemento da pluralidade do Estado e a defensa das liberdades civís e os dereitos sociais, pero para limpar este chapapote fan falta moitas mans. Por iso En Marea quere hoxe ofrecer de xeito horizontal e fraterno, con respecto á súa diversidade, ás forzas políticas do Parlamento distintas do Partido Popular, un

pacto de colaboración aberto, entre iguais, en clave democrática, social e de recoñecemento plurinacional do Estado.

Este acordo estaría baseado en tres puntos clave.

Primeiro, a constitución no ámbito do Estado dunha fronte ampla de espazos políticos que, pivotando sobre un eixo social, democrático e plurinacional do Estado, co recoñecemento pleno do dereito a decidir, permita desaloxar ao Partido Popular das institucións.

Segundo. Cos novos interlocutores no Goberno do Estado e a nova maioría parlamentaria, abordar un proceso constituínte que desemboque nun novo marco constitucional de corte confederal, axustado aos principios cidadáns de maioría democrática, control cidadán, beneficio do ben común da cidadanía, maior garantía dos dereitos sociais e recoñecemento pleno do carácter plurinacional do Estado.

Terceiro. Neste marco constituínte, o aseguramento do dereito do recoñecemento do carácter nacional de Galicia e a dotación dun marco xurídico-político acorde con esta condición, cun novo marco competencial e unha carta interna de dereitos sociais que aseguren de forma efectiva a xustiza social e a solidariedade plena para o conxunto da cidadanía galega.

Señor Núñez, desculpe que a xente non confíe en vostede. Se non foi capaz de conseguir o traspaso dunha autopista, ¿como podemos confiarlle que vaia vostede a Madrid a conseguir un futuro mellor para Galicia?

En Marea, con esta proposta, non quere facer propostas de parte, é unha proposta de maiorías sociais, de todas as que, sabéndonos diversas, temos en común os valores democráticos e sociais e a procura do benestar da nosa cidadanía, porque queremos —e acabo— que a cidadanía de Galicia sexa protagonista activa dos cambios políticos e sociais que están tendo lugar.

En En Marea pensamos que este é o sitio, a sede da soberanía popular galega, e este é o momento, cando os ventos do cambio constituínte sopran cada vez máis forte. Dous terzos das persoas que nos escoitan non puideron votar a Constitución; xa é hora de que esta xeración manifeste o que quere e tome as rendas do seu destino.

O pobo galego é maior de idade e non necesita tutelas. Non precisamos que un monarca, ao que ninguén escolleu, veña darnos leccións de democracia e a repartir carnés de bos e malos súbditos. As galegas e galegos non somos mansos e non somos súbditos, somos cidadáns libres

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e non admitiremos un trato diferente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, señorías, estamos hoxe convocados por vez primeira nesta lexislatura para o debate anual sobre política xeral da Comunidade Autónoma. É o primeiro que se convoca tras a reforma do Regulamento da Cámara de 2015, que o incluíu. Célebrense ao ano de terse celebrado as eleccións autonómicas que avalaron a reelección do presidente Alberto Núñez Feijóo cunha maioría máis ampla da que tivera a primeira vez que contou coa confianza da Cámara. É un debate, efectivamente, de política xeral para render contas, analizar a situación e presentar propostas de futuro, que evidencia a normalidade e a estabilidade institucional que preside a nosa Comunidade Autónoma; unha característica que hoxe máis que nunca, atendendo á grave situación provocada en Cataluña por unha maioría parlamentaria independentista —que non unha maioría elixida pola maioría dos votantes—, que ten pechado o Parlamento autonómico catalán, é conveniente destacar: a da normalidade.

É o primeiro debate sobre política xeral desta lexislatura, pero é o sétimo do presidente; dun presidente que saíu reforzado por dúas veces das eleccións. Polo tanto, é o sétimo dun ciclo político que se inicia no ano 2009.

Daquela, no ano 2009, Galicia xa arrastraba un ano da peor crise económica que afrontou o noso país. No segundo trimestre do 2009 o PIB caeu un 4,5 %, na maior caída da produción que se recorda, e como consecuencia o paro incrementábase de forma particularmente intensa, nun menos 32 % caía o rexistrado, e nun menos 4,7 % caía a afiliación á Seguridade Social; é dicir, nada menos que 50.000 persoas perderan o seu emprego no ano previo a que o Partido Popular de Galicia asumise a responsabilidade de gobernar no ano 2009. Un tempo, por certo, no que dous dos portavoces que me precederon no uso da palabra apoiaban a maioría que facía presuntamente políticas de loita contra o desemprego.

Hoxe sabemos por que pasou todo isto. A desregulamentación dos mercados financeiros, inspirada nun irracional neoliberalismo anarcoide, unido á globalización da sociedade mundial como consecuencia das novas tecnoloxías da comunicación, provocaron o colapso do sistema financeiro internacional. Ese colapso freou a economía real, co que á crise financeira sucedeu unha crise económica. O desemprego que xerou a crise económica trouxo, á súa vez, desigualdade como consecuencia da caída da recadación dos tributos, que, multiplicada polo carácter progresivo do conxunto do sistema tributario, puxo en perigo o Estado de benestar. A treboada perfecta: máis necesidades, menos recursos e, polo tanto, un forte impacto social.

E como tantas veces na historia, a crise social provocou unha crise política, a maior que está a vivir España desde a transición. Vellas ideas populistas, extremistas e nacionalistas, defensoras de solucións tan radicais e simples como inútiles para resolver a complexidade dos problemas sociais, atoparon acubillo no malestar social que a crise provocara e puxeron en cuestión o sistema de valores e as regras democráticas que fixeron progresar a tantos países despois da Segunda Guerra Mundial na Europa continental, como entre eles a España, o quinto país do mundo que máis creceu nos últimos corenta anos.

Deste xeito, á crise financeira seguiu unha crise económica, que provocou unha crise social que nos levou a unha crise política. Unha secuencia que non só afectou a Galicia, senón á

maioría dos países occidentais, que fixeron caer gobernos como os de Cameron e Holland e que provocou a emerxencia de novos líderes como Trump ou de movementos antisistema, tanto pola extrema dereita como pola extrema esquerda, que só nun contexto crítico e socialmente convulso puideron prosperar en Europa, Galicia incluída.

España non foi unha excepción, e acentuouse a crise pola febleza dunha economía máis endebedada no exterior que adicara os recursos prestados a xuros baixos —porque os xuros xa estaban baixos entón, tras a introdución do euro— para inflar unha xigantesca burbulla inmobiliaria que estoupou inmediatamente despois de desencadearse a crise financeira.

Como consecuencia, a nosa crise económica foi máis fonda que no resto da Unión Europea, e o paro acadou récords históricos. A consecuente crise social provocou unha crise política, e foi neste contexto no que se produciu a dispersión do voto á calor de novas forzas políticas, en particular as populistas.

E é precisamente nese contexto económico de crise social e de auxe das novas forzas políticas populistas no que Alberto Núñez Feijóo e o Partido Popular de Galicia asumen a responsabilidade de gobernar. E a extraordinaria, por infrecuente, concatenación de maiorías acadadas polo presidente Alberto Núñez Feijóo e o grupo que teño a honra de representar unha vez máis neste debate, o Grupo Parlamentario Popular, dan conta de que, fronte ás predicións apocalípticas de quen exerceu a oposición nos últimos oito anos —chegouse a afirmar nesta Cámara que as eleccións do 2012 eran as últimas eleccións autonómicas que se ían celebrar porque o pobo ía ocupar as institucións e asumir o Goberno—, o que ten demostrado este Goberno e este grupo é que é posible saír da crise e manter a estabilidade institucional, e que, por tanto, con boa xestión, boas políticas e responsabilidade pode gañarse a confianza maioritaria dos electores sen necesidade de procurar un inimigo externo ao que botar as culpas, sexa este unha negra troica europea ou unha España ladroa. *(Aplausos.)*

Pois ben, señorías, para saber onde estamos, unha vez recordado de onde vimos, e antes de reflexionar onde queremos ir, é conveniente salientar, primeiro, que a crise financeira xa está superada e novas regulamentacións comunitarias e un maior control por parte do Banco Central Europeo exercen un control que fai máis solvente o conxunto do sistema. Hoxe o crédito aos emprendedores non é un problema, e mesmo a Xunta está a impulsar —como anunciou hoxe o presidente— o financiamento de proxectos innovadores en Galicia.

Segundo. A crise económica, entendida no seu senso técnico de recesión como concatenación de períodos de decrecemento ou caída do PIB, quedou atrás e xa vai pola popa.

Terceiro. A crise social permanece entre nós, pero os seus efectos en Galicia teñen sido e son menos intensos que no conxunto de España.

Cuarto. Polo tanto, o obxectivo deste Goberno para o futuro —como expuxo o presidente esta mañá— non pode ser outro que reforzar e consolidar o crecemento económico que xera emprego e mellorar o sistema de benestar que entre todos construímos.

Quinto. A estabilidade política de Galicia é a mellor garantía para a consecución deses obxectivos, pero sobre esa estabilidade hai unha ameaza, que é a inestabilidade institucional que pode provocar o desacato á orde constitucional na Comunidade Autónoma de Cataluña, que incida no conxunto de España e tamén en Galicia.

Señorías, a economía galega leva dous anos crescendo consistentemente. Se no período 2008-2014 o descenso do PIB foi de media ao ano de menos 1,2 %, no período 2014-2016 o incremento foi do 2,6 %. No último ano do período, 2016, a taxa de crecemento superou a excelente taxa española do 3,2 %, acadando o 3,4 %, dúas décimas máis, e 1,5 décimas máis que a media do crecemento na Unión Europea.

A economía galega, que leva dende o 2013 encadeando taxas intertrimestrais de crecemento positivas, o que marca claramente a saída técnica da recesión, segue a crecer no 2017, no segundo trimestre, a taxas interanuais superiores ao 3,2 %, unha décima máis que a española, ou, de acordo co recentemente publicado indicador Abanca-Foro de conxuntura económica, a taxas do 3,5 % no pasado mes de xullo. E o que é máis importante, en termos de PIB per cápita Galicia acadou no ano 2016 o valor de converxencia coa economía española máis alto da súa historia: 89,1 % sobre a media de España cen.

Así, dende o ano 2000, no que Galicia se atopaba en termos de PIB per cápita nun 77,6 da media España cen, e no terceiro lugar por abaixo de todas as comunidades autónomas, só empeorado por Andalucía e Extremadura, na actualidade atópase no décimo lugar. Unha escalada de 7 postos, 2 deles desde o ano 2016, no que superamos en PIB por habitante a Asturias, Valencia e Canarias entre outras comunidades autónomas.

O crecemento económico sustentouse fundamentalmente na demanda interna, cunha achega de 2,5 puntos, e na mellora no sector exterior cunha achega de 0,6 puntos. Pero é máis relevante ver a importancia desta situación económica botándolle unha ollada ao PIB desde a perspectiva da oferta, que reflicte un cambio na estrutura produtiva de Galicia desde o ano 2009, cunha clara recuperación do PIB da agricultura e da pesca, que pasou do 4,2 ao 4,6; unha suba da aportación da industria do 16,4 ao 16,6; unha caída da construción do 10,9 % ao 6 %; e unha suba dos servizos do 60,3 ao 63,2. É dicir, como adoita explicar o conselleiro de Facenda, un crecemento san. E, loxicamente, este crecemento estase a traducir en melloras de emprego.

No segundo trimestre do 2017 a ocupación aumentou en todos os sectores agás a construción, onde caeu un 5,6. Na industria e na construción, sen embargo, incrementáronse máis os ocupados en Galicia que no conxunto de España, e non obstante foi nos servizos onde a ocupación creceu máis en España, un 1,9, fronte a Galicia, un 0,6, o cal pode ser unha explicación do diferencial de creación de emprego entre o territorio nacional e Galicia. Respecto do trimestre anterior, a ocupación creceu en Galicia un 2,3, unha décima menos que no conxunto de España.

En relación coa evolución do paro, segundo a EPA, o número de parados nos dous últimos anos diminuíu máis en Galicia que en España. No segundo trimestre do ano había 201.500 parados en Galicia, o que implica unha redución do 9,6 %.

Certamente estamos a crear emprego, pero tamén é certo que o crecemento total da ocupación é menor en Galicia que en España, e por iso aplaudimos e apreciamos as medidas que para dinamizar o emprego propuxo esta mañá o presidente á Cámara.

En primeiro lugar —e sobre todo polos seus efectos a longo prazo—, as referidas á educación, nomeadamente á formación profesional. Hoxe hai en Galicia un 47 % de prazas máis que había no ano 2009, e estanse a impulsar novos modelos de formación e inserción laboral, como a formación profesional dual.

Unha empregabilidade do 80 % reflicte a importancia de abrir prazas na formación profesional e ciclos, en vez de pechar ciclos formativos sobre todo no rural, que foi o que fixo o Bipartito, que nos deixou 13.600 alumnos menos na formación profesional en relación co ano 2005.

Hoxe —e insisto en que cun 80 % de empregabilidade ao remate dos estudos— o número de matrículas de estudantes de formación profesional é superior en Galicia ao dos que se matriculan no bacharelato, e nestas cifras Galicia aproxímase máis a Alemaña do que a media de España.

En segundo lugar, o apoio aos traballadores autónomos e aos emprendedores, que facilita con medidas como a extensión da tarifa plana dos 50 euros durante un ano máis, a creación do bono autónomo de 3.000 euros, ou as que favorecen a conciliación dos autónomos.

En terceiro lugar, apoiando as empresas con financiamento, con axudas para o I+D+i, incentivando a Industria 4.0 e acompañando a internacionalización. E apoiando as empresas que crean emprego en Galicia con novas iniciativas como a que o noso grupo está a tramitar nesta Cámara; refírome á Lei de fomento da implantación empresarial. Unha lei que trata de simplificar a tramitación administrativa dos proxectos sen reducir a protección ambiental; que incentiva fiscalmente as empresas que ocupen terreos nos polígonos industriais de Galicia; e que facilita o desenvolvemento de solo empresarial ante a crecente demanda de chan, para que a falla de oferta non sexa a principal desvantaxe competitiva co norte de Portugal.

Nesta lei, señorías, estamos coma sempre abertos ao acordo. Trátase de favorecer a implantación de empresas para que creen traballo e impedir a deslocalización a outros países por falta de solo, e o consecuente arrastre de postos de traballo.

En definitiva, as cifras demostran que a crise económica está atrás e que agora toca consolidar o crecemento dunha economía que quere medrar con talento, internacionalización, innovación e traballo ben pagado.

Medrar economicamente permite afrontar a segunda gran crise que aínda pervive entre nós, que é a crise social. Señorías, é certo que a crise e a súa principal consecuencia, o paro, deterioraron e deterioran a igualdade na nosa sociedade. E por iso quen máis prexudicou a igualdade na nosa sociedade foi quen máis emprego destruíu no pasado en Galicia e en España.

De acordo, sen embargo, cos índices que coñecemos, o diferencial de desigualdade reflicte unha Galicia máis igualitaria que a media de Europa e que a media de España. E pode verse

perfectamente co índice de distribución da renda S80/S20 —índice europeo—, é dicir, analizando a evolución dos ingresos acumulados polo 20 % máis rico da sociedade fronte aos acumulados polo 20 % máis pobre.

Galicia pasou, entre o 2008 e o 2015, do 4,0 ao 4,5 —e aí o 0,5 de deterioración da igualdade—, pero queda lonxe da media da Unión Europea a 27 —que está no 5,2—, e moito máis lonxe da media española —que é do 6,6—, cunha deterioración moi superior á de Galicia porque desde o 2008 foi de 7 décimas e non de 5.

A crise, e fundamentalmente o desemprego, deterioraron a igualdade, pero estes datos amosan que Galicia é unha sociedade máis igualitaria que a española, e mesmo que a europea. En primeiro lugar, porque funciona a redistribución persoal da renda no conxunto de España.

Se, como sinaliei antes, o PIB per cápita creceu, no ano 2014 estaba no 88,1 de España, mentres que a renda bruta dispoñible dos fogares per cápita —é dicir, a capacidade real de gasto— estaba no mesmo ano no 92,5 da media España=100. É dicir, Galicia tiña xa no 2014 —o último ano que se pode comparar— máis capacidade de gasto per cápita, en termos medios, da que podía ter en termos de produción per cápita.

En segundo lugar, porque está a funcionar a redistribución da renda a nivel interterritorial. Os efectos combinados do gasto público do Estado —un Estado que inviste en Galicia, é a segunda comunidade na que máis inviste per cápita nos orzamentos deste ano— e das políticas comunitarias de cohesión, do proceso fiscal e do sistema de financiamento autonómico fan que Galicia sexa unha comunidade con saldos fiscais positivos, de acordo coa última balanza coñecida, a do ano 2014, 3.700 millóns de euros. É un resultado semellante ao de calquera país desenvolvido e democrático que cre na redistribución da renda e no Estado de benestar como instrumentos para acadar unha maior xustiza social.

Por iso cando falamos de cupos, e xa non digamos de apoiar a independencia das rexións ricas de España, ¿de que estamos exactamente a falar? ¿De defender a igualdade e a redistribución da renda nun Estado social e democrático de dereito? ¿Ou de defender a ausencia de redistribución no contexto duns mercados libres e abertos?

E ¿quen defende a Galicia mellor? ¿Quen antepón unha presunta solidariedade ideolóxica cos independentistas cataláns?, ¿ou quen antepón a redistribución da renda entre persoas e territorios para corrixir os efectos desiguais que xeran uns mercados abertos?

Señora Pontón, ¿quen está máis na realidade? ¿Quen ve a Galicia nunha España social, democrática e solidaria ou na suposta colonia dun imperio estranxeiro? Nós pensamos que estamos na realidade, e por iso defendemos a unidade dun Estado solidario. *(Aplausos.)*

Porque nós non temos dúbida, defende mellor os intereses de Galicia e de todos os galegos quen antepón os principios de redistribución e xustiza social, no contexto dunha España e dunha Europa de mercados abertos, que quen por prexuizos ideolóxicos favorece e apoia movementos insolidarios en comunidades autónomas beneficiadas ao longo do tempo polo funcionamento dos mercados, que non sempre foron libres nin abertos —como foi o caso

dos tempos do franquismo—, e defenden agora, desde unha posición de maior riqueza, unha ruptura do poder fiscal do Estado, poder fiscal do que depende a materialización da redistribución da renda e da riqueza en España.

Señorías, a mellor resistencia de Galicia ante a crise social tamén ten moito que ver co esforzo feito desde este Goberno; que priorizou as políticas sociais e o mantemento do Estado de benestar sobre outras actuacións.

Señores da oposición —que nos acusan de ser antisociais e de non ter preocupación pola xente que o está a pasar peor—, estamos dispostos a afrontar calquera comparación coa situación que nos deixaron no 2009, cando a Xunta tiña o maior volume de recursos da súa historia.

Dedicamos moitos máis recursos ás políticas sociais. En inclusión investimos en 2017 107 millóns de euros; 9 máis que no 2016 e 73 máis que no 2009. En dependencia, 336 millóns de euros; 13 máis que o ano pasado e 210 máis que na época en que vostedes gobernaban. En discapacidade, 95 millóns de euros; 2 millóns de euros máis que no ano 2016 e 30 millóns de euros máis que cando gobernaba a esquerda. En familia, un 126 % máis de gasto, ata chegar aos 123 millóns de euros; e 10 millóns de euros máis que ano pasado.

Esta preocupación, esta conciencia, permítenos —como anunciou o presidente esta mañá— o adianto do obxectivo de ter 60.000 dependentes atendidos ao final da lexislatura ao ano 2018, sempre e cando o Estado —como esperamos que faga— cumpra cos seus compromisos recentemente adquiridos, porque incrementamos, ademais, o noso compromiso na materia.

¿En prazas? As escolas infantís creceron un 75 % desde o 2009. Nos centros de día as prazas creceron un 141; nas residencias de maiores un 22; nos centros do Alzheimer un 81; as prazas de discapacidade un 16. O total de todas as prazas incrementouse no 55 %.

Ademais do gasto social específico, o Goberno e o grupo tamén están dispostos a resistir calquera comparación en relación coa sanidade e a educación públicas, sexa co pasado ou sexa co presente das restantes comunidades autónomas.

A mellora da sanidade pública en Galicia, pese á crise, é unha evidencia. Evidencia que se pode ver nos 34 centros de saúde rematados e os 2 que están en construción; nos hospitais da Coruña, de Lugo, da Mariña, de Ourense, de Vilagarcía, e pronto nos de Pontevedra, Santiago ou Ferrol. E no de Vigo, ese hospital que ía ser privado e resulta que é público; e que ía ter un parking municipal público e resulta que non ten parking municipal público. (Aplausos.)

Evidencias tamén polos informes que avalían o grao de satisfacción da sanidade pública española, que lembremos que é a cuarta mellor do mundo, de acordo coa revista *The Lancet*, á par de países como Noruega, Suecia ou Finlandia. Porque nós miramos para Noruega en pé de igualdade cando falamos de sanidade; temos unha sanidade ao seu nivel.

De acordo co Barómetro Sanitario, en atención hospitalaria os galegos opinan que é boa ou moi boa nun 94,70%, cando a media española é do 83,80%. Mesmo no Barómetro da Fede-

ración de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública, Galicia, que figuraba no ano 2009 no posto 11 das 17 comunidade autónomas, figura no 2017 no posto 8.

Señorías da oposición, xa está ben de mentir sobre a sanidade pública e o PP. Dixeron que iamos cobrar por ir ao médico —como, por certo, se segue cobrando en Portugal—. Dixeron que iamos pechar os hospitais comarcais e os puntos de atención continuada. Dixeron que os médicos ían cobrar polas altas. E dixeron que o hospital privado de Vigo non se ía facer por creba da UTE construtora.

Aí hai unha verdade, e é que non se fixo un hospital privado senón un gran hospital público, o Álvaro Cunqueiro, onde, por certo, tampouco se cobra polas camas dos acompañantes, como tamén dixeron nesta Cámara que iamos facer. *(Aplausos.)*

Tratándose de sanidade, o pilar fundamental do noso sistema de benestar, un pouco de responsabilidade é o que fai falta, especialmente ante a tramitación dunha reforma da Lei de saúde —pasadas as fases de alegacións, que aínda non entrou nesta Cámara— que beneficiará os pacientes mellorando desde a proximidade os servizos dos hospitais comarcais; a participación, con novos órganos de representación; e que consolidará un modelo, o das EOXI, que xa teñen aforrado máis de 260.000 desprazamentos desde as comarcas aos hospitais das cidades. Máis dun cuarto de millóns de Xosé Marías e de María Xosés que non se tiveron que desprazar do centro no que están, *(Aplausos.)* da vila na que viven, *(Aplausos.)* ás cidades. *(Aplausos.)*

Falando de fotos, hai quen pode exhibir fotos interesantes en manifestacións con persoas tamén moi interesantes, persoeiros do País Vasco, etc. Eu vou dar unha foto da sanidade pública e da privatización do PP. Concertos sanitarios: o Bipartito incrementounos un 44 %; é dicir, deixounos en 212 millóns de euros. No período 2009–2016 baixaron un 8,76 % e están en 193 millóns de euros. Eu non sei quen privatiza, pero esta si que é unha boa foto, a foto de quen apoiaba a xestión que acabo de narrar e que agora nos critica a nós por supostas privatizacións. *(Aplausos.)*

Señorías, estamos a superar a crise económica; estamos a loitar pola mellora do Estado de benestar para loitar contra a crise social como garantía dunha sociedade máis xusta, equitativa e que brinde máis oportunidades a todos. Evidentemente, como no Debate de investidura, poden pensar e argumentar que estamos continuando a facer as mesmas cousas que comezamos a facer no 2009. Efectivamente, porque dan resultado; porque os galegos e as galegas as valoran positivamente elección tras elección; e porque valoran especialmente que cumpramos as nosas promesas electorais. Recordemos algunhas.

O 14 de setembro de 2016 Feijóo anuncia que Galicia ampliará un ano máis a tarifa plana para os autónomos. Xa está feito.

O 16 de setembro de 2016 Feijóo anuncia impostos cero para os mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade na compra de vivenda en concellos de ata 20.000 habitantes. Xa está feito. Xa veu na Lei de orzamentos presentada no mes de xaneiro.

O 19 de setembro Feijóo anuncia unha estratexia de rehabilitación de cascos históricos. Xa está feito. O 25 de abril compareceu neste Parlamento a conselleira para explicar as medidas

que se están a executar cos case 40 millóns de euros que os orzamentos deste ano destinan á rehabilitación.

O 20 de setembro Feijóo comprométese a estender o plurilingüismo á educación infantil e á formación profesional. Xa está feito. Por primeira vez este ano hai educación plurilingüe en educación infantil e en formación profesional.

Todo isto, por certo, sempre co voto en contra de todos os grupos da oposición.

O 21 de setembro Feijóo prometeu axudas a pequenas explotacións, pechar 132 procesos de concentración parcelaria e a apertura de 30 casas niño no rural. Non só está en marcha, senón que as 30 casas niño están abertas. Pedimos que se ampliaran as casas niño e vostedes votaron en contra, pero xa están tamén en marcha outras 30 casas niño que van permitir ter no rural servizos de conciliación neses concellos nos que non é tan fácil. *(Aplausos.)*

Isto é un pequeno resumo do último ano. E a oposición tamén leva un ano no mesmo. Ou, mellor dito, máis que de continuismo de persistencia. Pero de persistencia precisamente naquilo que os fixo estar na oposición: no mesmo discurso apocalíptico e maniqueo que os galegos xa rexeitaron en 2012 e en 2016.

Voulle poñer algún exemplo do seu discurso da catástrofe.

Pensaron que tiñan un filón con Ferroatlántica. O PP vendía o país ás grandes empresas. O señor Villares chegou a dicir nesta Cámara, nunha mostra de prospectiva tan acertada como cando augurou 30 deputados para o Grupo de En Marea, que o señor Villar Mir tiña xa asegurada a autorización: «Xa a comprou hai tempo». Nós afirmamos que a Xunta actuaría conforme á legalidade, e así o fixo.

Converteron no maior problema de Galicia a reorganización de 3 centros educativos, nun país con máis de mil centros. Non callou, e o curso comezou con absoluta normalidade.

Quixeron alarmar co novo Plan de transporte, colocándose voluntaria ou involuntariamente na mesma trincheira —na mesma trincheira, os que falan de amigos— que o gran lobby empresarial do sector. Fracasaron de novo. *(Murmurios.)*

E o seu novo cabalo de batalla é un borrador de anteproxecto da Lei de saúde cuxos efectos xa soan que van ser tan apocalípticos como todos os anteriores.

A Lei de saúde... Por certo, vostedes derrogaron nada máis chegar ao goberno o cen por cento da Lei de saúde do Goberno popular anterior; e o que estamos a facer é reformar 20 artigos dunha lei que ten 140. Evidentemente, vostedes saben facer leis e nós non sabemos facelas. E cando vostedes as derrogan ao cen por cento debe ser que son moi bos, e nós, cando derrogamos 20 artigos de 140 para mellorar a lei, parece que estamos destruindo a sanidade pública.

Vostedes poden derrogar todo o feito por nós, pero nós temos que manter inmaculado todo o que vostedes deixaban. ¿Por que? Porque encima vostedes son os máis bondadosos e nós

somos os malvados. Vostedes están co pobo, nós cos grandes intereses empresariais. É unha mensaxe sinxela e simple, e, evidentemente, falaz e maniquea, o que nos leva á última dimensión da crise á que fixen referencia ao inicio da miña intervención: a crise política.

Dicía o gran Tzvetan Todorov, recentemente falecido, no seu *Os inimigos íntimos da democracia*, que esta democracia é, en primeiro lugar, un réxime no que o poder pertence ao pobo, e que por iso é un réxime no que todos os cidadáns teñen os mesmos dereitos.

En segundo lugar, que as democracias modernas son liberais cando a este primeiro principio se lle engade outro: que parte da capacidade de actuación das persoas está condicionada polos poderes públicos, pero outra gran parte permanece nas súas mans.

Tamén di Todorov: as democracias apelan a determinada concepción da actividade política, e tamén nese caso intentan evitar os extremos. Por unha parte, a diferenza das teocracias, non prometen aos seus cidadáns a salvación nin lles impoñen o camiño a seguir para conseguila. O seu programa non inclúe construír o paraíso na terra, e dáse por sentado que toda orde social é, por definición, imperfecta. Porque a democracia implica a idea de que é posible mellorar e perfeccionar a orde social gracias aos esforzos da vontade colectiva.

A democracia caracterízase, segundo Todorov, non só por como se institúe o poder e pola finalidade da acción, senón tamén por como se exerce. Non se deben confiar todos os poderes, por lexítimos que sexan, ás mesmas persoas nin deben concentrarse nas mesmas institucións, como, por certo, fai a lei de desconexión catalá. É fundamental, por exemplo, que o poder xudicial non estea sometido ao poder político. (*Murmurios*.) Desta maneira, Todorov afirma: «A vontade do pobo tropeza cun límite de outra orde, por isto, para evitar que sufra os efectos dunha emoción pasaxeira ou dunha hábil manipulación da opinión, debe axustarse aos grandes principios definidos tras unha madura reflexión e consignados na Constitución do país.»

E así conclúe Todorov: «Os perigos inminentes á idea de democracia proceden do feito de illar e favorecer exclusivamente a un dos seus elementos constitutivos. O pobo, a liberdade e o progreso son constitutivos da democracia, pero se un deles se prima e se olvidan os outros, entón o que temos, cando é o pobo, é populismo; cando é a liberdade, o que temos é ultraliberalismo; e cando falta o terceiro elemento da democracia, o que temos é o mesianismo.»

O ultraliberalismo xa mencionei que foi a cerna da crise. E populismo e mesianismo son as ameazas subxacentes á crise política que está a desestabilizar España e que poden prexudicar gravemente a nosa recuperación económica.

Cando falo de populismo e mesianismo permítanme unha nova cita literal que axude a comprender cal é a situación actual. Cito: ¿Existían posibilidades para un populismo de esquerdas en España? Se asumimos que baixo determinadas condicións se pode xerar discursivamente unha idea popular politizable electoralmente, no noso país dábanse as condicións. Tratábase, no noso caso, de sumar as novas demandas derivadas da crise arredor dun liderado mediático capaz de dicotomizar o espazo político.

Continúa: «A análise das experiencias acontecidas en América Latina provéronnos de novos instrumentos teóricos para interpretar a realidade da crise española, enmarcada no contexto do sur de Europa, área que desde 2011 empezamos a crer que se atopaba nun proceso de latinoamericanización entendido como a apertura dunha estrutura de oportunidade política.

Conseguimos estar moi ben preparados cando apareceu o ingrediente imprescindible da hipótese Podemos: a posibilidade de liderado dunha figura mediática que disfrutaba dun altísimo nivel de notoriedade en España.»

¿E como quere esta figura mediática máis ben mesiánica usar os mass media para dicotomizar e dividir a política española e provocar unha latinoamericanización da política en España? O propio autor responde: «A denuncia da corrupción como modelo económico e político das elites que encarna o PP» —os malvados— «dicotomiza o escenario electoral e sitúa a elección entre continuidade e cambio nos termos nos que nos interesa.» Fin da cita. Autor, Pablo Iglesias Turrión. Revista *New Left Review*. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Desprezar o rival, convertelo en inimigo para confrontar, populismo. Ese é o obxectivo, ese é o obxectivo. Eu creo que despois de dito isto é fácil comprender e explicar o comportamento dalgúns dos membros desta Cámara. Traer a unha sociedade consensualista a división, a confrontación, o agravio e a denigración, propalalo —como se fixo coa desregulamentación financeira— aproveitando a existencia de novas tecnoloxías da comunicación nas que, na ausencia de controis de veracidade ou xornalísticos, se crean posverdades (*Murmurios.*) ou realidades alternativas que vilipendian o rival electoral, é o que fan estes señores. (*Murmurios.*) Por exemplo, como coa corrupción.

¿Saben vostedes cal é a Comunidade Autónoma con máis cargos imputados por corrupción en España? É Cataluña, xusto a comunidade onde o PP ten menos poder de todo o Estado. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Hai 303 imputados. ¿Saben cal é a segunda que ten máis imputados por corrupción? A segunda comunidade na que o PP ten menos poder: Andalucía. (*Murmurios.*) Hai 153 imputados por corrupción. Cataluña ten o dobre que Madrid, que ten 145. ¿E saben en Galicia cantos hai? Hai 20; 20 son os que hai en Galicia. Non vou facer unha análise cualitativa porque, evidentemente, respecto o dereito á presunción de inocencia, e se eliximos por orde de importancia, ao mellor tampouco sae o PP nos que están imputados en Galicia.

Estes son os datos. A vostedes non lles importa a verdade. Vostedes falan de miles de imputados. Estes datos son a memoria oficial do Consello Xeral do Poder Xudicial, non son os tuits... (*Aplausos.*) Non son os tuits de vostedes. E poño a corrupción como un exemplo de que a vostedes a verdade é o que menos lles importa. A vostedes o que lles importa é a posverdade, crear falsas imaxes e denigrar o rival político, que se converte en inimigo. Que non son inimigos nosos, que son inimigos da democracia, por iso comecei citando a Todorov.

Esta filosofía política, aplicada consciente e premeditadamente, é o que explica o comportamento dalgúns dos membros desta Cámara. Nalgúns casos eu estou sorprendido máis que nada pola profesión e pola actividade profesional de quen o practica, que nos vai deixando unha serie de frases nesta Cámara que van pasar á antoloxía. Igual que se dixo que primeiro hai que determinar as necesidades, que por definición son infinitas, para despois ter os

cartos, co cal nunca vas atopar os cartos porque as necesidades son infinitas, hoxe deixou outra tamén para a historia da filosofía xurídica, e exactamente o que dixo foi... ¿Como dixo? Que hai leis inxustas. Isto dise nun Estado democrático por parte dun xuíz democrático. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) É dicir, resulta que a lei, que por definición é a expresión da vontade popular, que expresa a idea que o conxunto da sociedade ten da xustiza, é inxusta. ¿E quen di o que é xusto, señor Villares? ¿O bispo, o monarca, mirámolo nun tratado de dereito natural ou simplemente lle preguntamos a vostede porque é xuíz? Esa é a pregunta. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Señor Villares, nós seguimos crendo na democracia.

O populismo tamén, por desgraza, chegou a Cataluña, onde o nacionalismo trazou o seu eixo dicotómico e o seu discurso denigratorio contra o conxunto de España e as súas institucións. Así xorde o «España nos rouba», ou o «España nos oprime» ante a incapacidade de afrontar a crise responsablemente, como fixo Galicia e como fixo tamén o País Vasco. Unha denigración e sinalamento que lembra xa, a día de hoxe, desgraciadamente, os episodios máis negros da historia contemporánea europea.

Señor presidente da Xunta, agradecemos, compartimos e apoiamos a súa firme declaración de defensa da orde constitucional e estatutaria fronte aos riscos que plantexan os desafíos nacionalistas e populistas e a súa posible reacción centralizadora.

Non nos opoñemos ao diálogo, ao contrario, fomentámolo día a día nesta casa e continuáremolo facendo, porque para nós o diálogo e a procura do consenso son intrínsecos á nosa forma de facer política. Diálogo si, sen renunciar aos grandes principios que cimentan toda orde social democrática e equitativa, que son a igualdade, a equidade, a liberdade e a solidariedade. E defendemos e practicamos o diálogo precisamente porque —como dixo esta mañá o presidente— nós miramos a Galicia. Miramos as súas xentes, os nosos veciños, que arelan ter un traballo digno, un futuro mellor para os seus fillos e un sistema de protección social que axude a quen o precisa. Veciños e galegos que tratan e respectan educadamente a todo o mundo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...mesmo cando teñen suficiente confianza como para tutear a quen se encontran pola rúa. Que saben que eses obxectivos só poden acadarse se rexe o Estado de dereito que garante a paz social. Porque a inmensa maioría dos galegos e galegas comparten, coma nós, o que un gran demócrata, outro presidente dos Estados Unidos, deixou dito nunha das súas últimas intervencións públicas antes de caer morto en Dallas: «Calquera persoa que tivera estudado historia ou os conflitos sociais do presente, tivera estudado ética ou civismo, ou as ferramentas que inflúen en calquera conflito, sabe que só desde o respecto á lei é posible que os homes libres poidan vivir xuntos en paz e progreso.» Dixen. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Tal como se lles comunicou na orde do día, o presidente podía suspender. Óptase por non suspender; polo tanto, o presidente ten a palabra para dar resposta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas aos portavoces dos grupos.

Señorías, vou intentar responder ás cuestións que se plantexan, sobre todo ás que plantexa o BNG e o Partido Socialista, porque lamentablemente o que plantexa En Marea contéstase por si só. (*Aplausos.*) Non sería capaz de contestar a un discurso tan fraternal e amable como o que dirixe unha das persoas que neste momento é o portavoz de En Marea.

Señora Pontón, di que aos cataláns lles falta democracia, que botan de menos a democracia. Será porque levan décadas gobernados polos nacionalistas. Porque, dende logo, non me explico como a un pobo lle falta a democracia cando nin sequera son capaces de finalizar as lexislaturas.

En fin, tamén dixo cousas sorprendentes cara ao noso país, porque dixo que en Galicia a maioría da xente era de dereita extrema. Ese é un insulto importante e os galegos non llo imos ter en conta. Pero dicir que o presidente da Xunta é de dereita extrema, que o grupo que o apoia é de dereita extrema, e resulta que teñen case o 48 % de votos, é dicir que case a metade dos galegos somos de dereita extrema.

Non llo imos ter en conta, señora Pontón, porque vostede só representa o 8 % dos galegos, e, en consecuencia, o 8 % dos galegos non son quen de cualificar a maioría dos galegos. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, falou vostede de que en Cataluña se practicara a violencia de Estado. Un respecto polos funcionarios da Garda Civil e da Policía Nacional. (*Aplausos.*) Un respecto polos funcionarios da Garda Civil e da Policía Nacional. Non son delincuentes nin activan a violencia cumprindo as ordes xudiciais. Creo que os galegos que están alí non merecen ese cualificativo; nin os galegos nin o resto. Porque, como dicía onte un socialista, eses gardas civís e eses policías nacionais somos nós, son os que están custodiando a Cámara para que vostede poida dicir o que lle pete. Son os que están custodiando as institucións galegas para que o autogoberno quede garantido. Son os que están mantendo os dereitos dos deputados para dicir, baixo a inviolabilidade parlamentaria, calquera tipo de insulto e descualificación a outra persoa.

En definitiva, chamarlles delincuentes á Garda Civil e á Policía creo que non debe constar no *Diario de Sesións*. Porque a violencia de Estado nun Estado democrático, señorías, non se pode imputar a aqueles que compren as leis e a aqueles que executan as sentenzas xudiciais.

Mire, señoría, eu escoitándoa a vostede —dígollo con todos os respectos— levo escoitándoa durante bastante tempo, dixeran que eu non viña falar aquí de Galicia, que falei doutras cousas. Falou vostede de amnistía fiscal. Supoño que se refería á do PP; á do PSOE, que vostedes apoiaban, non.

Falou da reforma laboral. Non sei se se refería vostede á do señor Macron ou á do señor Rajoy. Falou vostede de distintas consideracións, de difamar aos políticos cataláns. Simplemente por dicir que non acepto que os cataláns digan que España nos rouba porque, en consecuencia, os galegos roubamos. ¿Iso parécelle a vostede que é difamar os políticos cataláns ou é defender os cidadáns de Galicia?

Señora Pontón, escoitei con moito interese toda a súa intervención, incluso a que fixo pola mañá diante dos medios de comunicación. Fixo un alegato sobre a democracia, sobre votar, e esta mañá dixo con desprezo: «Feijóo só ten votos». ¡Home, señoría!, pois a verdade é que si, a verdade é que temos votos. Por iso non me explico para que quere vostede votar, porque, se despreza os votos —despreza os votos cando non lle cadran as contas a vostede nas votacións—, é sorprendente, señora Pontón, que diga que o presidente da Xunta só ten votos. É unha frase na que queda resumida a posición do BNG neste debate do estado da Autonomía. *(Aplausos.)*

A partir de aí, señora Pontón, todo o que dixo, na miña opinión, é absolutamente respectable, pero tamén é, na miña opinión, equivocado.

Fala vostede de que os orzamentos do Estado para Galicia son insuficientes. Tamén o dixo o deputado Leiceaga. Son 920 millóns do Ministerio de Fomento, o 11% do total do que inviste o Ministerio de Fomento en España. Galicia é a segunda comunidade autónoma en maior investimento per cápita, 307 euros por habitante, cando a media de España está en 184 euros por habitante. É dicir, temos un 67 % máis de euros por habitante cada galego que o resto dos españois, e a vostede parécelle que son lamentables. O 11 % do total do presuposto cando vostedes pactaban ter o 8 %. Exactamente, señora Pontón, non sei de que se nos acusa.

Fala vostede tamén doutras cousas como do sector lácteo. Cando cheguei ao Goberno, o prezo do leite estaba a 26,7 euros. Si, señoría, comprendo que os que non estaban aquí nin o sabían. Pero neste momento está a 30,3. Esa é a gran diferenza, señoría, entre o prezo do leite cando vostedes gobernaban no rural e agora cando nós estamos esnaquizando o rural. Eran 26,7 céntimos litro e levaban 16 meses en caídas ininterrompidas do prezo do leite. Agora levamos seis meses con crecemento do prezo a 30,3 céntimos litro e resulta que xestionamos mal o asunto do leite.

Mire, señoría, fala vostede de que vostedes querían crear un grupo lácteo. Nós fixemos a maior concentración de cooperativas da historia láctea de Galicia, ¡a maior! Será porque as cooperativas cren no sector, será porque as cooperativas se senten agora máis seguras que antes. Será porque algo non faríamos mal na Consellería do Medio Rural cando fomos quen de conseguir nada máis e nada menos que cooperativas en Galicia superiores á Central Lechera Asturiana.

Falou vostede tamén dos lumes. Sempre fala vostede dos lumes, do eólico. Pero, ¿de verdade quere que recordemos os lumes? Despois dime vostede que recordo os lumes, ¡pero se eu non quero falar dos lumes! Pero o mínimo que debería vostede facer é felicitar as brigadas que este ano, o ano da seca, conseguiron ter un excelente resultado nos lumes. É o mínimo que debería facer o BNG, felicitar as brigadas, que sen auga conseguiron un excelente resultado nos lumes. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, en oito anos do Goberno que teño a honra de presidir arderon en Galicia 30.000 hectáreas menos que nos catro anos do Bipartito.

Seguiu falando vostede doutras cousas, todas respectables, por suposto, pero que non podo compartir. Seguiu falando vostede de que temos lista de espera nas escolas infantís.

No apoio á infancia aumentamos un 160 % o presuposto; cando chegamos había 47 millóns, agora hai 123. Puxemos en marcha 71 novas escolas dende o ano 2009, un 73 % máis. A lista de espera é cero. ¿Por que? Porque, se non hai praza nunha escola pública, poñemos un bono, o Bono Concilia, á disposición das familias. Se vostede coñece a esas familias, en Sarria ou en calquera outro sitio, díganos como se chaman para ofrecerlles o Bono Concilia, ao que teñen dereito se están ocupadas todas as prazas da Galiña Azul en Sarria. *(Aplausos.)* Díganos como se chaman para seguir traballando por eles.

Hai 22.999 prazas en escolas infantís financiadas con fondos públicos. Máis de 3.000 bonos Concilia. Resultado, lista de espera cero.

Temos un incremento do 80 % nas escolas infantís. Pero, señora Pontón, ¿que máis dá que vostedes levaran as escolas infantís antes? E antes de plantexar a comparación, mire ben os datos das súas xestións, igual que o eólico.

Señora Pontón, vostede, que vai ser unha gran política no nacionalismo galego, ¿de verdade que vai seguir defendendo vostede o eólico dos seus maiores? ¿De verdade que vai dicir agora aquí na Cámara que o sistema eólico do BNG é o gran proxecto de futuro da señora Ana Pontón?

Si, señorías, o importante é que cada un pode falar aínda que non saiba do que fala. Porque a empresa que acaba de ser citada levou cero megavatios no concurso eólico. *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* Pero non importa, señoría, non importa porque iso é o de menos. *(Aplausos.)* Que máis dá, ¿que máis dá se vivimos de slogans! ¡Vivimos de slogans e de frases feitas!

O único concurso eólico que quedou declarado ilegal foi o concurso eólico do Bipartito. Estou vendo as caras dalgúns deputados socialistas que estaban aquí daquela. Estou vendo as caras dos deputados socialistas cando os do BNG saían en rolda de prensa e dicíanlle ao presidente da Xunta —iso si que era respecto cara á Presidencia da Xunta— que, se se quería enterar da adxudicación dos eólicos, consultara a páxina web da Consellería de Industria.

Señora Pontón, non siga vostede polos temas eólicos, nin polos temas do leite, nin polos temas do lume, porque realmente vaise queimar, e non o pretendo, dígollo con absoluto respecto.

Como levaron a Consellería de Industria, tamén queren falar de innovación, e a vostede dálle exactamente igual falar de innovación. Queren falar do lácteo, queren falar de innovación. Pois mire, falemos de innovación, señor Leiceaga. É que o señor Leiceaga tamén falou de innovación, señoría. Se non lle importa, contéstolles aos dous. Grazas.

Pois mire, falando de innovación —que é o contrario do cacao—, a Estratexia de Especialización Intelixente que veu aquí o comisario europeo a presentar son 907 millóns de euros en proxectos de innovación, cun proxecto público de 540 millóns de euros.

O gasto en I+D en Galicia creceu un 4 % entre o ano 2013 e o ano 2015, un 4 %. Somos a quinta comunidade autónoma de maior crecemento, si, señor Leiceaga. Vostede, que lle gustan os números, comprobará que somos a quinta comunidade autónoma de maior crecemento en I+D desde o punto de vista privado. E desde o punto de vista público, entre o ano

2013 e ao ano 2015 somos a segunda de maior crecemento, ¡a segunda! Señor Leiceaga, fágame caso a min que non teño ningún interese en trabucalo, pódollo asegurar, ningún. Non teño ningún interese en trabucalo, entre outras cousas porque vostede sabe que non teño ningún interese en que vostedes se trabuquen.

En compra pública innovadora somos nada máis e nada menos que o 40 % do total de España. Compra pública innovadora, 112 millóns de euros, dos 293 investidos a nivel estatal. E no período 2014-2020 imos investir 100 millóns de euros en compra pública innovadora.

Non digo eu, señor Leiceaga, que nos anos anteriores ao 2013 baixamos en I+D+i. Non o digo. Pero o que creo que é correcto dicir é que no 2013, no 2014 e no 2015 estamos crecendo por riba da media española dunha forma importante.

Por último, señora Pontón —perdón por esta digresión de innovación—, tamén ten que vostede falar de dependencia, porque os temas de dependencia os levaba vicepresidencia. Pois con todos os respectos, porque seguro que fixeron todo o que podían, pero había 14.000 e agora hai 50.000. Vostedes tiñan 2.000 millóns de euros máis, nós temos 1.500 millóns de euros menos, co presuposto actualmente, e estamos atendendo a 52.000 dependentes, e vostedes atendían a 14.000. Supoño que Galicia merece un recoñecemento, e creo que merece, por suposto, un mínimo de respecto.

O obxectivo da lexislatura son 60.000. Hoxe comprometinme aquí a que, se se aproban os presupostos do Estado, ese obxectivo da lexislatura imos conseguilo no segundo período da lexislatura, no segundo ano, no ano 2018, e iso por suposto é estar por riba da media na porcentaxe de atención á dependencia de España. (*Aplausos.*) Temos o triplo de dependentes atendidos, temos máis do dobre na ratio de atención, do 36 % ao 75 %, e temos persoas que reciben atención a través de servizos profesionais 36 puntos máis, do 41 ao 77.

Creo honradamente, señora Pontón, que polo feito de que o BNG levase cousas e estea moi orgulloso delas, que non me fale practicamente das cousas que levaba o Partido Socialista... Creo que vostede debería revisar eses asuntos.

Fala vostede da separación en aulas de nenos e nenas, e de se agora nós o que estamos facendo é algo en contra de calquera plantexamento democrático simplemente por facer o que facían vostedes cando estaban no Goberno, que era manter eses concertos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría, si, os catro anos mantiveron os concertos, todos. E de feito hai grandes alcaldes en Galicia que se pasean por eses centros e que acoden a todas as súas festas. Si, si. Pregunte vostede nos escanos de arriba, xa verá como lle din que si. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Señora Pontón, pregunta vostede —ou afirma, non o sei— se o grao de execución orzamentaria das axudas á violencia de xénero é do 34 %. Señoría, o ano pasado o grao de execución deste tipo de axudas foi do 98 %, e imos executar todas aquelas que se solicitan. Neste momento temos o 73 %, o dobre do que vostede di. Pero, se hai máis solicitudes, temos que ampliar o crédito para atendelas; por iso quero tranquilizala en relación con este compromiso.

Por último, señora Pontón, a vostede que lle interesa Galicia, di que Galicia está cada vez peor. Non se debe confundir como está un partido con como está o país, son cousas distintas. Digo que, desde o punto de vista da converxencia con España, estamos na mellor posición desde que hai estatísticas. No ano 2008 o PIB per cápita de Galicia era de 87,4 % da media española, e no ano 2016 é do 89,1 %. Señor Leiceaga, a pesar da crise, a pesar de que non temos proxecto, a pesar de que non temos política económica, a pesar de que todo o facemos mal, resulta que en termos de converxencia estamos na mellor época da nosa historia económica. (*Aplausos.*) Señoría, ¡menos mal que non o facemos ben! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Falando de emigración, outra das grandes publicidades, Galicia foi en 2016 a comunidade autónoma con menor taxa de emigrantes de España. As saídas de Galicia representaron o 0,8 % do total da poboación, fronte ao 1,5 % da media de España. Galicia é tamén a comunidade onde saen menos mozos en proporción á poboación desta idade, de 16 a 34 anos; o 2,3 % fronte ao 3,3 % da media de España. Pero o saldo migratorio acumulado dende que chegamos ao Goberno, en plena recesión económica, dende o ano 2009, é positivo. Se collemos todas as persoas que saíron e as persoas que entraron, entraron 20.500 persoas máis das que saíron.

Estes datos que estou dando aquí supoñen, señorías, que o tema da emigración... Falemos en serio, porque se non, non é posible entenderse en nada, señor Leiceaga. Estes son os datos totais, cóllaos como queira. Se quere coller os menores de 30, se quere coller a poboación enteira, se quere coller o ano 2016 ou quere coller o período do 2009 ao 2016. Colla o que considere oportuno, pero non sigamos manipulando as cifras, porque, se non, señorías, ninguén nos vai crer nada. Probablemente é o que se pretende. Que vostedes digan o que lles pete e eu que intente traer aquí as cifras, para que a xente non saiba realmente o que ocorre. Pero cando empeñamos a palabra e consta no *Diario de Sesións*, pido que teñan un pouco de respecto polas cifras da emigración, porque se non, señorías, non é xusto.

Dende o ano 2009 ao ano 2016 emigraron, saíron fóra de Galicia, 237.000 persoas, e entraron en Galicia 257.000. Saldo positivo neto: 20.500. E cando collemos a poboación entre 16 e 34 anos, saíron de Galicia 101.500 e entraron 102.253. Saldo positivo: 701. Entón, señorías, ¿por que estamos discutindo con base en falacias de forma continuada? Por iso, señora Pontón, eu respecto absolutamente as súas propostas, pero permítame que non poida estar de acordo con elas porque a maioría das súas propostas están distorsionadas e porque a maioría das súas propostas non se concretan desde o punto de vista das realidades.

Non coñezo a proposta que vai facer o BNG en relación co autogoberno, non a coñezo, non sei cal vai facer, veremos a que fai. Si, señoría, o que dixo vostede hoxe en relación con este asunto. Vostede dixo que están en contra da Constitución, que están en contra do Estatuto actual, que están en contra do rei e que están a favor de Pedro Sánchez. Como é natural, iso non crea vostede que aproxima posicións. (*Risos.*) Pero dixo que está de acordo con Pedro Sánchez porque Pedro Sánchez aceptou que hai tres nacións en España, tres nacións como mínimo, dixo. Literalmente dixo: *alomenos*, pero engadiu «nación, pero sen nacionalismo.».

Señora Pontón, non sei se lle interesa moito este modelo. Porque se o modelo do señor Pedro Sánchez é que hai nacións pero sen nacionalismo, non sei vostede, señoría, onde vai quedar nese modelo. (*Risos.*)

En todo caso, se hai algunha proposta, señora Pontón, por suposto que a nós nos interesaría coñecela, sobre todo se a proposta é de reformar o que hai pero cumprindo o que hai, aceptando o que hai. E, partindo do que hai, buscar métodos de reforma e de ampliación no seu caso. E por suposto, señora Pontón, no momento oportuno, ¡eh!, no momento oportuno. Non por correr antes se chega antes, senón por correr mellor.

Señor Leiceaga, con todos os respectos, díxome vostede que este era un ano perdido despois das eleccións. Realmente non sei a que se refería vostede, dígollo con absoluta cordialidade. ¿É un ano perdido para quen, señor Leiceaga? ¿Para quen? Nós, humildemente, estivemos traballando durante este ano. Xa sei que cando baixamos o imposto de sucesións en Galicia era absolutamente inxusto, pero agora que o baixan en Andalucía é absolutamente progresista. Pero xa estamos acostumados a iso.

Di que non se pode ter un cargo na Xunta e un cargo no partido. Home, señor Leiceaga, eu non sei exactamente que quere dicir iso dentro do seu partido, pero falar do señor Rodríguez Miranda, que é o secretario xeral de Emigración, que levaba os temas de emigración no partido, ¿a vostede iso parécelle mal? ¡Home!, o que si nos parece sorprendente é que na historia da diplomacia española a primeira vez que houbo un embaixador sen embaixada para os asuntos de emigración foi o anterior secretario xeral do Partido Socialista de Galicia. ¡Iso si que nos parece sorprendente! Si, consulte os escanos e diranlle o nome: señor Cortizo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non foi secretario xeral do PSdeG... As fontes consultadas acreditan que non é así... (*Risos.*) Que digan exactamente o que foi, o que si sei é que era nada máis e nada menos que embaixador para a emigración sen embaixada. (*Aplausos.*)

Señor Leiceaga, ¿verdade que ás veces un ten que pensar as cousas antes de dicilas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Sen dúbida, iso sen entrar en como se repartían cheques en man cando vostede era portavoz do Partido Socialista en Bos Aires. (*Protestas.*) Custoulle o cese. Si, si. Non, vostede non, en ningún caso. Señor Leiceaga, téñolle un grande respecto. Digo que cando era portavoz do PSOE había cargos do Partido Socialista que repartían cheques en man en Bos Aires. Mire vostede a hemeroteca. E o presidente da Xunta daquela tivo que cesar a ese cargo. Non se preocupe, señor Leiceaga, teño boa memoria. Estaba no escano da oposición.

Señor Leiceaga, dixo vostede que non temos modelo económico, que non temos modelo industrial, que non temos modelo para os sectores primarios, que non temos modelo para a industria... A verdade é que si, pero eu atopei Galicia caendo o PIB ao 4,5 % e agora está crecendo por riba do 3 %. Atopamos unha Galicia que destruíu 50.000 postos de traballo no último ano, e agora crecemos máis de 19.000 postos en afiliacións á Seguridade Social. Dato de setembro. Atopamos unha Galicia onde as exportacións caían o 20 % e agora levamos récord de exportacións no ano 2013, 2014, 2015 e 2016, e estamos a punto de conseguilo no 2017.

Chegamos a unha Galicia onde o índice de produción industrial caía o 3,8 %, e agora resulta que os pedidos están por riba do 9 %. Chegamos a unha Galicia onde o índice de vendas do comercio baixaba o 3,8 %, e agora está subindo o 2,5 %.

Dixo vostede tamén que non tiñamos un calendario parlamentario e que só levabamos unha lei remitida á Cámara. Son catro, señor Leiceaga: a Lei de orzamentos, a Lei de medidas fis-

cais, a Lei de crédito extraordinario e a Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia. Son catro. (*Murmurios.*) Iso si, iso non lle parece... A Lei de orzamentos, como non é necesario aplícala noutros concellos, pois é un tema menor. (*Aplausos.*) Ese é un tema menor.

O que máis me gustou da aproximación ao Partido Socialista nesta nova etapa foi escoitar motivadamente por que vostedes votaron non despois de aceptar o 80 % das emendas á Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. Dixeron que estaban en contra das touradas. Señores do Partido Socialista Obreiro Español, pero ¿de verdade que vostedes están en contra das touradas gobernando en Sevilla, gobernando en Mérida e gobernando en Toledo? (*Risos.*) ¿A quen queren enganar? Vostedes pensan que os galegos somos parvos, ¡que o Partido Socialista está en contra das touradas! (*Aplausos.*) Pero ¿de verdade cren que estamos dispostos a aceptar esta proposta? Pois nada, señoría, ¡claro que si!, iso é ter un proxecto cohesionado. (*Risos.*) Sen dúbida, todos os días aprendemos cousas.

Mire, remitimos ao Parlamento, señor Leiceaga, a Lei de portos, a Lei de espectáculos públicos e a Lei de implantación empresarial. Ten posibilidades de aprobala. A nós gustaríanos aprobala con vostedes porque iríamos máis rápido. Son tres. Levamos xa sete. Neste Parlamento hai sete leis, e imos remitir doce máis. Se quere, dúlle os datos, pero se ten interese, dúllos persoalmente.

Señor Leiceaga, a única vez na historia da comunidade autónoma que pactamos o director da Radio-Televisión Galega foi na lexislatura do ano 2009. No ano 2009 pactamos o director, e despois resulta que pasou o que pasou, e resulta que as persoas coas que pactei o director da Radio-Televisión Galega do Partido Socialista foron mudando, e despois co que pactamos deixou de estar e veu outra, e despois desa outra veu outra. E agora resulta que non sabemos quen vai vir. E a pregunta é: ¿eu que teño que facer? ¿Pactar con cada un de vostedes cada ano o director da Radio-Televisión Galega ou profesionalizar a Radio-Televisión Galega, que é a canle de maior audiencia autonómica de España? (*Aplausos.*) ¿Non lle parece, señoría, que iso é máis axeitado que andar modificando constantemente en función da proposta?

Fixemos un Estatuto profesional, e correspóndelle exclusivamente ao Consello de Administración da CRTVG a fixación dos principios reitores da programación, a creación do Estatuto profesional. Aprobou as normas para a inserción de publicidade nos medios públicos galegos. Esa CRTVG que a vostede non lle gusta dispón dun mandato marco, dun plan anual de actividades, dun orzamento aprobado todos os anos, e por certo, sen déficit, e un plan xeral de actuación da corporación ata o ano 2019, publicado no portal de transparencia.

Señor Leiceaga, non lle vou concretar en que consistiu aquela negociación da CRTVG, e o que me propoñían, porque creo que iso non é respectar á CRTVG nin aos periodistas da CRTVG. Por iso creo que deberíamos polo menos dicir: mire, vostedes cambiaron de opinión e agora non lles gusta o director que se pactou. Estou de acordo. Pero non me diga que non se pactou o director porque iso honradamente non llo podo admitir, señor Leiceaga, porque é falso.

Imos concretando, señorías. Dicir que non temos modelo social a verdade é que é inxusto, porque neste momento hai máis servizos sociais públicos que en ningún momento da historia de Galicia. Dicir, señorías, que non apoiamos á infancia ou que a renda de integración social

é cativa, cando neste momento non hai lista de espera na Xunta para cobrar a renda de integración social. Dicar —como dixo algún portavoz— que estamos nunha situación de inatención da pobreza enerxética é simplemente falso porque a comunidade autónoma que está atendendo o ticket eléctrico é Galicia; porque a comunidade autónoma que está buscando vivendas para a xente que ten problemas de desafiuzamento é a Comunidade Autónoma galega. Iso si, sen ningunha axuda por parte de ningún concello das cidades galegas. Iso si, sen ningunha.

Como é lóxico, señor Leiceaga, creo que non é xusta esa referencia, e por iso pido que se concrete e que se volva revisar.

¿A vostede parécelle mal que as cotas, desde o ano 2012, no ámbito da pesca subiran un 40 %? ¿Parécelle inaxeitado que desde o ano 2016 o volume de venda subira un 20 %, 76 millóns extras en lonxas, atopando 500 millóns de euros en valor? A descarga en lonxa, 500 millóns de euros; a mellor cifra nos últimos vinte anos.

Hai 8 millóns de metros cadrados de zona de marisqueo recuperados, e temos que recuperar 10 millóns máis ata o ano 2020. O cerco incrementou o volume de descargas en máis dun 50 %, e o valor económico nun 15 %.

Igual que no agro. Di vostede que está mal o viño, que están mal as castañas, que está mal o lácteo. Do lácteo creo que respondín. Pero ¿de verdade que o incremento do 64 % das exportacións de viño a vostede lle parece pouco?

A colleita de castaña, con independencia das dificultades que temos desde o punto de vista dos castaños, ¿parécelle pouco a pesar das dificultades nas árbores e das dificultades que estamos tendo desde o punto de vista de todos os patóxenos que as están invadindo? ¿Parécelle pouco?

Novas leis para mellorar a protección do agro: a Lei de mellora de estrutura agraria e a Lei de montes. Pagamos menos impostos no agro galego que en ningún outro agro de España. Aumenta o apoio á modernización e á incorporación de mozos; máis de 1.100 en modernización de explotacións. Melloramos a calidade e as infraestruturas viarias, que dixo que non o faciamos; 36 millóns de euros en infraestruturas viarias no rural.

Non creo que sexa razoable dicir que o sector do viño, que se incrementa entre o ano 2011 e o ano 2016 un 8,8 % a produción e un 68 % o volume exportado, lle parece incorrecto. Ou que esteamos neste momento na maior produción láctea da historia de Galicia, 366.000 toneladas, un 16,4 % máis que nos últimos seis anos, e co prezo superior a 30 céntimos o litro. Triplicamos a produción na agricultura ecolóxica e a facturación conxunta da industria da madeira medrou máis dun 11 % no ano 2015. ¿Seguro que podemos facer máis? Seguro. Pero o emprego no sector primario aumentou un 12 % no ano 2016, e no que vai de ano levamos 3.298 afiliacións máis no sector primario —no sector do agro, exactamente—.

Por iso, señor Leiceaga, creo que non é xusto o que vostede nos plantexa desde o punto de vista de que non temos modelo, porque realmente si temos modelo. Pode ser discutible, pero á pregunta de se estamos mellor do que estabamos, señor Leiceaga, en todos os parámetros a resposta é que si.

Di vostede que tampouco temos proxectos industriais. Na automoción, 3.000 millóns de euros e dez anos de traballo. No naval, despois do *tax lease* temos unha cadea de contratos de máis de 2.300 millóns de euros. En Navantia, señor Leiceaga, ¿vostede estaría de acordo en desbloquear no Parlamento un contrato para Navantia? ¿Estaría vostede de acordo en desbloquealo? Podemos falar diso. Vostedes non van apoiar o presuposto. Se non hai presuposto, non haberá consignacións presupostarias. Pero ¿podemos desbloquear un acordo para Navantia, habilitar un crédito para Navantia e poder así retomar a carga de traballo en Navantia, ademais da que ten neste momento? Señor Leiceaga, é unha proposta bastante razoable.

Dixo vostede que levamos oito anos de atraso co AVE. ¿A que data se refire vostede? (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Pregunto. Porque, se se refire vostede á que pactamos cun ministro socialista, o único que falaba en serio do AVE a Galicia era o ano 2015. Polo tanto, señoría, non sei exactamente. É verdade que hai un ministro socialista en 1988 que dixo que o AVE chegaría a Galicia en 1993. Non imos nomear o ministro porque todos sabemos quen é. (*Aplausos.*) Polo tanto, a efectos dalgún ministro socialista, o AVE estaba comprometido no século XX. Non me estraña, señoría, que a vostede lle fallen as contas en saber desde cando non temos concretado o AVE.

Hai 1.100 millóns de euros de investimento en infraestruturas hidráulicas; 1.100 millóns de euros. A metade dos galegos teñen un novo sistema de depuración, o 50 % da poboación; 600.000 galegos teñen un novo sistema de abastecemento de auga; e melloramos en sete puntos a calidade das masas de auga na nosa comunidade autónoma. Non creo que sexa un balance inadecuado para un Goberno que tiña 2.000 millóns de euros menos cada ano.

Fixemos un grande esforzo: pregunten vostedes en Ourense, pregunten vostedes en Vigo, pregunten vostedes polo saneamento integral da ría de Ferrol, pregunten vostedes pola depuradora de Bens. ¿Temos que seguir? Por suposto. Un emisario submarino en Praceres, 15 millóns de euros; o inicio da execución da nova EDAR de Rianxo, comprometida e aprobada, 14 millóns de euros; o inicio da execución da nova EDAR de Santiago, comprometido o financiamento, 60 millóns de euros; o inicio da execución da EDAR de Burela, 8 millóns de euros; o inicio da execución —por fin— na Malata, en Ferrol —despois de poñernos de acordo co Concello—, 7 millóns de euros; a fase II e III do saneamento da ría de Pontedeume, 4 millóns de euros; a redacción do proxecto da nova EDAR de Foz, 8 millóns de euros. Claro, señoría, que seguimos facendo obras, e non teña vostede ningunha dúbida de que as seguiremos facendo.

Coa aposta polo emprendemento, dende que comezamos a lexislatura creáronse en Galicia 3.628 empresas. Iso dividido polo número de días son 12 empresas creadas cada día e 28.500 novos afiliados á Seguridade Social dende que comezou a lexislatura. A algúns pareceralles pouco, pero creo que deben coñecer estes datos. E por iso me sorprende, señor Leiceaga —vostede soe ser bastante coidadoso cos datos—, que neste caso non fose o coitado que vostede acostuma a ser.

Di que en educación imos ben, que os profesores son bos, pero, sen embargo, no plurilingüismo imos mal. ¿Será porque os profesores de inglés son malos e o resto son bos? ¡Non o sei! Pero se a educación vai ben, o fracaso escolar baixou dunha forma histórica, estamos por riba en coñecementos no Informe Pisa OCDE de España, e resulta que o problema o

temos cos profesores de inglés e cos 500 auxiliares de conversa. ¡Imaxine vostede o problema que tiñamos co inglés cando non había ningún auxiliar de conversa!

Sanidade. Señor Leiceaga, se quere vostede falar de sanidade, vostede comprenderá que sempre me atopará a favor. Sempre a favor.

Ten vostede aquí un documento interesantísimo que é a Proposta de ordenación sanitaria de Galicia. Supoño que vostede manexa este documento porque é da súa proposta: Proposta de ordenación sanitaria de Galicia, outubro de 2008. Permítame, señoría, que soamente fale dunha folla deste documento que queda á disposición do presidente. Dígoo porque agora que vai acabar a campaña do Partido Socialista xa non necesitan enganar vostedes máis nas áreas sanitarias. *(Aplausos.)* Agora acabou a campaña, e cada un, como é natural, repartirá sorte. Pero creo que a xente do Barco, a xente da Mariña, a xente do Salnés, a xente de Monforte, a xente de Verín, a xente de Cee, necesita coñecer a verdade.

A verdade é que vostedes propoñían sete áreas sanitarias —as mesmas que agora—, *(Murmurios.)* leo textual: Área sanitaria da Coruña: hospital da Coruña e hospital da Xunqueira. Área sanitaria de Ferrol: zona sanitaria de Ferrol e zona sanitaria da costa. Señores de Lugo, saiban que os de Burela ían a Ferrol. Resulta que os de Burela non poden ir a Lugo pero tiñan que ir a Ferrol. Proposta do Partido Socialista Obreiro Español documentada no ano 2008. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Área sanitaria de Ourense: Ourense, Verín e Valdeorras; correcta. Área sanitaria de Pontevedra: Pontevedra e O Salnés. E área sanitaria de Vigo: Vigo. Total, sete áreas. Hai unha gran diferenza, nós aos de Burela non os mandamos a Ferrol. *(Murmurios.)*

Polo tanto, señor Leiceaga, agora que acabou a campaña, ¿de verdade que merece a pena seguir intoxicando a xente coa sanidade? *(Murmurios.)* Pero ¿que é o que quere pactar? ¿Que os hospitais sigan mantendo os servizos que teñen? ¡Pactamos! ¿Que os hospitais sigan cos plans de reforma e de ampliación? ¡Pactamos! ¿Que os profesionais se poidan mover en toda a área? ¡Pactemos! Se é o que pretendemos, señor Leiceaga. Levamos traballando así. Vostedes xa o querían facer no ano 2008 e nós levamos traballando así dende o ano 2010. Non hai ningunha novidade, polo tanto, ¿para que enganamos a xente, se a xente ao final dáse conta de todo e a xente sabe perfectamente que niso non merece a pena ser enganada?

Remato, señor Leiceaga.

Eu tamén estou preocupado polo norte de Portugal, por suposto, ¡claro que si!, pero dixemos antes que nós non queremos que Galicia sexa un lugar de *low cost* desde o punto de vista salarial. Claro, efectivamente, polo tanto, temos que competir cuns salarios máis altos. Hai unha diferenza en custos salariais que é innegable, hai unha diferenza en maiores incentivos europeos porque teñen por debaixo dun 75 % da renda media europea e teñen 10 puntos máis de incentivos europeos. Nós temos que competir, e propoñémoslles pactar a Lei de implantación empresarial.

Mire, teño aquí a táboa —que está á súa disposición— dos salarios de Portugal. Na táboa de salarios de Portugal, a diferenza do custo promedio anual en persoa é un 53 % inferior en

Portugal se o comparamos cos convenios equivalentes aquí. No metal, un 50 % de menor salario en Portugal; en oficinas e despachos, un 54 % menos; en comercio, un 56 %; en transporte, un 53 %... É dicir, o custo medio salarial é un 53 % menos en Portugal que aquí; temos que competir niso, señor Leiceaga. E as achegas á Seguridade Social por parte das empresas son un 7,2 % menos en Portugal que aquí. Con isto temos que competir.

¿Que se nos pide? ¿Que propoñamos unha baixada de todos os salarios en Galicia? ¿A que non, señor Leiceaga? Entón ¿por que non estamos de acordo en impulsar empresarialmente a Galicia? ¿Por que non estamos de acordo en que, se a Xunta rebaixa os seus impostos, que os rebaixen tamén os concellos galegos? ¿Por que non estamos de acordo, señor Leiceaga? Eu estou a favor, ¿por que vostede non quere pactar esa lei? Non entendo exactamente cal é a proposta, pero, dende logo, nós imos seguir traballando porque ese é o noso obxectivo.

Señor Leiceaga, eu estou de acordo con vostede en que, se en España se quere modificar a organización territorial, para iso se necesita un referendo. E necesitamos un referendo onde votemos todos. Absolutamente de acordo. Nin emenda nin raspadura a esa proposta; totalmente de acordo.

E vostede agora rescata a Comisión de reforma do Estatuto. Imos ver exactamente que é o que din os líderes do Partido Socialista en relación con este asunto e podemos falar dese tema, se lle parece. Iso si, ¿vostede cre que é o mellor momento para facelo? ¿Si? ¿Vostede cre que é o mellor momento? Diso creo que tamén deberíamos de falar, de se este é o mellor momento para plantexar unha reforma estatutaria para Galicia.

Eu recordo que, cando estaba de moda modificar todos os estatutos de autonomía, todas as comunidades autónomas modificárono salvo dúas, Euskadi e nós. ¿Como lles foi aos demais e como nos foi a Euskadi e a nós? (*Murmurios.*) A verdade, señor Leiceaga, é que a historia non vén acreditar que aquelas cláusulas que firmabamos e aquilo de que «aprobarei o que veña do Parlament» lle fose ben a Cataluña nin a España. Dende logo, en Galicia, señoría, mantemos o sentidío, que é bastante importante.

Xa sei que nós somos galeguistas e en Cataluña tamén eran catalanistas. Deixaron de ser catalanistas e convertéronse en nacionalistas. E agora deixaron de ser nacionalistas e convertéronse en independentistas. (*Murmurios.*) Se queren catalanismo, que veñan para aquí, porque o catalanismo en Galicia chámase galeguismo. (*Aplausos.*) Por iso podíamos chegar a ese acordo, para avanzar constantemente. (*Aplausos.*)

Remato.

Eu non con capaz de contestar a un discurso tan fraternal e tan amable por parte do portavoz de En Marea. Non son capaz porque tomei notas, pero, claro, tiña que apuntar: separatismo, cobertura do móbil, emoticonos, whatsapp, velutinas no Barco... En fin, comprenda vostede que... Se quere vostede falar en serio, esta é unha tribuna seria, isto non é un mitin. Isto non é vir aquí e falar cuns colegas, señor Villares, este é un tema serio. Entón, se vostede toma a broma o Parlamento, o que lle pasa é que cada vez no seu partido o toman máis a broma. E se vostede toma a broma a Xustiza, o que lle pasa é que na Xustiza cada vez o toman máis

a broma. Porque, como dixo dunha forma brillante o portavoz do partido maioritario, o que vostede veu falar aquí de que as leis son inxustas e que vostede está na política para facer leis xustas, é, dende logo, para que conste con letras grandes na súa biografía. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Vostede vén á política facer xustiza e sae da Xustiza para cesar a inxustiza. *(Murmurios.)* Ese é o resumo resumido. *(Murmurios.)* É dicir, vostede cando ditaba as sentenzas con base en leis inxustas como a de desafiuzamento, ¿por que as ditaba? *(Murmurios.)* ¿Vostede por que mandaba a Policía... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* para que saíra da casa a xente que tiña embargado o piso? *(Murmurios.)* ¿Por que? ¿Resulta que agora a culpa é da Policía por cumprir a sentenza dun xuíz? ¿Ese é o problema? Mire, é que non é fácil tomalo en serio. E o problema é que, ao non tomar en serio a alguén, é moi difícil poder facer un discurso contradictorio.

Se a vostede lle dá igual. Fala de que non se executou o presuposto: o 100,9 %, dálle igual. Di que hai máis paro xuvenil; menos paro xuvenil que cando chegamos ao Goberno e menos paro xuvenil que a media de España. Di que non facemos nada nos desafiuzamentos. Non, só cada 4,5 días unha vivenda. Puxo a Xunta á disposición. Di que o Consello Xeral do Poder Xudicial incrementa —segundo a estatística do Consello Xeral— os desafiuzamentos en Galicia. Acabamos de ver o dato: o Consello Xeral do Poder Xudicial di que no ano 2016 baixaron un 39 % os desafiuzamentos en Galicia. *(Murmurios.)* ¡É que inventa a propia cifra do Consello Xeral do Poder Xudicial! Entón, ¿exactamente que é o que temos que tomar en serio en relación con ese asunto?

E, por último, intenta darnos leccións de débeda pública. Señor Leiceaga, señora Pontón, resulta que En Marea está preocupada pola débeda pública. Galicia é a comunidade autónoma na que menos se incrementou a débeda pública dende o ano 2008. Galicia está agora entre as comunidades autónomas menos endebedadas de España, e cando cheguei era a cuarta con máis débeda de España en relación co PIB. Agora somos a cuarta con menos débeda de España. Se tiveramos a media de débeda do resto das comunidades autónomas, teríamos 3.500 millóns de euros máis de débeda.

E despois dime que non gastamos o diñeiro e que temos que incrementar a débeda. O discurso económico do señor portavoz de En Marea de verdade que non aguanta simplemente unha tarde, como diría un ministro socialista. A vostede pásanlle uns datos, leos e queda tan campante. E despois vén aquí dar leccións de débeda, de economía, de xustiza, de ética, de política, de democracia. É cando menos sorprendente.

Di que eu fun un... non sei que me dixo. Seguro que unha cousa amable, como é natural. *(Risos.)* Pero que fun unha persoa imprudente falando do golpe. Señoría, se quere recórdolle o que dixo vostede ante a moción de censura en Sanxenxo. Que era unha moción de censura golpista. *(Murmurios.)* Ou sexa que en Sanxenxo, por gobernar o partido que gaña as eleccións, é golpista. Señor Villares, de verdade que como siga así non o imos tomar en serio. Xa non imos tomar en serio ao seu grupo. É que non o imos tomar en serio ninguén, e ese é un problema. É un problema serio, porque, como vostede se pode imaxinar, a min gustaríame poder falar de algo con vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Gustaríame poder falar de algo con vostedes...,

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...porque, evidentemente un mínimo deberían de ter vostedes de discurso, pero é que non son capaz de concretar exactamente de que queren vostedes falar, salvo, como é lóxico, dunha emenda á totalidade. Vostede vén aquí como gran xuíz para dicir que todo o lexislado é inxusto. Vostede tivo que abandonar a Xustiza para facer xustiza no poder Lexislativo. E todos os seus compañeiros están ditando sentenzas manifestamente inxustas pola mañá e pola tarde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pois ben, din que falei de Cataluña. Os mesmos que empregan os seus cargos de alcaldes para pedir referendos de independencia en Cataluña, os das Mareas, din que eu falei moito de Cataluña. Os mesmos que van alí pedir o referendo, os tres tenores —alcalde de Santiago dixit...— que van alí falar de independencia, resulta que eles poden falar de independencia e o humilde presidente da Xunta de Galicia non pode falar de Galicia e do que se xoga Galicia no Estado das autonomías. *(Aplausos.)*

Pero ¿que tipo de democracia queren os que dan por boa unha votación como a do domingo? Poden discrepar, poden protestar, poden lairse, poden dicir que queren votar, que queren votar con garantías, pero ¿realmente que tipo de democracia queren aqueles que dan por boa unha votación que é realmente un absoluto pucheirazo, sen control, sen garantías..? ¿Ese é o preludio do réxime antidemocrático do pensamento único en Cataluña que vostedes avalan?

Saltaron todas as leis: a Constitución, o Estatut e a propia lei que eles aprobaron de forma antidemocrática no Parlament de Cataluña. E aínda que foi desbaratado e invalidado ese referendo, agora dan por bo ese resultado e dinnos que jollo!, nas próximas horas será declarada a independencia unilateral de Cataluña. E vostede vén aquí defender esa postura. Vostede, como galego, vén aquí defender esa práctica política.

Non é certo o de queremos votar, porque o que queren realmente é unha coartada contra as súas ilegalidades. Non lles interesa para nada o que pense a xente. Se de verdade o obxectivo era que votaran os cataláns, hoxe estarían falando de que non lles deixaron votar e de que queren volver convocar un referendo para poder votar. Pero non, están aceptando que ese resultado é o resultado que lexitima nada máis e nada menos que un período constituínte para consolidar e nacer a república de Cataluña. Dando por bo o resultado dese pucheirazo, iniciamos un novo réxime en Cataluña.

Señores de Podemos, a min non me gustou nada o que pasou o domingo, penso que a vostedes si. Non debería ter pasado nunca, porque nunca deberíamos chegar a esa situación. Nunca debería terse feito ese plantexamento inicial por parte dos vips independentistas, e menos aínda se debería continuar despois de ser sentenciado como ilegal polos xuíces, os seus ex-compañeiros, que teñen que ditar sentenzas inxustas. E o peor de todo, nunca se debería ter manipulado o lexítimo sentimento dunha parte da poboación para enfrontala a outra.

¿Realmente que se pretende? Preténdese que a clase independentista catalá siga no poder para sempre. O que se pretende é que os vips independentistas, que non só lle mentiron a Cataluña, senón que dividiron o pobo de Cataluña, utilicen ese pobo para conseguir os seus fins. Non queren o mellor para o seu pobo, porque un presidente que quere o mellor para o seu pobo non pode dividir o seu pobo. Pero é que nin sequera queren o mellor para eses cidadáns independentistas que os apoian, porque, se non, non os terían utilizado como os están utilizando. Queren o mellor, señor Villares, para eles. O seu obxectivo non é unha nación, é manter o negocio. O seu obxectivo é impoñer un réxime de pensamento único. O seu obxectivo é que a única garantía é que sigan mandando en Cataluña e considerando que Cataluña é un cortijo dos independentistas. É un negocio, ¿para que? Para perpetuarse no poder. E a independencia é unha coartada para seguir no poder, e creo que nun parlamento democrático temos que dicir isto para que o pobo coñeza a nosa posición. Señor Villares, ¿cal é a súa?

Resulta que eu son irresponsable por dicir isto. Mantéño, ese é o meu pensamento político, despois de reflexionalo e despois de ver como presidente da Comunidade Autónoma que cada vez que as comunidades autónomas nos reunimos para concretar, modificar, reformar, calquera asunto, Cataluña non vén. ¿Por que? Porque considera que non estamos á súa altura, porque somos pobos de segunda, porque resulta que soamente eses políticos son políticos de primeira, e nós somos políticos de segunda. (Aplausos.)

Mire, señoría, os seus ex-compañeiros da Junta Electoral Central acaban de asinar hoxe o acordo por unanimidade da referida xunta. Recórdolle que hai 8 maxistrados do Tribunal Supremo, non designados polo Goberno, senón designados por insaculación no Consello Xeral do Poder Xudicial. Recórdolle que o presidente foi xefe maxistrado do Tribunal Supremo, pero tamén foi fiscal xeral do Estado en tempos do Partido Socialista Obreiro Español.

Vou ler moi sistematicamente o que di, é moi ilustrativo: «*El pasado 1 de octubre de 2017 no ha tenido lugar en Cataluña ningún proceso que pueda ser considerado como referéndum en ninguna de las modalidades previstas por el ordenamiento jurídico, ni por el sujeto que lo convocó —incompetente—, ni por la forma en que lo hizo —en vulneración de resoluciones firmes del Tribunal Constitucional y del Tribunal Superior de Justicia de Cataluña—, ni por su objeto —inconstitucional—, ni por la notoria ausencia de toda garantía de objetividad y transparencia en su desarrollo, escrutinio y control.*»

¿Isto é inxusto, señor Villares? ¿Vostede a que vén aquí ao Parlamento? ¿Vostede vén aquí ao Parlamento a dicir que estes señores o único que ditan son sentenzas inxustas? ¿Verdade que vostede veu aquí cambiar todo isto porque vostede agora descubriu o mundo?, ¿porque desde que deixou a toga descubriu Galicia de verdade? (Risos.) Pero mire, nós levabamos en Galicia moito tempo xa, e os nosos pais e os nosos avós levaban moito máis tempo xa, e non estamos de acordo en que vostede veña aquí como mesías salvador de nada... ¡De nada, señor Villares, de nada! (Aplausos.) ¡De nada!

Mire, señoría,... Pero ¿por que non miramos para Galicia? Miramos para Galicia e imos atopar un orgullo de pertenza, de identidade propia, pero tamén un respecto á convivencia. Miramos para Galicia e imos atopar a diversidade; e a diversidade é compatible coa democracia, é compatible co respecto ás leis, á Constitución e ao Estatuto, con independencia de que haxa xente á que non lle gusten. Miramos para Galicia e verán un pobo capaz; un pobo

capaz de afrontar problemas e un pobo capaz de saír das maiores crises económicas que temos vivido nos últimos vinte anos. Miramos para Galicia e atoparán educación; educación que falta ás veces aquí, señor Villares. Miramos para Galicia e atoparán un exemplo, unha guía e unha pauta.

Aquí neste Parlamento hai nacionalistas, a pregunta é ¿nacionalistas de onde? Estou convencido de que algúns querían que ocorrera en Galicia o que está ocorrendo neste momento en Cataluña, je iso si que é querer unha ideoloxía e non querer a Galicia! Deixen ese complexo de inferioridade absurda. Miren para Galicia e sintámonos orgullosos do que fai o noso pobo, ao que temos que servir. *(Aplausos.)*

Señorías, os galegos e as galegas convócanos a novos retos. A Xunta estará ao seu carón, fallando ás veces, sendo insuficiente outras e conseguíndoo nalgúns casos. O que lle podo asegurar é que nós imos seguir aquí traballando polo país, imos seguir defendendo Galicia, e vostedes saberán onde queren estar. Nós imos seguir servindo a Galicia porque é o noso compromiso, a nosa vocación e a nosa querencia. Por iso cada vez que algún representante político di que Galicia lle rouba algo, vostede comprenderá que un presidente autonómico cun mínimo de dignidade teno que denunciar.

Cando un cre que está por riba dos presidentes autonómicos cando resulta que ten a metade do apoio electoral que ten o presidente da Xunta de Galicia nesa comunidade autónoma, o mínimo que podería facer é falarlles con respecto aos demais. E cando un é presidente dunha comunidade autónoma cando nin sequera se presentaba a ser presidente da comunidade autónoma, cando ía de número 3 pola lista de Girona, e cando resulta que a ese presidente desa comunidade autónoma non o elixiu nin o seu partido nin a coalición Junts pel Si, senón que o elixiu a CUP, evidentemente, señor Villares, respecto ao pobo de Cataluña, absoluto; traballar pola convivencia cos nosos compatriotas cataláns, totalmente; agora ben, señor Villares, terlles respecto aos que rompen as normas e terlle respecto ao negocio do nacionalismo catalán, vostedes si, Galicia non.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón. Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor Feijóo, eu que veño dunha aldea, educada con moito esforzo por meus pais, que me ensinaron uns valores que creo que son importantes... *(Murmurios.)* Como lles dicía, eu que son dunha aldea, que meus pais, miña avoa, meu avó, me educaron nuns valores que lles agradezo moito porque son os valores do esforzo, do respecto polos demais, do respecto pola verdade, hoxe a verdade non recoñezo a ese neno dos Peares.

Veu vostede aquí... *(Murmurios.)* Si, si. Veu vostede aquí agora mesmo, nun exercicio absoluto de demagogia, a faltarlles ao respecto aos que non pensamos e ás que non pensamos como

vostede, e cun paternalismo co país que, de verdade, non representa á Galiza que existe nin á Galiza que nós queremos. *(Aplausos.)*

Eu lamento que vostede teña que recorrer a manipular as miñas palabras. Eu xa sei que vostede é o rei da manipulación, de feito temos o exemplo máis claro nos medios públicos do noso país, que vostede ten secuestrados, convertidos no seu gabinete electoral. Supera a Esperanza Aguirre en manipulación. *(Aplausos.)*

Pero mire... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, eu respecto moito os profesionais. Si, si. E de feito solidarízome con eles porque sofren unha presión política enorme *(Aplausos.)* para poñer os titulares que lle interesan ao Partido Popular. ¡Enorme, señor Feijóo! *(Mur-murios.)* ¡Enorme! Só hai que ver a TVG para sabelo.

Mire, o que eu dixen, literalmente, é que vostede fixo, antes e agora na parte final deste discurso, precisamente seguidismo da extrema dereita e un discurso irresponsable onde pecha a vía a todo diálogo, nun momento no que a solución só pode ser a democracia; e mantéño, señor Feijóo: é vostede un absoluto irresponsable.

E mire, eu non lle faltei ao respecto a ningún galego ou galega, porque os respecto moitísimo, igual que respecto os vascos, os cataláns, os españois, os franceses e os ingleses. Penso que o respecto é a base sobre a que se pode construír unha sociedade mellor e unha sociedade democrática. Pero eu tamén lle pido a vostede que respecte os galegos que non pensan... que non lle dan a razón. Porque nos dixo aquí que, como temos menos votos, non podemos cualificar a maioría; pero ¿que pasa, hai maiorías e minorías en Galiza? Somos todos e todas galegas e todas e todos temos dereito ao respecto e a opinar. *(Aplausos.)*

E eu non veño aquí dicir o que me peta; eu veño aquí exercer a liberdade de expresión, que é un dereito fundamental, que, por certo, lle custou a vida a moita xente; entre algunha dela, algúns compañeiros da miña organización que estiveron loitando contra o franquismo, mentres xente que hoxe milita no Partido Popular estaba comodamente instalada nese réxime. Esa, señor Feijóo, é a realidade.

E mire, eu non lle dixen que o seu problema é... Non critiquei nin o que vota a xente nin nada parecido; só lle digo —e ímolo ver, se non, na réplica e nos argumentos que vostedes utilizan ¡de maneira reiterada!— que, cando hai un argumento e non lles dan a razón, o único que serven son os votos; e os votos o que fan é que permiten que vostede estea gobernando e que nós esteamos na oposición, pero non lle dan a razón en todo e, nalgún momento —se a democracia é diálogo, señor Feijóo—, vostede non terá razón. ¿Ou é vostede —non sei— o rei do Olimpo celta e ten sempre a razón? Non sei, señor Feijóo, como se ve; pero, desde logo, eu creo que un pouco de humildade na política lle viría moi ben, señor Feijóo, *(Aplausos.)* porque a xente deste país é xente humilde e traballadora.

Mire, a min encantárame poder visitar a Galiña Azul en Sarria con vostede; pero temos un problema, non a hai. ¿Comprométese a construíla? Eu asegúrolle que vou a esa inauguración se vostede se compromete a incluíla.

E mire, non me diga que Iberdrola e o Partido Popular non teñen vínculos; ¡que lle deron 2.200 megavatios os gobernos do Partido Popular! ¡Por favor, señor Feijóo! Pero non me diga que os megavatios do señor que ten Iberdrola... ¿Quen llos deu? ¡Ah, o Partido Popular non! ¿Non fixo esas adxudicacións o Partido Popular, vostede non está vinculado co PP? ¿Rompeu o carné? Por favor, señor Feijóo, non nos falte ao respecto.

E, mire, esgrime sempre os mesmos argumentos e, claro, é un pouco inxusto coa realidade. Fálanos vostede dos investimentos do Estado. Eu acórdome de cando vostede dicía que 2.000 millóns de euros eran un agravio a Galiza e, sen embargo, agora, como goberna o señor Rajoy, o seu amado líder, 924 millóns son... «la repanocha». (Aplausos.)

Señor Feijóo, este é o seu espello, a súa maioría absoluta, o maior recortazo nos investimentos do Estado deste século. Ao mesmo tempo, insisto en que Euskadi consegue máis fondos, consegue máis de 4.000 millóns de euros polo Goberno do señor Rajoy. ¿De que nos vale a súa submisión? ¿Para que vale tanto servilismo ao Goberno central, se, ao final, o que fai o Estado é discriminar continuamente o noso país?

E non sei se na réplica pode dicirnos qué foi da comisión esta de control —que ía facer vos— da execución: ¿quen está nesta comisión, vostede e quen máis?, ¿cantas veces se reuniu?, ¿existe esa comisión ou é outro deses titulares dun día, única e exclusivamente? (Aplausos.) Porque vostede pensa que con titulares os problemas deste país se solucionan.

E, mire, dependencia: hai 17.000 dependentes que teñen dereito á dependencia e a quen vostede xa lles dixo que non os vai atender a todos. O problema é económico, o Estado ten unha débeda pola lei da dependencia con Galiza. ¿Vai vostede defender os intereses das persoas dependentes ou vai seguir sendo un fiel servidor dos intereses de Montoro? Aclárenos isto, señor Feijóo, porque creo que é moi importante.

E hai outro tema, que, en fin, vostede —quen nos di que é o adaíl da democracia e da transparencia— non nos explica, e é esta foto. Si, si, esta foto, señor Feijóo. ¿Por que vostede lles ocultou aos galegos e galegas unha reunión co *lobby* da sanidade privada? ¿E por que, despois desta reunión, o resultado que temos é que van derivar 100 millóns de euros da sanidade pública para darlla á sanidade privada? (Aplausos.) Os galegos e galegas merecen unha explicación destas fotos, señor Feijóo. O seu álbum de fotos, a verdade, é unha auténtica mina.

E, mire, leva vostede oito anos, continuamente, mirando sempre para os que están peor. Vostede nunca mira para os que están mellor, e así é imposible que este país avance. E, claro, inventa unha realidade, porque lle é funcional para os seus titulares, pero é que temos problemas moi serios. ¿Como pode vostede dicir que coas súas políticas os autónomos e autónomas están mellor que nunca e que Galiza é o mellor lugar para emprender? Pero, ¿vostede non sabe que está descendendo o número de autónomos no noso país? ¿Vostede non sabe que hai moitos autónomos e autónomas que son falsos autónomos, que están escondendo precariedade? ¿Vostede non sabe que o problema que teñen hoxe, fundamentalmente, eses traballadores e traballadoras que teñen unha empresa, un negocio que teñen que sacar adiante, é que a billa do crédito está pechada? ¿E que lles ofrece vostede? ¿Regalarlle 50.000 millóns de euros á banca? (Aplausos.) Pois nós cremos que hai que apostar por que, certa-

mente, o aforro galego deixe de estar espoliado e que se utilice para poder desenvolver o noso territorio. E creo que, cando estamos vendo como se incrementa o número de fogares que din que non poden prender a calefacción, non pode vir aquí dicirnos que co seu ticket eléctrico os problemas están solucionados, porque é unha falta de respecto a eses galegos e galegas que o pasan mal, que o seguen pasando mal.

Pero vostede non me respondeu a unha cuestión que eu considero que é central neste momento. Gústelle ou non ao Partido Popular, este réxime está nun momento en que todo se moveu e en que nada vai ser igual, e ese debate está aberto. E nese debate vemos... que Feijóo pasa: a Feijóo non lle interesa o debate máis importante que se vai abrir nos próximos anos e que vai decidir se Galiza sobe ao tren das nacións ou se a Galiza a baixan ao tren das rexións; e iso significa menos capacidade para poder resolver os problemas que teñen as persoas deste país.

Porque, mire, hai un dogma que vostedes, neste pensamento único que poñen en marcha, nos din, e é que este Estado nos garante a igualdade; e eu preguntolles ás persoas que nos miran: ¿de verdade temos igualdade nos salarios? Eu creo que non; os galegos e galegas, a pesar de traballar máis horas, temos os salarios máis baixos. ¿De verdade temos igualdade nas pensións? Hai xente que traballou toda a súa vida e ten unha pensión que non chega nin ao salario mínimo interprofesional, moita; por certo, pode vostede subir as pensións non contributivas, imos propoñerllo nunha das propostas de resolución.

¿Pero de verdade vostedes cren que os galegos e galegas temos os mesmos servizos ferroviarios que os que levan desfrutando durante décadas outros territorios? ¿Vostede cre que ese é o camiño para conseguir a igualdade, cando estamos vendo que neste país a xente ten que emigrar, temos uns salarios baixísimos e hai un problema? Porque, certamente, durante a crise medrou a pobreza; pero tamén está medrando agora que vostedes nos falan da recuperación. E, polo tanto, ¡algo teremos que facer para que a xente teña mellores oportunidades! E o que non é solución é dicir que non cambiamos nada. Ou o que tampouco pode ser alternativa é —non sei se é a súa posición— que dá igual o autogoberno, a capacidade de decisión real que teña Galiza sobre os seus problemas.

Eu estou convencida de que non, e estou absolutamente convencida de que ou temos capacidade real para poder decidir sobre aqueles asuntos que nos afectan, que inciden na vida dos galegos e galegas, ou, realmente, non imos ser capaces de cambiar unha inercia na que vemos que Galiza non está avanzando nesa dirección na que vostedes nos din, senón que realmente hai problemas estruturais que se seguen mantendo. Nós dicímolos con tranquilidade, porque nunha democracia podemos dicir o que pensamos sen que teña que vir a Santa Inquisición de Feijóo dicirnos que podemos pensar ou non. *(Aplausos.)*

Nós claro que defendemos que Galiza é unha nación; pero o que eu lle pregunto, señor Feijóo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... é: cando este debate no Estado estea sobre a mesa, vostede ¿que vai defender? ¿Vai defender a Rajoy ou vai defender a Galiza? ¿Vostede que vai defender,

que Galiza é unha nación ou vai dicir «Non, non; Galiza, *regionalidad*.»? Xa vemos quen é o acomplegado, señor Feijóo. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes de novo.

A verdade é que teño unha sensación un pouco estraña, porque descubro que —en fin— todos os grupos acaban tendo, ou case todos os grupos acaban tendo unha querenza socialdemócrata, que me agrada que sexa así, porque hai unha certa converxencia na cámara (*Aplausos*): citamos —en fin— a Kennedy, Suecia, Noruega, Portugal... Moi ben, paréceme moi ben; pero, máis alá disto, que indica que pode haber puntos de encontro...

Na cuestión do proxecto para España, en que eu plantexo que nin a insubmisión nin o inmobilismo poden ser unha solución para afrontar os novos tempos, eu fago dúas propostas: fago unha proposta de apoiar desde aquí os traballos da Comisión de Reforma Constitucional —que foi creada recentemente no Congreso, á iniciativa do Grupo Socialista—, que debería ser o punto de enganche para afrontar unha solución, desde dentro do propio sistema, das demandas dunha parte importante, aínda que creo que non maioritaria, da sociedade catalá. Porque temos que buscar un punto de encontro, non hai outra maneira de afrontar este problema en termos democráticos, como dicía antes, para poder proceder a un referendo que nos permita votar a todos, porque ese punto de encontro ten que ser un punto de encontro que teña en conta as sensibilidades que existen na sociedade catalá, pero tamén no resto das comunidades autónomas españolas.

E para iso eu creo que é importante que aquí nos poñamos de acordo: unha proposta que permita defender nese proceso a posición de Galicia e os intereses maioritarios que teñen que ver coas sensibilidades da nosa sociedade. Creo que non debemos deixar que o espazo sexa ocupado por propostas que están máis alá do marco que temos agora. Todos os federalismos se reforman e se reforman cada certo tempo, e o noso non debería ser unha excepción. E o noso ten, ademais, dentro de si, as posibilidades de reforma: está prevista a reforma da Constitución, está prevista tamén a reforma do noso estatuto. Se non a impulsamos agora, aínda que sexa —que é a miña proposta— para crear unhas bases comúns que permitan afrontar, unha vez que se defina —se é así— a reforma constitucional, que nos permitan afrontar unha reforma do Estatuto, que sexa acorde con ese novo marco e que non dea un paso atrás nas aspiracións de Galicia... Nós somos unha nacionalidade histórica, está así definido no noso Estatuto, é unha previsión constitucional, que distinguía entre nacionalidades e rexións. E inicialmente, esta distinción no texto constitucional tiña que ver coa existencia de preferencias moi diversas pola descentralización política no conxunto do territorio. E nós estabamos no primeiro nivel, no nivel das nacionalidades. Eu creo que debemos seguir estando aí, pero tamén é certo que en España e en Galicia existe unha pulsión igualitaria moi forte, pulsión igualitaria que fai que eu non conciba unha solución que non pase por que teñamos a mesma financiación por habitante no conxunto do territorio, que non haxa máis privilexios. Eu creo que iso podemos defendelo e deberíamos ser capaces de articulalo no Parlamento de Galicia,

e non vexo outra fórmula que activar esa comisión de reforma do Estatuto, aínda que non sexa para chegar inicialmente a un texto completo, senón a unhas bases de referencia que permitan orientar a nosa actuación do futuro. Por iso fago esa proposta.

En relación con outros temas máis internos, aos que vostede tamén se referiu de maneira un pouco dispersa, na súa intervención, pero que eu atendín coidadosamente, teño que dicir que é preferible non pelexar contra muíños de vento, senón ir ao centro doutras cuestións que se plantexan. Vamos ver, a lei de reforma de medios públicos... deixemos de falar do que pasou en 2009, de que se houbo unha... É dicir: ¿cal é a clave do asunto? Pactamos no ano 2011 —pois de aí para atrás pouco nos pode interesar— un proxecto lexislativo no que estaba —¡non, non!, podemos falar diso tamén. — contemplada, entre outra cousas, unha elección por esta cámara do director da compañía. ¿Fíxose esa elección? (*Aplausos.*) Cumpramos a lei, simplemente, é moi fácil, cumpramos a lei. ¿Que é o que estamos pedindo agora? Tamén vostede me fala de que hai un documento —que, en fin, xa consultarei—, do ano 2008, que di non sei que das áreas sanitarias. Pero é que, mire, a lei que contempla as áreas sanitarias que hai agora, incluídas aquelas que vostedes queren suprimir, é do ano 2008. E esa foi unha lei aprobada, entre outros, co meu voto aquí; non co seu, co meu (*Aplausos.*) E estame dicindo agora que nese mesmo momento queríamos facer outra cousa. ¡Home!, sexamos un pouco coherentes e vaíamos ao fondo do asunto.

Eu o que lle estou plantexando é que, en vez de empeñarse en impulsar ese proxecto de lei, que vai contra a sensibilidade moi intensa da poboación nesas áreas —está vostede sobreestimando, teño que dicirllo, a capacidade do Partido Socialista para mobilizar nesas áreas, é máis un produto, simplemente, da preocupación e da sensibilidade que ten a poboación nesas áreas sanitarias—, retiremos o proxecto, o anteprojecto, que é nada máis que un anteprojecto. E sentémonos e poñámonos de acordo sobre as posibilidades de complementar o que xa hai hoxe nos hospitais comarcais con novas especialidades moi demandadas, facendo o que vostede di que quere facer, que é aproximar a sanidade á poboación. Poñámonos de acordo niso, é moito máis simple. E deixémonos de historias, de que se fixemos algo hai dez aos ou hai quince, que non serve para nada nin permite mellorar a atención sanitaria á poboación.

Por outra parte, e nesta mesma liña, a ver, a converxencia, falemos diso. ¿Por que converxemos? Pois converxemos basicamente porque estamos reducindo a nosa poboación, e estamos reducindo o peso da nosa poboación en relación con outras áreas. E vostedes estanme falando do PIB *per cápita*, da renda *per cápita*, que se divide polo número de habitantes. Como somos menos comparativamente, o noso PIB *per cápita* é maior. E está ben que isto sexa así. Claro que está moi ben que sexamos un pouco máis prósperos que antes. Está moi ben. Pero estámolo facendo a través do axuste poboacional, do axuste demográfico (*Aplausos.*), non porque a nosa economía medre máis. Se collemos desde o ano 2009 ata agora, a economía galega creceu globalmente por baixo da economía española, e vostede sábeo.

Entón, non pasa nada, non pasa nada, está ben que suba o noso PIB *per cápita*. Pero saibamos que é así. Entón, o que vostedes mesmos din que é o grave problema de Galicia, que é o problema demográfico —por iso se crea un observatorio, por iso levan desde Fraga, e despois vostede, facendo plans para a revitalización demográfica que non teñen éxito—, non o convertamos agora, non convertamos ese fracaso, nun éxito do outro lado. Porque entón non

sabemos a que carta quedar. ¿É un éxito ou é un fracaso? ¿En que quedamos? Porque, claramente, como se está reducindo substancialmente a poboación por baixo de 16 anos, o número de dependentes por debaixo de 16 é menor, e está, en cambio, crescendo a poboación en idade de traballar. Pero ese é un efecto que pouco e pouco vai ir desaparecendo, e entón si que imos ter un problema. Porque esa poboación vaise trasladar á poboación de máis de 65 e imos ter unha pirámide invertida que nos vai plantexar un enorme problema.

Falamos tamén do AVE, se quere vostede, e aquí tamén é todo moito máis simple do que vostede fai: que se hai retrasos, que se no ano 1993... É moito máis fácil, é moito máis fácil. ¿Que pasou nos últimos catro anos, desde o ano 2012? O señor Rajoy e o seu goberno, ¿conseguiu executar as cifras que tiña previstas ou estivo situado sempre no 40 % dos niveis de execución? Con goberno en funcións e sen estar en funcións, no 40 % sempre. Isto é o que trae un retraso acumulado de catro anos. Non vai poder chegar o AVE nas condicións que estaban previstas —é dicir, 2,35 horas desde a Galicia atlántica— ata o ano 2022, ¡ata o ano 2022! Porque non se vai poder facer antes o tramo Taboada-Ourense, ¡2022! Hai que dicirlle a verdade á poboación.

E, mire, sobre os investimentos de Fomento, máis alá do que está consignado nos orzamentos, ¿sabe cal foi a adxudicación no ano 2016 do Grupo Fomento —non do Ministerio, senón do Grupo Fomento— para Galicia? Foron 63 millóns de euros, esas foron as adxudicacións no ano 2016 para Galicia, 63 millóns de euros do Grupo Fomento. Esa é a realidade. Entón, podemos dicir outras cousas, pero isto é o que hai, e é todo bastante máis simple que andar discutindo do que pasou hai dez anos.

Convoque a Comisión Mixta de Transferencias, plantexe outra vez a AP-9. Porque, mire, quedame pouco tempo e non teño tempo ilimitado para poder contestar, pero fíxome unha proposta sobre a actuación do grupo parlamentario no Congreso. E dígame unha cousa: se vostede ten capacidade para decidir o que fan os seus deputados no Congreso dos Deputados, ¿por que non se fixo a transferencia da AP-9? (*Aplausos.*) ¿Por que Ana Pastor, deputada por Pontevedra, non o obedeceu e votou o que tiña que votar para que se puidera facer a transferencia da AP-9? E, se non é así, ¿que me está dicindo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señorías.

Señor Feijóo, desde o domingo toda Galicia sabe que vostede está obsesionado. Pero non se obsesione comigo, que hai cousas máis importantes, ¡home!

Mire, confunde vostede poder xudicial e poder lexislativo. É normal e non o culpo por iso, porque o Partido Popular está acostumado a poñer e quitar xuíces cando lle resultan incómodos, como puidemos todos escoitar nas escoitas da Operación Lezo, cando o señor Za-

plana, o señor Granados e outra xente do seu partido, da alta dirección do seu partido, conspiraban para quitar xuíces que estaban investigando a corrupción do Partido Popular. ¡É normal que vostedes confundan o poder lexislativo e o poder xudicial! Pero non pasa nada, porque aquí estamos para matizarllo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro! ¡Home! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* Aquí estamos para explicarlle en que consiste cada cousa.

Mire, claro, leis inxustas... Non son capaces de distinguir o sentido da legalidade do sentido da xustiza, porque para iso fai falta ter principios e fai falta ter valores, e non todo o mundo... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Para quen non ten valores e para quen non ten principios, toda lei lle parece boa.

Púxenlle un exemplo que a min me parecía bastante fácil: os 40.000 millóns regalados á banca privada mentres que a xente era desafiuzada por ter débeda privada. Era un exemplo bastante fácil. Voulle poñer outro algo máis fácil, a ver se así o axudo. Mire, nos anos sesenta Rosa Parks, que era unha muller negra, subiu en Estados Unidos a un autobús e sentou nun asento reservado para brancos, infrinxindo a lei. Vostede, se estivese alí, ¿que faría?, ¿sacaría do asento reservado para brancos porque eran brancos e ela era negra? Esa lei era a lei, pero ¿era unha lei xusta? Vostede, se vise alí diante a esa señora sendo arrastrada polos pelos e sacada dese asento, ¿quedaría mirando?, ¿pareceríalle xusto ese comportamento? Non, pero como era legal...

Para distinguir entre o que é legal e o que é xusto, hai que ter valores e hai que ter principios. Pero vostede tamén os ten, claro que os ten. Eu non o poño en dúbida, ninguén pon en dúbida nesta Cámara que vostede teña valores. Por iso o 8 de febreiro de 2009 vostede declarou que a Lei de memoria histórica era inxusta e tal vez inconstitucional. E dixo isto porque lle parecía inxusto que determinadas persoas, por ser descendentes de represaliados franquistas, tivesen máis facilidades para acceder á nacionalidade española. Véselles que o tema do franquismo se lles segue atragantando na gorxa, na cabeza e por moito sitios, ¡eh!.

Era fácil distinguir entre o que é legal e o que é xusto. E cando vostedes non o fan, os tribunais fano por vostedes tamén. Por iso declararon que iso que vostede dicía que era ilegal, o concurso eólico —do que despois desistiu por medio dunha lei—, dese lugar a unha responsabilidade patrimonial por desviación de poder da Administración. Houbo que indemnizar 3 millóns de euros, que pagamos todos e todas. Xa foi aquí comentado.

Na débeda pública nós propuxemos, e propoñemos outra vez, mercar débeda que está no mercado privado co Fondo de facilidade financeira. Vostedes agora camiñan nesa liña, e nós celebrámolo. Xa o celebramos hai catro meses. O que pasa é que xa hai practicamente doce que viñemos a dicirlles que ese era o camiño e vostedes non quixeron recoñecelo. Teríamos aforrados con esas operacións varios centos de millóns de euros que agora non podemos gastar en sanidade, en educación ou en pensións.

Equivócase bastante vostede cando lle dan os papeis, porque en relación co PIB per cápita vén aquí todo contento dicindo que se aproxima á media española. Aproxímase pero non porque suba o PIB galego, senón porque baixa o número de habitantes. E como é per cápita e hai menos habitantes, pois dálle unha ratio máis alta a pesar de que o PIB non sobe.

A súa maioría absoluta durante este ano foi tan grande como a súa irrelevancia política, temos que repetilo. Porque Vigo non foi porto nodal, e foi a favor de Huelva ou Tenerife, porque o Partido Popular non o permitiu. As radiais de Madrid foron rescatadas —estaban na quebra—. E iso custou 4.000 millóns de euros, que non foron para outras cousas. Nós aquí pedimos non soamente a transferencia da AP-9, senón, ademais, o seu rescate para o público e posta ao servizo da cidadanía. Pero como nós contribuímos para España pero nada máis, que non temos dereito a nada porque temos unha maioría absoluta e, polo tanto, vos- tede mantennos mansos, pois non hai nada que facer e hai que conformarse con isto.

Do corredor atlántico europeo, hai un corredor atlántico europeo que pasa por Madrid pero non pasa por Galicia. E iso é pola boa xestión do señor Núñez Feijóo.

A Constitución e a lei, soamente cando lle convén. Por iso a aplicación da Lei da memoria histórica é un conxunto vacío na Administración galega. Por iso todas as persoas que estu- dan hoxe no Instituto Virxe dos Ollos Grandes, de Lugo, ou no Lucus Augusti, poden ver aínda os emblemas franquistas e a vidreira franquista que preside a entrada a un centro de ensino público. Porque a vostedes non lles dá a gana de aplicar a Lei de memoria histórica e sacar de diante dos nenos e das nenas que cada día van á escola un símbolo do xenocidio, un símbolo da opresión, un símbolo dunha ditadura; que empezou, por certo, cun golpe de Estado. *(Aplausos.)*

Cometeu vostede bastantes inexactitudes, por non dicir falsidades —imos deixalo en in- exactitudes— en relación, por exemplo, co cómputo da xente que emigra ou que non emigra, ou que xa está emigrada. Mire, son os datos do INE, do ano 2016: 20.000 persoas de entre 20 e 35 anos. Faga vostede ben o cómputo. Hai formas de escoller un cómputo ou outro. Vos- tede escolle simplemente aqueles que se rexistran ou non se rexistran nos consulados e, polo tanto, sáenlle unhas cifras diferentes. Pero o INE dálle outras cifras que son bastante verosímiles; polo menos, son datos oficiais.

Ve un bo goberno e fala dos orzamentos e fala das cidades, e esquécese vostede sempre de Ourense, que ten os orzamentos sen aprobar. Non aprobou orzamentos desde que goberna o seu ex-conselleiro. Nin ten orzamentos nin ten PXOM nin ten nada. A provincia de Ourense é a cidade sen lei.

¡Ah!, por certo, creo que tivo un pequeno problema de comprensión cando eu falei das ve- lutinas do Barco. Mire, as velutinas son unhas avesporiñas que están parasitando os casti- ñeiros e por iso veñen os problemas na recollida das castañas. Vostede non foi capaz nin de entendelo nin de explicalo, e por esa razón vostede, cando veu aquí, dixo: Non, é que os cas- tiñeiros teñen un problema cos castiñeiros... A velutina, si. E O Barco é unha comarca da provincia de Ourense, a comarca de Valdeorras *(Protestas.)* É a comarca de Valdeorras —ca- pital, O Barco—, onde vostedes van suprimir unha área sanitaria e van deixar o hospital co- marcal convertido nun simple ambulatorio *(Aplausos.)*

Falouse aquí tamén antes de animais. Valente Lei de benestar animal, aquela que salva da súa aplicación os touros, coma se non fosen animais que tivesen a mesma dignidade có resto de animais que son salvados na Lei de benestar animal. Pero vese que iso non interesa.

Díxose tamén aquí unha falsidade — neste caso, o señor Puy— en relación con que se afirmaba impunemente, ou se afirmaba de forma non contrastada, que desde a Xunta de Galicia non se dixera que os médicos cobraban, os inspectores cobraban, por dar altas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor. Hai moito murmurio na sala, e hai que respectar a quen está no uso da palabra.

Para todos. ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Hai unha decisión da Xunta de Galicia que si emite esa orde, e que deu lugar a unha sentenza da Audiencia Nacional, que está comentada nun libro que se chama *Crisis, derechos sociales e igualdad*, está en Tirant Lo Blanch e é do ano 2013. É certo que eu fun a que a comentou, pero dígolle isto para que teña a referencia máis localizable.

Vostede falou pola mañá de mulleres soamente para referirse á natalidade. Obviou completamente todas as circunstancias que aínda nos separan a mulleres e homes en moitos ámbitos da vida; entre outras, unha brecha salarial do 22 %, ou a temporalidade no traballo, unha maior precariedade, cercana ao 50 %. Nós, pola mañá, xa nos referimos á cuestión laboral, á cuestión da precariedade, á cuestión da igualdade e á cuestión da necesidade de poñer máis medios para loitar contra a violencia de xénero non soamente cando esta se produce, senón, e sobre todo, con carácter preventivo para evitar que se produza.

Falou vostede do ticket eléctrico por segunda vez. O ano pasado, e durante este ano, xa lle levantamos varias veces os papeis, amosándolle como vostede destinou o diñeiro do ticket eléctrico para comprar bombillas para iluminar o Gaiás. Así que, por favor, non siga mentindo co destino dese ticket eléctrico.

Preguntábase vostede polas vivendas, e que estaban buscando vivendas para a xente moza. Pois, mire, ten un parque de vivendas inmenso na Tinería, en Lugo, baleiro, con pisos estragándose e que vostedes non poñen en circulación. Fágano, non esperen máis.

Da súa «Lei de depredación e do fomento empresarial» xa nos ocupamos antes. É unha lei que busca simplemente facilitar ás multinacionais do eólico, do mineiro, etc., a supresión de trámites ambientais, a supresión de controis, a mala venda do noso territorio. ¡Claro que estamos en contra de que fagan iso!

Mire, falaba antes de corrupción o seu voceiro parlamentario. É normal que falen tanto, porque teñen un máster, son corruptólogos. E non explicaron tampouco demasiado ben como, co seu respecto á lei e o seu respecto aos xuíces, despois a emprendían a martelazos co disco duro dos ordenadores ou como se pagaba a súa propia sede nacional. Ou, mellor, si que o explicaron dicindo que había zonas grises que había que aproveitar.

Vou rematando xa cunha cuestión soa da que antes non puiden dar conta, que é da lingua. Da lingua direi nada máis dúas cousas —ou unha— Están vostedes tamén incumprindo as súas obrigacións no ámbito internacional cando reiteradamente incumpren co seu Plan de plurilingüismo e coa Carta europea das linguas rexionais e minoritarias. E así o ditamina

continuamente o Consello de Ministros do Consello de Europa. Talvez se o fixese así, aprendería. Se tivésemos un plan lingüístico acorde coa Carta europea das linguas no ensino e fóra do ensino, pois, non sei... É que temos aínda a curiosidade por sabelo: ¿por que non di «crise» e di «crisi»? E non sabemos por que di «a leite» e non «o leite» —pero non é que o diga vostede, é que está normativizado, tamén é unha lei, que será xusta porque a escribiron vostedes—, «a leite» e non «o leite». E é que, cada vez que compramos un cartón de leite galego, pon «galega 100 %». Non, ¡o leite é masculino! E entón é raro ter que vir aquí... (*Murmurios.*) A vaca produce o leite, ¡claro! (*Murmurios.*) En fin...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Remato xa. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Remato xa. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Perdón. ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Cumpran coas súas propias leis e deixen que aqueles que temos outros valores, que temos outros principios, propoñamos a súa modificación para ter unha sociedade máis xusta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Eu non sei se ten valores, pero valor para dicir algunhas cousas ten moito vostede. (*Aplausos.*)

Vamos ver, eu creo que, xa que estamos aproximándonos ao remate, imos celebrar unha boa nova. O señor portavoz do principal grupo da oposición rematou a súa primeira intervención facendo unha proposta, que era que toda a oposición se unise nun cordón sanitario contra o PP —que somos uns malvados— nas rúas e no Parlamento para traballar conxuntamente. Ben, a resposta dos grupos aos que lles fixo esa oferta foi de entusiasmo, todos eles evidentemente dixeron que ían poñerse ás súas ordes. E eu, en todo caso, recoméndolle que presente unha proposta de resolución, porque igual lla votamos nós. Porque, como dixo o presidente, eu creo que mentres vostede sexa o líder do principal grupo da oposición temos corda para moito rato. (*Aplausos.*)

Máis en serio, neste debate tamén se viron cales son as prioridades políticas de cadaquén. E, evidentemente, tamén coincidiron todos no eloxio á Secretaría Xeral de Medios da Xunta. É o único eloxio que ten o Goberno autonómico. Evidentemente, o Bloque dicía que o Partido Popular se dedica ao bla, bla, bla, bla... E, en fin, despois fala de respecto. Eu non vou entrar niso.

Pero é evidente que tamén vostedes seguen co raca, raca, raca do soberanismo. E, como comprenderán, nós aí non os imos seguir. O cal non quere dicir que non esteamos dispostos a falar co Bloque, a chegar a acordos co Bloque. E sempre que propoñan algo que é bo para Galicia, evidentemente —veña do Bloque ou veña de calquera outro grupo— que o imos acordar.

¿As prioridades? Nunha entrevista que daba antes das eleccións —saíu publicada en *La Región*, un periódico que se le no Barco—, o señor Luís Villares dixo que «a nosa primeira medida» —cando gañen as eleccións, que non ocorreu— «será un decreto de garantías sociais mínimas para asegurar a fin dos desafiuzamentos». Esta era a prioridade coa que vostede se presentou ás eleccións. Ben, desde que empezou a lexislatura o seu grupo trouxo ao debate os desafiuzamentos unha soa vez en novembro de 2016 —polo tanto, hai case un ano—. Interpelaron a conselleira, e desde entón non volveron traer nada nin ao Pleno nin á Comisión. Era unha emerxencia, pero pasou un ano —o último ano— e non fixeron nada. (*Murmurios.*)

Nós ¿que fixemos? Pois, miren, puxemos en marcha desde o Goberno o Plan reconduce, de atención a vítimas de desafiuzamentos. O mes pasado o Consello da Xunta aprobou a apertura de seis novas oficinas para este programa e a ampliación do ámbito de actuación tamén a vítimas de desafiuzamentos por impago de alugueiro. Nos últimos dous anos, entre vivendas da Xunta e vivendas cedidas polo Sareb e polos bancos e o Programa de vivendas baleiras, adxudicáronse máis de 150 vivendas a familias que as necesitaban. E en maio deste ano o Goberno galego lanzou o Programa Realuga, co que se financia a rehabilitación das vivendas baleiras a cambio dun compromiso do propietario de cedelas para alugueiro social.

E mentres vostedes non facían nada, ¿que pasou? Pois, por exemplo, na Coruña ou en Ferrol, onde gobernan As Mareas, paralizaron o Programa de vivendas baleiras. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A diferenza é que para nós as prioridades nos levan á acción, e para vostedes as prioridades son as electorais; e, como xa dixen antes, co intento de denigrar faltando á verdade —como acabo de demostrar unha vez máis co tema dos desafiuzamentos— sobre o labor que fai o PP.

O Goberno ten prioridades —e nós estamos con elas e así o reflectiremos nas propostas de resolución—: impulsar a economía e o emprego coas novas rebaixas fiscais con incentivos para investir en actividades económicas no rural, investir en sociedades de xestión forestal, investir en rehabilitación en cascos históricos, investir en solo empresarial, co obxectivo de que se dinamice a economía e siga gañando produtividade.

Os dous portavoces, tanto o socialista como o da Marea, dixeron que o feito de que Galicia, por primeira vez no 2016, estivese no posto máis alto de converxencia coa economía española en termos de PIB per cápita estaba devaluado polo feito da demografía. Evidentemente, é o resultado conxunto dun incremento da produtividade e dunha menor demografía. E a pregunta que eu lle fago é: ¿iso é malo?, ¿é malo que baixando a demografía suba o PIB per cápita? Eu creo que é un síntoma de que a economía española vai moito mellor.

A demografía, como todos sabemos —e non hai máis que comparar o PIB dun país pequeno cun país grande—, vai correlacionada normalmente a un maior PIB. Estamos falando de PIB per cápita, e o que quere dicir é que con menos xente que traballa, por unha cuestión demo-

gráfica, a economía galega é moito máis produtiva. E isto é unha boa noticia, unha moi boa noticia. Evidentemente, se ademais medrase a poboación e o PIB per cápita se mantivese, pois creceríamos moito máis en PIB. Ese sería o mundo ideal. Pero o certo é que, mentres haxa un crecemento da produtividade, podemos ollar o problema demográfico tamén con máis optimismo.

Seguimos con reformas no eido do emprego e tamén no ámbito da demografía, coa ampliación da Tarxeta Benvida ata os tres anos e a rebaixa das taxas das escolas infantís. Crearemos o primeiro campus de formación profesional e un programa de excelencia universitaria. Aumentarán os dependentes atendidos ata 60.000 no próximo ano xa. Apostamos pola sanidade pública con investimentos en cada un dos hospitais, incluídos todos e cada un dos comarcais, o que desmente os augurios sobre o seu peche que fai a oposición. Apostamos polas estacións intermodais, e por unha oferta pública de emprego que acadará o número de 14.000 postos de traballo para deixar a taxa de interinidade na contorna do 7 %.

Polo tanto, estamos facendo o que prometemos na campaña e estamos actuando en consecuencia. E, por certo, sendo a comunidade autónoma que menos se endebedou de todas. Porque vostedes seguen co tema do endebedamento. A Marea críticanos porque nos endebedamos moito. Se aceptáramos as súas emendas, teríamos 1.000 millóns directos de débeda máis. E non lembran, cando falan de 7.000, que, deses 7.000, 3.000 son os que nos deixou a pagar o Bipartito no ano 2008 e 2009, e que seguimos apoquinando vía endebedamento porque vostedes o gastaron e nin sequera tiñan endebedada na operación correspondente a economía galega. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Sabe vostede que é así. (*Aplausos.*)

¿Comparámonos con Noruega? ¡Por suposto! Unha organización internacional de prestixio avalía os sistemas sanitarios públicos e di que España ten o cuarto mellor sistema sanitario público do mundo, á par de Noruega, de Finlandia ou de Suecia. E resulta que todos os informes que coñecemos de España din que a sanidade pública galega está por riba da media. Polo tanto, niso miramos a Suecia ou a Noruega con orgullo porque estamos mantendo unha magnífica sanidade pública.

Eu comprendo que este dato lles desfai o que levan dicindo oito anos, que iamos dismantelar a sanidade pública. ¡Pois si que o facemos mal! Estamos no cuarto país do mundo coa mellor sanidade pública por riba da media. E, claro, eu comprendo que estes datos a vostedes... pois tal... Non é que sexamos socialdemócratas. O que non é nin socialdemócrata nin outra cousa é a sanidade pública, porque a sanidade pública é de todos.

¿Capacidade de acordo? Miren, cando estabamos na oposición, de 50 proxectos de lei do Bipartito, nós a 20 non lles presentamos emenda á totalidade; e outros 20, de 50, votámoslos. Vostedes non apoiaron nunca unha lei presentada ultimamente. Eu quero dicir sobre a vontade de acordo que, miren, vontade de acordo témola toda. No pleno anterior votamos unha lei que, despois do trámite de ponencia, tiña acordado o 80 % do articulado, e votaron en contra. Presentamos unha proposición de lei de implantación empresarial e xa nos montaron un colectivo en contra antes incluso de que se emendase. Facemos o Proxecto de lei de portos, e os tres grupos con emenda de retirada. E agora, xa cando estaba en trámite de alega-

cións públicas, non só montaron manifestacións senón que dixeron que había que retirar a Lei de sanidade. Bueno, a vontade de diálogo súa non queda moi explícita coa súa actuación.

Nós —insisto— seguimos practicando o diálogo. Na lexislatura pasada aprobamos seis leis por iniciativa da oposición; e, cando estabamos nós na oposición, cero. E, miren por onde, nesta lexislatura levamos aprobadas máis proposicións non de lei da oposición que presentadas pola maioría. E, bueno, nós seguiremos dialogando, non porque ás veces sexa moi interesante senón simplemente porque, lonxe de aplicar o rodillo, entendemos que a nosa obriga democrática é falar e aceptar aquilo que entendemos que mellora o país. *(Aplausos.)*

Quero rematar falando dunha cuestión que creo que é importante. A suposta independencia de Cataluña incide moito en Galicia. Ten efectos institucionais, ten efectos sociais —nos 71.500 galegos que viven en Cataluña—, ten un impacto económico cifrado en torno aos 1.000 millóns de euros/ano. E, evidentemente, está afectando á economía española, coa incerteza que hai sobre a prima de risco e mais a incerteza que hai sobre a aprobación dos orzamentos. Pero tamén é moi interesante coñecer as actitudes e as posicións políticas dos grupos desta Cámara —sobre todo cando nos chaman de dereita extrema e cando nos din que non somos capaces de distinguir o que é xusto do que é inxusto—. Vostedes, que critican a calidade democrática de España, resulta que defenden que un Parlamento dea un prazo dunha hora para emendar unha lei de referendo cando a nós nos din que facemos atentados á democracia cando facemos o trámite de urxencia cunha semana de emendas. Apróbano por un procedemento de urxencia en contra da Constitución, en contra do Estatuto, en contra do informe dos letrados da Cámara e en contra do informe das garantías estatutarias. Á parte, adicionalmente, resulta que os grupos maioritarios pechan o Parlamento e non se someten a control da oposición. Estamos nestes momentos nunha situación en que nin hai control dos servizos xurídicos da Cámara, non hai control externo dos órganos estatutarios cataláns, non hai control xudicial, non se somete a control tampouco do Tribunal Constitucional, e iso é un exemplo de democracia, porque despois fan un referendo onde non hai xunta electoral, non hai censo, non hai interventores...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...non hai garantías, cámbianse as normas o día antes e aínda non se coñecen os resultados, que non se sabe quen os está contando. Vostedes apoian isto como un exemplo de calidade democrática, ampáranos e apláudenos.

Hoxe un xuíz en servizos especiais dixo que a rúa é a única voz da xente. Bueno, isto ten outro nome en filosofía política, chámase «decisionismo», que é identificar o pobo que está na rúa co Estado, que se constitúe en Estado. É o pobo o que, primeiro, crea o Estado e, despois, elixe o líder —o *führer*—. Sabe vostede perfectamente ao que me estou referindo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Isto non é democracia, isto ten outro nome.

Cando se aprobou a Constitución e se incluíu o termo «nacionalidades», o ponente constitucional pola minoría catalá dixo explicitamente no debate constituínte que «o termo nacionalidades lle daba un novo senso á unidade de España ao ser un recoñecemento á realidade plurinacional da nación española e un punto final a vellas querelas internas». O representante de UCD dixo que o termo «nacionalidade» se aceptaba como un xesto histórico de reencontro e reconciliación. Eles practicaban o diálogo e chegaban ao pacto.

E vinte e cinco anos despois, o propio Roca dixo: *«El consenso no es la expresión de ninguna debilidad, sino el resultado de la convicción de que los grandes desafíos solo pueden ser superados desde las grandes mayorías políticas y sociales. Si esto fuera así, la reforma constitucional...*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: *...no sería un problema. Si el consenso no se construye, ni la reforma ni muchas otras cosas podrán afrontarse eficazmente».*

Neses termos é nos que nós practicamos o diálogo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Peché do debate, señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Imos pechar o debate do estado da Autonomía. Despois dun ano desta lexislatura, creo que todos aprendemos cousas dos demais, todos aprendemos as prioridades dos demais e todos levamos unha certa idea do que os distintos grupos que intentamos representar a Galicia pensamos da situación actual. Se os galegos nos puideran ver, quedaría máis claro qué é o que pensa cadaquén. E iso sería bo, sen dúbida, para todos. Porque eu creo que hai cousas que se dixeron esta tarde, e a intervención do Goberno esta mañá, que son o suficientemente explícitas, e lamento que non sexamos capaces de que os galegos coñezan con exactitude o que todos dixemos. É moi clarividente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, eu, efectivamente, sigo sendo dos Peares. Xa non son un neno, como pode imaxinar. Vostede creo que segue sendo de Chorente, en Sarria. Vostede sabe que nas aldeas algunhas cousas non se podían ensinar; por exemplo, non tiñamos clase de galego. Vostede si, nós non tiñamos clase de galego porque na miña época non se aprendía o galego. Hai algúns listillos, como sabe, que agora saben moitísimo de galego, claro. Nós aprendiamos o galego coas avoas e coa xente na rúa, e estamos moi satisfeitos de nacer nunha aldea. Probablemente, se non nacera nunha aldea, non entendería este país como intento entendelo. *(Aplausos.)* Hai outra xente, señorías, que estudaron, que foron a universidades estranxeiras, que tocan instrumentos, e de recoñecido prestixio. Hai outros que incluso tiveron a posibilidade de facer unha oposición porque llela pagaban os pais e as nais. Hai outros incluso que

se poñen unhas togas enormes e que din «*tú sí, tú no*». En fin, hai outros listillos aos que lles parece que os rapaces das aldeas somos de menor entidade intelectual.

Pero ben, mire, señoría, ¿sabe o que me ensinaron nas aldeas? Que non é o mesmo dicir a verdade que mentir. Iso a algunha xente parécelle complexo, é certo. A min non, non me parece complexo. Nas aldeas tamén nos ensinaron, a pesar de que vostede poida entender o contrario, que hai que ser humildes. Iso si, hai que ter firmeza cando un cre que ten a razón. Pero hai que ser humildes, e cando a un lle din que dirixe a Santa Inquisición, ten que calar. Cando a un lle din que ten un «amado líder», pois ten que encaixar. E cando a un xa non lle din que é de dereita extrema, senón de extrema dereita, pois tamén temos que encaixar, señora Pontón. É unha pena que, xa que na súa aldea seguro que lle ensinaron a ter respecto polos demais, esquecera ese respecto que nas aldeas segue tendo vixencia pura todos os días. Eu non, señoría, eu sigo tendo respecto polos demais. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Si, señoría, ensináronnos a humildade e a distinguir a verdade da mentira. «Perdemos emprego no mar», Pontón *dixit*. E resulta que no mar temos saldo positivo en emprego, en facturación, saldo neto positivo, en todo como se mire. «As rías están cada vez peor», dixo a señora Pontón. Recuperamos preto de 8 millóns de metros cadrados de superficie, imos recuperar ata o ano 2020 outros 10 millóns de metros cadrados de superficie, investimos preto de 5 millóns en 170 proxectos executados polas confrarías, e temos a mellor calidade das augas dende que hai medicións. Pero incluso veu dicir que a emigración en Galicia empezara desde o ano 1990; é dicir, máis ou menos cando chegou Fraga, para entender. Porque antes non había emigración, claro, antes había... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Había xente que pode dicir o que lle peta que lle dá igual. A emigración dende o ano 1990 foi de 544.000 persoas e a inmigración, é dicir, a xente que entrou en Galicia, 728.000. Saldo positivo, Galicia gañou, desde o punto de vista dos que saen e dos que entran, 183.000 persoas. E vostede segue, e seguirán durante toda a lexislatura. Porque se vostedes non puideran falar de emigración, ¿de que ían falar, señora Pontón? ¿Non ve que lle cae o discurso? Se vostedes non puideran dicir que por culpa do PP a xente ten que emigrar de Galicia, caeríalles o discurso. Entón ten que dicilo e dicilo e dicilo... E despois recordarme que son un neno dos Peares. Claro que son un neno dos Peares. Pero nos Peares ensináronnos as regras básicas nesa escola unitaria onde iamos todos. E había un encerado e diciánnos que sumar e restar son cousas distintas, señora Pontón.

Pero claro, vostede seguiu dicindo: «a foto». ¡Home!, con todos os respectos. Pero ¿de verdade que vostede vai intentar enganar a alguén falando dunha foto da Federación de Clínicas Privadas de España, que me invitan a dar unha conferencia nun hotel de Madrid con 350 persoas e resulta que quería meter a axenda para que ninguén se enterase? *(Risos.) (Aplausos.)* É algo sorprendente, señora Pontón. *(Aplausos.)* Pero ¿de verdade que vostede está falando en serio disto? Creo que o anterior a min en dar a conferencia foi o meu colega, presidente da Xunta de Extremadura, Guillermo Fernández Bara, no mesmo sitio. Pero resulta que aí non pasa nada, claro, porque a esquerda pode dar conferencias onde lle pete. *(Murmurios.)*

Pero mire, cando vostede apertaba o botón do «si» aos presupostos do PSOE e do BNG, os concertos na sanidade subían un 44 %. *(Murmurios.)* E cando nós aprobamos os presupostos dende o ano 2009 ata o ano 2016 os concertos na sanidade baixaron un 8,76 %. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Señora Pontón, ¿dáse conta de como en Chorente e nos Peares hai intelixencia? Unha, unha intelixencia para intentar non faltar á realidade, e, outra, unha intelixencia para facer unha realidade paralela. Non, non se preocupe que non a vou acusar a vostede do que me acusa a min, porque, se non, estaríamos equiparándonos, e non teño ningún interese.

Vostede díxome que era de extrema dereita. Primeiro dixo de dereita extrema e agora dixo de extrema dereita. A verdade é que iso de «dereita extrema» era do señor Zapatero. Debe de ser que, como vostedes gobernaron tanto tempo con el, gustáballes a denominación. Pero agora que non os necesitan chámannos de extrema dereita. É dicir, o 47,8 % de Galicia é de extrema dereita, Pontón *dixit*. E despois di que eu manipulo. Pero, señorías, ¿vostedes cren que os galegos somos parvos? Os galegos non cremos en vostedes, ¿sabe por que, señora Pontón? Porque pon diante a ideoloxía e non os galegos, interésalle máis a súa ideoloxía nacionalista que os galegos de verdade, interésalle máis manter os seus mantras nacionalistas que os galegos que están na rúa todos os días e que teñen que traballar e levantarse e chegar á fin de mes. Esa é a gran diferenza, e por iso a nós, señorías, nos seguen votando. (*Aplausos*.)

Señoría, vir aquí a dicir que eu me comprometín a dar 100 millóns de euros á sanidade privada... ¿De verdade que non van pedir desculpas por isto? Non, xa sei que non se atreve a mirarme. Pero ¿de verdade que non vai pedir desculpas por dicir que eu comprometín un diñeiro á sanidade privada? Pero ¿non se dá conta de que vostede neste caso está empatando co señor Villares? E non lle convén. Non lle convén porque o BNG é un partido bastante máis sólido e bastante máis serio do que estamos vendo en que consisten as Mareas de Podemos, señora Pontón. (*Murmurios*.) É bastante máis sólido e bastante máis serio. E como me dixo un do BNG hai pouco tempo: «Quedou clara a cuestión: os que non eran do BNG xa se foron, e agora estamos os que somos únicos do BNG». Pois ten razón. Pero, agora, empatar neste tipo de inxurias e de calumnias, señora Pontón... Dáme a sensación de que o BNG debería chamala á orde. Porque vostede non pode dicir que o presidente da Xunta está cometendo delitos, coma se fora un señor Villares máis. (*Murmurios*.)

Mire, con todos os respectos, sobre a Compañía de Radio Televisión de Galicia, ¿vostede quere que volva ler os periódicos, os xornais das datas axeitadas, para dicir: «Os informativos son do BNG e os programas son do PSOE». ¡Está publicado!... Compañía de Radio Televisión de Galicia, está publicado.

Eu recordo preguntas de control do portavoz do BNG ao presidente da Xunta dicíndolle que manipulaba a Compañía de Radio Televisión de Galicia. ¿Que podo esperar eu? (*Murmurios*.) (*Risos*.) Se para vostedes o Partido Socialista, no goberno do que formaban parte, manipulaba a televisión, ¿que me vai dicir a min? Señora Pontón, non espero moitas cousas en relación con ese asunto, pero permítame, en primeiro lugar, que diga que esta canle autonómica é a canle de maior audiencia de España, por riba da TV3, e a TV3 ten oito canles e este ten dúas canles. E a TV3 está en constante déficit público e este está axustándose ao presuposto, señor Leiceaga.

Di vostede que apoiemos e busquemos outro director. Primeiro, tiñamos un, e agora quere outro e que votemos. ¡Pero se dá a sensación de que non imos estar de acordo! Se quere podemos votar o que considere vostede oportuno, pero ¿imos poñernos de acordo? Se nos po-

ñemos de acordo, paréceme ben. Pero non creo, e en ningún caso vou aceptar que se me diga e se dean leccións de obxectividade na TVG despois dos antecedentes que acabo de relatar.

Señor Leiceaga, di que nos gusta a socialdemocracia. Algunhas cousas, si. O problema é que vostedes abandonaron a socialdemocracia. (*Murmurios.*) Si, si, si... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, pregúntelle ao señor Solchaga e ao señor Solbes se abandonaron a socialdemocracia ou non, pregúntello. (*Aplausos.*) Pregúntello, señor Leiceaga. Vostede sabe que si.

Hai dous tipos de PSOE: o PSOE que gobernou —xente que sabe gobernar porque xa o fixo— e o novo, o novo Partido Socialista, que está obsesionado coas Mareas de Podemos, ou con Podemos en Madrid. E, claro, o problema é que vostedes neste momento están perdidos. Sería bo que atoparan o seu lugar. Pero, mire, eu teño aquí as frases —non llas vou ler porque comprenderá vostede que van tomar unha decisión moi importante nos próximos días—, as frases do señor Bono, as frases do señor Felipe González, as frases do señor Alfonso Guerra. ¿Ese é o Partido Socialista ou non o é? É que eu estou de acordo con estes. Estou de acordo co que di o ex-presidente González, absolutamente. E estou de acordo co que di o vicepresidente Guerra. Xa sei que os das Mareas rin, pero eu estou de acordo. ¿É que agora deste Partido Socialista xa non se pode falar del? Eu creo que si, señor Leiceaga. Entón, cando me fala vostede de socialdemocracia ponme como exemplo Portugal. ¿Que me está planteando? ¿Que intentemos rebaixar os salarios o 56 % para empatar coa socialdemocracia portuguesa? Aí está o Bloco Comunista de Esquerda. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si!, está no goberno. ¿Como que non está no goberno de Portugal o Bloco Comunista de Esquerda? Está apoiando ao goberno de forma continuada e constante. Non me plantexen vostedes que o de Podemos de Portugal, que aceptan que un portugués cobre un 56 % menos ca un galego, sexa socialdemocracia. Pois ben, esa socialdemocracia a nós non nos interesa, señor Leiceaga, non nos interesa para nada.

Mire, señor Leiceaga, como eu estou de acordo con Felipe González, con Alfonso Guerra e co señor Bono, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vostede comprenderá, señor Leiceaga, que o momento de reformar o Estatuto de autonomía non é este, non é este en ningún caso. No momento de unir as forzas para restablecer a orde constitucional, que unha nacionalidade histórica diga que quere reformar o Estatuto de autonomía... Non contén comigo para iso. Reconstruamos a unidade constitucional dos demócratas e despois seguiremos falando, pero este non é o momento oportuno para falar disto. O momento, para falar disto, é para dicir onde está o Partido Socialista, se está aceptando a mensaxe do xefe do Estado ou non. É un momento importante, señor Leiceaga, porque o Partido Socialista sempre aceptou a mensaxe do xefe do Estado. E soamente deu dúas mensaxes, unha en 1981 e a segunda onte, no 2017, dúas mensaxes. Eran iguais.

É certo que, como dicía o socialista François Mitterrand, hai dous tipos de golpes de Estado. Os golpes de Estado que duran un día —o golpe de Estado de 1981— e os golpes de Estado que duran durante meses e anos, que é o que está ocorrendo cos políticos nacionalistas independentistas de Cataluña. Non o digo eu, dicíao François Mitterrand. E o que está ocorrendo neste momento é que hai un golpe de Estado continuado nas institucións da Generalitat de Cataluña, e debemos dicilo claro. E se alguén me quere chamar irresponsable, que mo chame. Asumo o que acabo de dicir porque creo firmemente niso, e moitísimos socialistas tamén.

Por iso, non creo, señor Leiceaga, que nos levantemos desta sesión dicindo que imos reformar o Estatuto. Imos defender a orde constitucional, imos restablecer a democracia en todos os lugares do noso país, imos buscar solucións para un problema territorial de primeira orde —o máis importante dende a Guerra Civil— e imos, señoría, proseguir na democracia constitucional e no Estatuto autonómico de Galicia.

Señor Leiceaga, con todos os respectos, vostede pode dicir o que considere oportuno en relación coa Lei de área sanitaria. Vostede sabe perfectamente que o que se me imputa non o vou facer. Pero, ademais, sábeo, é que lle consta, por notoriedade. Non vou diminuír un ápice a carteira de servizos dos hospitais, en ningún caso. Non vou diminuír un ápice un servizo nun hospital comarcal. Ao contrario, intentarei amplialo e melloralo. Non vou diminuír a calidade nin a prestación nin os dereitos de ningún cidadán. Vou aumentar os dereitos, aumentar as prestacións e aumentar as infraestruturas. (*Aplausos.*) Sábeo perfectamente, e por iso me doe especialmente que o diga.

Primeiro dicíanme que quería ir a Madrid e agora dinme que non me van facer caso en Madrid. A min gustaríame que dixeran exactamente qué é o que teño que facer para orientarme.

Pero en relación coa autoestrada do Atlántico tiñamos tres obxectivos: xestionar a autoestrada, deixar de pagar ese convenio tan intelixente que fixeron os nacionalistas con vostedes de pagar máis de 60 millóns de euros, que levamos pagados xa, nunha peaxe dunha autoestrada estatal, e, terceiro, conseguir a transferencia. Dos tres obxectivos conseguimos dous, que son coxestionar a autopista e deixar de pagar 400 millóns de euros que tiñamos que pagar ata o ano 2048. E, ademais, conseguimos algo importante, señor Leiceaga: que vostede e a señora Pontón queiran a transferencia da autoestrada, iso é importantísimo. É que no ano 2008 —no *Diario de Sesións*— vostede e a señora Pontón votaron en contra da transferencia da autoestrada. Pero, señor Leiceaga, aceptemos a realidade dos feitos, non pasa nada. Vostedes votaron en contra da transferencia da autoestrada. Sei que doe, pero as verdades, aínda que doan, hai que dicilas. (*Aplausos.*) Hai que dicilas, señoría. (*Aplausos.*)

Di vostede, señor Leiceaga, que deberíamos ser máis escoitados en Madrid, e que, se tivesemos tanto poder en Madrid, nos deberían dar a autoestrada, etc. ¿Sabe vostede cantas autoestradas e autovías se están solicitando neste momento, aproveitando a deriva independentista do país? É que vostede mesmo debería de dicir: Mire, nós non imos renunciar a esa transferencia, pero ao mellor imos botarlle unha pensada ao momento en que a imos solicitar. ¿Vostede está de acordo en que se transfiran as autovías que pasan á comunidade autónoma e veñen doutras comunidades?, ¿está de acordo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non farei preguntas. Perdón, señor Leiceaga, por facerlle esa pregunta. Pero ás veces quedo sorprendido de determinados plantexamentos.

Vostede foi ponente da transferencia de tráfico a Galicia no Congreso dos Deputados. Estaba daquela o Goberno Socialista apoiado polos nacionalistas. Vostede foi alí e pediu a transferencia de tráfico. A resposta do Goberno socialista foi que non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois, verá vostede, estamos empatados. (*Aplausos.*) (*Risos.*) Eu sígoo pedindo tamén. ¿Que se me imputa?

Pero hai unha gran diferenza, señor Leiceaga: que nós conseguimos aforrar 400 millóns de euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede ía en representación do presidente da Xunta, é verdade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O señor Leiceaga non nos deixa falar, así que non podemos falar.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero seguiremos falando disto, sen ningunha dúbida.

Pero, como verá, dicir, nun ano que conseguimos a coxestión da autoestrada e aforrar 400 millóns de euros, que isto é unha aldraxe para Galicia —dito polos socialistas e nacionalistas que nos obrigaban a pagar as peaxes da autoestrada e estaban en contra da transferencia— é, cando menos, algo sorprendente.

É certo que o importante é ter valores, é certo. Dos valores que ten o portavoz de En Marea, como non sei cales ten, non me atrevo a dicir se me gustan ou non. Pero recordo con nitidez, cando empezou nisto —que era unha persoa bastante máis prudente—, que dixo nunha entrevista —reitereino o outro día—: Eu son militante da Constitución, e xa sei que no meu partido hai xente que non lle gusta que diga isto, pero eu son militante da Constitución. ¿Por que cambiou ese valor, señor Villares? Agora ¿por que non milita na Constitución? Pero ¿non ve que vostede podía vir aquí co señor Coscubiela, do Parlament de Catalunya, e dicir que non está de acordo con este asunto? É de Podemos tamén. Non lle pasa nada. ¿Íanlle abrir un expediente? ¿Ían botalo do partido? Anova, que está ao seu lado, non soamente lle seguiría pegando codazos senón que o botaría definitivamente do escano. *(Risos.) (Aplausos.)*

Señor Villares, ¿por que non defende o que defendía antes? Defenda vostede o que defendía antes, porque así o respectarán dentro e fóra. Porque, se muda de opinión de forma constante, nin o respectan dentro nin o respectamos fóra. Por iso hai diverxencias no meu partido sobre algunhas cuestións. Eu manteño a miña postura. Hai compañeiros que están de acordo e outros que non, pero manteño a miña postura. Cando estaba na oposición, dicíanme que a oposición había que facela doutro xeito. Recórdoo moito en relación con este asunto. Vostede agora está na oposición, diranlle moitísimas cousas destas. Pero manteña vostede os seus principios se quere seguir de voceiro dese grupo parlamentario. A min non me importa que siga, dígollo de verdade. Non lle podo dicir que estou preocupado pola súa portavocía, pero, se pode vostede seguir, para nós, ben. E dígollo con absoluta tranquilidade e con absoluta cortesía.

Segue vostede dicindo que regalamos 40.000 millóns de euros aos bancos e punto, e dálle igual. A un señor que debería de saber, como mínimo, 28 temas de dereito mercantil, dálle igual. É dicir, o que fixemos foi asegurar os depósitos dos aforradores e di que lles demos 40.000 millóns de euros aos bancos. E vai vostede para aí e segue intoxicando a xente. ¿Que ocorrería se hai un corralito, despois de que o Banco de España estivese mirando para outro lado de forma continuada e constante, despois de que deixaran vender, na época do Partido Socialista, a galegos e galegas 70.000 preferentes? Despois de todo isto, se a xente chega ao banco e non pode retirar ese diñeiro, ¿que ocorrería? Polo tanto, ¿que foi o que fixemos? Inxectar para garantir os depósitos dos aforradores como consecuencia dun desastre do sis-

tema bancario e das caixas de aforros en España durante a época socialista. Iso foi exactamente o que fixemos.

Mire, teño memoria. E para a memoria histórica, tamén. E eu sigo dicindo que non se debería facer unha diferenza para obter a nacionalidade cos fillos e os descendentes dos emigrantes que se foron por motivos da Guerra Civil e os que se foron antes. Penso que os que se foron como consecuencia dun problema económico deberían ter os mesmos dereitos que os que se foron por un problema político. Iso é o que penso e iso é o que digo. E iso é o que dixeron na oposición e o que digo agora no Goberno. Xa sei que a vostede lle dá igual, porque lle dá igual dicir que o PIB, a renda per cápita, que se se divide... Explicoullo moi ben o señor Puy, profesor de facenda pública.

Mire, se somos capaces de exportar moito máis do que exportabamos tendo menos poboación activa, se somos capaces de mellorar o noso produto interior bruto, se somos capaces de que hoxe o produto interior bruto de Galicia sexa superior ao do ano 2008, cando estábamos en plena bonanza económica, ¿iso non é para salientar? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Hai outro profesor que pregunta unha cuestión distinta. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Pero menos mal que acepta que o produto interior bruto galego está por riba do ano 2008. Había moitos profesores en Galicia que dicían que iso sería imposible. Pois si, no primeiro trimestre deste ano estamos por riba do ano 2008. (*Aplausos.*)

Segue dentro dos seus principios e valores e di que dedicamos o diñeiro do ticket eléctrico ás luminarias da Cidade da Cultura, e queda tan campante, vai ao escano e incluso se sente feliz. (*Risos.*) Nós tiñamos un crédito para o ticket eléctrico. Atendemos todas as solicitudes que se presentaron, e o que fixemos con ese diñeiro foi aforrar na factura eléctrica que pagan os galegos a través da Xunta de Galicia. Iso foi o que fixemos e parécelle mal. Imos continuar aforrando o diñeiro dos galegos, porque para nós o diñeiro dos galegos é sagrado.

E, por último, eu comprendo que vostede, dende que dá clase a todo o mundo, di que o leite é masculino. Moi ben. E, entón, a marca é «galega cen por cento». Iso está mal. Pero ¿vostede non distingue o que é unha marca do que é un produto? (*Fortes murmurios.*) ¿Vostede non distingue «galega cen por cento» do leite, do produto? (*Aplausos.*) Non, iso non o distingue. Pero no colmo da cultura e, sobre todo, no colmo da superioridade intelectual, agora resulta que me reprende porque non sei onde está O Barco. E, ademais, repréndeme porque non fun capaz de distinguir que a velutina era o que estaba destrozando o castaño. Señor Villares, non se pode ser tan listillo. O que está destrozando o castaño é a avispiña, non a velutina, señor Villares. (*Fortes murmurios.*) (*Aplausos.*) Non se pode ser tan listillo en todo. (*Aplausos.*) Non se pode ser tan listillo en todo, señor Villares. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Silencio, xa estamos rematando. Tranquilos.

¡Silencio, silencio!

Silencio, xa estamos rematando.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, non hai tempo nesta intervención. Non me pida tempo que non hai tempo, señor Bará. Pero supoño que o presidente está a punto de rematar. Polo tanto, imos aguantar un pouco Tranquilos.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

«O de Sanxenxo é un golpe de Estado, un autogolpe» —30 de maio de 2017, tweet de Luís Villares—. Pois, en fin, así comprende a democracia o señor Villares, que un partido ao que lle faltaron uns centos de votos para a maioría absoluta non pode gobernar, e, sen embargo, o independentismo catalán pode destrozarse absolutamente a convivencia, as leis, a Constitución e o Estado das autonomías.

Hai unha gran diferenza entre vostede e mais eu. Para vostede probablemente o líder máis importante en Cataluña neste momento sexa o señor Rufián. Para min o líder máis importante en Cataluña era o señor Roca. Por iso, a diferenza entre vostede e mais eu en relación con Cataluña é bastante evidente. Se para vostede o señor Rufián é o líder de Cataluña, para min é o señor Roca Junyent. Comprenderá que entre o señor Roca e o señor Rufián hai tanta distancia como entre vostede e eu. Pero, en fin, alá vostede. Reconcíliese coa súa ideoloxía persoal. Non copie de ninguén, diga o que pensa. Pódese ser de En Marea e de Podemos dicindo o que se pensa. E, se non, non merece a pena militar nesa organización política. Se a alguén no Partido Popular, por dicir o que pensa, o expulsamos do partido, non merece militar nese partido e ten que irse. Non pasa nada. Señor Villares, ¿vostede pensa onde vai ir despois de deixar isto? É moi importante, asegúrolllo. Hai que pensalo todos os días, isto é unha cuestión puntual —no meu caso, desde logo—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)* Menos mal que alguén me recorda que os galegos nos seguen votando. Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

Señorías, ao contrario do que pasa noutras comunidades, Galicia ten un goberno estable para catro anos, e ten as únicas preocupacións que concretamos esta mañá, que son o progreso do país e o benestar dos cidadáns. Non temos outras. O orzamento que presentamos o próximo 19 de outubro verá como a innovación será unha das partidas que máis crezan nos presupostos de economía; verán os empregados públicos como asumimos o compromiso da mesa xeral de negociación de outorgar 14.000 empregos estables para sanidade, educación e os servizos públicos; verán os galegos como en xaneiro do ano 2018 baixamos catro veces o imposto: deducións no imposto da renda, deducións no imposto de patrimonio, eliminación do imposto de actos xurídicos documentados para aqueles que queiran investir en polígonos industriais, para aqueles que queiran investir no forestal, no sector agrario ou para aqueles que queiran investir nunha vivenda ou nun edificio nun casco histórico, o da Tinería ou calquera outro.

Galicia adiantará o cumprimento do obxectivo de 60.000 dependentes, que tiñamos para catro anos, á metade da lexislatura. E ímonos consolidar como a comunidade autónoma que máis apoio lles dá ás nais e pais para ter fillos, coa Tarxeta Benvida para as rendas de 22.000 euros durante tres anos e mantendo a Tarxeta Benvida dun ano para as rendas actuais.

Señorías, o resumo obxectivo é que Galicia crece e que Galicia crea emprego, que Galicia está controlando as contas públicas e que paga menos pola débeda pública e paga as facturas. O obxectivo e a realidade é que Galicia está exportando máis ca nunca e investindo máis ca nunca en innovación; que estamos recuperando a automoción, o naval e o téxtil; que a calidade no agro, no mar e na industria seguen sendo os nosos sinais de identidade; que Galicia se abre a sectores novos e que recibe novos investimentos. A realidade, señorías, é que Galicia está mellorando as infraestruturas do transporte, que está facendo un transporte metropolitano e un transporte discrecional mellor e máis barato. A realidade é que Galicia está renovando hospitais, facendo hospitais públicos novos e ampliando os que hai, e finalizando os centros de saúde. A realidade é que estamos incorporando a tecnoloxía á sanidade, estamos rebaixando as listas de espera e ampliando os dereitos dos galegos. A realidade é que temos máis profesores por alumno, máis idiomas e máis ordenadores nas aulas. A realidade é que Galicia é un lugar no que se respecta os maiores. A realidade é que se apoia máis os pais e as nais que queren ter fillos, e que Galicia presume da súa cultura e recibe máis turistas ca nunca. Esa é a realidade, señorías. Ese é o obxectivo do debate do estado da Autonomía, e iso é o que nós plantexamos. *(Aplausos.)*

E por todo isto e máis aínda, Galicia ten capacidade para poñerse novos retos, e a Xunta estará ao carón dos galegos para intentar conseguilos; primeiro, cumprindo coa nosa palabra e, segundo, cumprindo co noso deber.

A Galicia defínea o esforzo, o traballo, a convivencia, o respecto á xente, á xente que non opina coma nós, á xente que opina de forma distinta, á xente que non está de acordo co Goberno da Xunta e á xente que maioritariamente apoia a ese Goberno.

A realidade, señorías, é que a Xunta non ten máis aspiración que ser o reflexo de Galicia, e Galicia ten distintos pensamentos, distintos sentimentos, e todos eles son galegos e todos eles hai que protexer. Por iso practicamos un galeguismo orixinal e non un nacionalismo de copia. Señorías, non queremos un nacionalismo de imitación que vexa que todo o que ocorre fóra de Galicia é o máis importante e que aquí sempre estamos por debaixo dos demais. Pois non, señorías, a independencia á que aspiramos é a independencia dos mozos e das mozas para saír da súa familia cando atopan un traballo. A independencia á que aspiramos é, señorías, ser independentes cada vez máis por ter unhas rendas máis altas, e a nosa democracia é a que nos demos entre todos, non a que nos vén rachar o goberno de turno, a democracia de todos. A nosa declaración é de convivencia entre os galegos. Os galegos non nos imos separar nunca nin nos imos dividir nunca, porque non temos ningún interese en dividirnos nin en separarnos. *(Aplausos.)* Os galegos podemos discutir, os galegos podemos non estar de acordo, pero, desde logo, non nos imos dividir nin nos imos separar.

Miren, señorías, cando hai dous anos pronunciei o discurso nun debate coma este, eu non sabía se ía ser o derradeiro ou non, non xa porque dependía de que votaran os galegos e que os galegos volveran darnos unha maioría excepcional, senón porque nin sequera eu sabía se volvería ser ou non candidato. E hoxe estou aquí como presidente de Galicia outra vez, grazas a eses galegos, grazas a esa xente que nos votou, grazas a un partido que me apoiou. E por iso lles digo a todas as comunidades autónomas e lle digo con total humildade ao resto de España que nós non imos defraudar, que imos ser galegos cen por cento. E iso non nos vai diminuír

un ápice a nosa nacionalidade española e que, en ningún caso, señorías, imos esquecer. ¿Saben por que? Porque sei por que nos elixiron os galegos, porque sei para que nos elixiron os galegos. E non vou fallar nin á miña promesa nin aos meus compromisos. E, como dixeran aquel día e manteño, non hai maior honra que servir a Galicia, ningunha. E se queren saber como vou servir a Galicia namentres sexa presidente na Xunta, será con estes dous mandatos: co mandato da Constitución española e co mandato do Estatuto de autonomía. *(Aplausos.)* Con estes dous mandatos vou servir a Galicia ata ao final, coa Constitución e co Estatuto.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pechado o debate —perdoen un segundo—, voulles comunicar un asunto que é de interese para todas as súas señorías.

Os grupos parlamentarios poderán presentar ata un máximo de 40 propostas de resolución por grupo, referidas, conforme o recollido no Regulamento, ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. O prazo será ata as 10.30 horas de mañá, xoves, día 5 de outubro. No rexistro xeral da Cámara é onde se teñen que presentar.

E posteriormente *(Murmurios.)*... Perdoen un momento, silencio, por favor, este é un tema importante.

Posteriormente, a Mesa, ás 12.00 horas procederá á cualificación e distribución aos grupos de todas as propostas admitidas. Asemade, o prazo para a presentación das propostas transaccionadas e a petición de agrupacións ou votacións separadas das propostas rematará o mesmo día xoves 5 de outubro ás 22.30 horas, que serán cualificadas pola Mesa ao día seguinte, venres 6 de outubro, ás 9.30 horas da mañá.

Nada máis e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ata o venres, día 6, ás once da mañá.

Suspéndese a sesión ás nove e dez minutos da noite



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25